



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. LAXEIRO**

Av. Bos Aires nº 71 - 36500  
LALIN (PONTEVEDRA).  
Telf.: 886151940 – Fax 886151953  
<http://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro>  
email → [ies.laxeiro@edu.xunta.es](mailto:ies.laxeiro@edu.xunta.es)



# PROGRAMACIÓN ORIENTACIÓN EDUCATIVA 2020-21



## INDICE

<b>1.-XUSTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b>	<b>4</b>
<b>1.1.-DESCRIPCIÓN DO CENTRO: OFERTA EDUCATIVA, PLANS E PROGRAMAS</b>	<b>5</b>
<b>1.2.-ALUMNADO</b>	<b>6</b>
<b>2.-DETECCIÓN DE NECESIDADES</b>	<b>7</b>
<b>3.-DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN</b>	<b>11</b>
<b>4.-OBXECTIVOS DO DPTO. DE ORIENTACIÓN</b>	<b>12</b>
<b>4.1.- XERAIS</b>	<b>12</b>
<b>4.2.-ESPECÍFICOS</b>	<b>13</b>
<b>5.-PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS: CRONOGRAMA/TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>14</b>
<b>6.-MEDIDAS DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19</b>	<b>15</b>
<b>7.-ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN E METODOLOXÍA</b>	<b>16</b>
<b>8.-RECURSOS:</b>	<b>17</b>
<b>9.-CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b>	<b>18</b>
<b>10.-PROPOSTAS DE MELLORA</b>	<b>18</b>
<b>11.-FUNDAMENTACIÓN LEGAL</b>	<b>19</b>
<b>12.-BIBLIOGRAFÍA e DOCIMOTECA</b>	<b>22</b>

## ANEXOS

<b>PLAN DE ACCIÓN TITORIAL</b>	<b>26</b>
<b>PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL</b>	<b>39</b>
<b>PLAN DE APOIO Ó PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE</b>	<b>51</b>
<b>CRONOGRAMA</b>	<b>78</b>
<b>PROPOSTA DE PLAN DE ATENCIÓN A REPETIDORES</b>	<b>81</b>
<b>PROPOSTA ATENCIÓN A ALUMNADO CON PENDENTES</b>	<b>85</b>
<b>PROPOSTA PROGRAMAS ESPECÍFICOS PERSONALIZADOS</b>	<b>92</b>
<b>PROGRAMACIÓN PT e AL</b>	<b>109</b>






## 1.-XUSTIFICACIÓN TEÓRICA E BASEADA NO CONTEXTO

Atendendo ao preámbulo da LOMCE (2013), a educación supón (entre outros aspectos) facilitar o desenvolvemento persoal, a integración social, garantindo igualdade de oportunidades e procurando o máximo desenvolvemento das potencialidades da persoa; por iso indica que é necesaria a orientación coma *“un medio necesario para o logro dunha formación personalizada que facilite unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores (art. 1)”*.

O Consello da UE (21/11/2008) explicita que todos os cidadáns deben ter acceso aos servizos de orientación, independentemente de onde residan, sendo por tanto un dereito da sociedade no seu conxunto, e *“corresponde ás administracións educativas promover medidas necesarias para que a titoría persoal do alumnado e a orientación educativa, psicopedagóxica e profesional, constitúan un elemento fundamental... sendo un dos factores que favorece a calidade do ensino”* (art. 2 da LOMCE).

En Galicia o artigo 8.2 do D.86/2015 que establece o currículo da ESO e bacharelato sinala que *“na educación secundaria obrigatoria prestarase especial atención á orientación educativa e profesional do alumnado”* (o art. 27.6 fala do mesmo para o bacharelato). O artigo 16.4 indica que titoría e orientación son moi relevantes pois *“debe garantir un axeitado asesoramento ao alumnado para favorecer a súa continuidade no sistema educativo ou, se for o caso, unha orientación profesional, atendendo ao principio de igualdade entre homes e mulleres”*.

A dimensión do profesional da orientación, plasmada no Plan de Orientación Educativa (POE) concrétase nestas áreas:



O POE busca promover as 7 competencias clave definidas coma "*o bo desempeño en contextos diversos e auténticos baseado na integración e activación de coñecementos, normas, técnicas, procedementos, habilidades e destrezas, actitudes e valores*" (Villa e Poblete, "Aprendizaje basado en competencias" 2008) a través dos 3 plans que o integran e partindo dos principios de:

- planificación    -prevención    -sistematicidade    -curricularidade
- cooperación    - desenvolvemento persoal    - intervención social

A actuación desenvolverase por programas, previa análise e detección de necesidades, priorizando actuacións e intervencións que atendan á totalidade dos membros da comunidade educativa.

### 1.1.-DESCRIPCIÓN DO CENTRO: OFERTA EDUCATIVA, PROGRAMAS E PLANS.

Este curso académico o alumnado distribúese en:

Etapa	Cursos	
<b>ESO</b>	1º ESO (4 grupos) 2º ESO (4 grupos)	3º ESO (3 grupos)+3ºPMAR 4º ESO ACADÉMICAS(3 grupos)
<b>BACHARELATO</b>	1º +2º Ciencias (STEM Bach) 1º+2º HH E CCSS	
<b>FPBásica Electricidade</b>	1º CURSO 2º CURSO	
<b>CICLOS MEDIOS 1º ano+2ºano</b>	Xestión Administrativa Equipos e inst. electrotécnicas Electromecánica de vehículos	
<b>CICLOS SUPERIORES 1º ano+2º ano</b>	Administración e finanzas Mecatrónica industrial	
<b>Bacharelato adultos</b>	1º curso (CCSS+CC ) 2º curso (CCSS+CC )	
<b>ESA</b>	Niveis III e IV	

Este alumnado (próximo aos 650 alumno/as) será atendido por 80 docentes que inclúen profesorado de secundaria, de primaria (caso das docentes de pedagogía terapéutica e docente de audición e linguaxe que son compartida con outro centro) e profesorado de formación profesional. A maioría é definitivo no centro e participan en programas e grupos de traballo para mellorar no seu desempeño. Contaremos cun lector en lingua inglesa.

Ademáis, nas instalacións do centro atópase o Centro de Formación e Recursos.





O seguinte diagrama indica diferentes programas e accións que se realizan o centro.



## 1.2.-ALUMNADO

O alumnado procede tanto do núcleo urbán de Lalín coma do rural dos contornos e doutros concellos (Agolada e Dozón), e puntualmente de Silleda, Rodeiro, Vila de Cruces e outros puntos da xeografía (sobre todo alumnado de ciclos formativos, ESA). Hai transporte escolar e un día á semana comedor escolar (no CEIP Xesús Golmar). As actividades extraescolares vense limitadas pola necesidade de transporte escolar, pero hai un club de lectura e outro de igualdade que se adaptan ao horario e que se desenvolven os luns de 2:30 a 4, e o de ciencias desenvólvese nos recreos.

Unha gran porcentaxe do alumnado é galego-falante, pero está aumentando o alumnado procedente do estranxeiro (República Dominicana, Venezuela, Brasil, Suiza, Marrocos, Paraguai, Andorra, Rumanía, Colombia, Argelia...), e non todos dominan as linguas vehiculares. Non hai problemas destacables de integración pero sí que se considera importante buscar alternativas de ocio saudables, xa que a maioría indica que lle adica bastante tempo ás redes sociais e un grupúsculo coquetea con substancias ilegais fóra do centro.

As familias soen ser, socioeconómicamente, de nivel medio e medio-baixo e aínda que as relacións son cordiais son poucas as que se involucran directamente ou participan na dinámica do centro a través das canles (consello Escolar, ANPA). Maioritariamente teñen adícanse a traballos agrícolas e gandeiros, construción, autónomos, empregados nos polígonos industriais do entorno e profesionais liberais..., buscando a a maioría que os fillos/as acaden alomenos o título de graduado en ESO.

## 2.-DETECCIÓN DE NECESIDADES

Establecemos o seguinte DAFO según o observado no centro:

<b>Debilidades</b>	<b>Ameazas</b>
<p>Claustro que tende a ser apático e participar pouco en proxectos innovadores</p> <p>Pouco profesorado formado en atención á diversidade</p> <p>Mobilidade do profesorado (hai interinos e substitutos que participan de forma puntual en proxectos)</p>	<p>Aumento da ratio de alumnado</p> <p>Aumento de dificultades de aprendizaxe detectados no alumnado</p> <p>Situación de incertidume ante o curso, debido ao COVID-19</p> <p>Familias con pouca implicación no centro</p>
<b>Fortalezas</b>	<b>Oportunidades</b>
<p>Equipo directivo que apoia cambios</p> <p>Docentes con experiencia en desenvolver contratos-programa e proxectos educativos</p> <p>Boa rede de colaboradores fóra do centro</p> <p>Colaboración intercentros dos orientadore/as de primaria e secundaria</p>	<p>Necesidade de cambios metodolóxicos</p> <p>Grupo comprometido de profesorado que desexa participar nestes cambios</p> <p>Actividades de acollida para facilitar ás familias a súa participación</p>



As necesidades da comunidade serán detectadas a través de varias fontes:

- información recollida nas reunións da CCP, da memoria final do curso anterior
- suxestión das reunións dos membros do propio dpto. de orientación, das orientadoras dos centros de primaria e revisión da memoria final do curso anterior
- análise de cuestións formuladas por alumnado e familias a través do Consello Escolar
- percepción do clima de centro por parte do claustro
- entrevistas e conversas formais e informais cos membros do equipo directivo e resto de docentes
- resultados de avaliación inicial e avaliación diagnóstica do curso pasado
- aportacións, suxerencias... que xurdan ao longo do curso por parte de familias e alumnado
- contacto co EOE, CEFORE, CAFI

Para o este curso académico estimamos as seguintes:

#### **a) NECESIDADES PARA O CENTRO**

-Melloras e novas para o Plan de Convivencia e revisión do plan xeral de atención á diversidade coa incorporación de novos protocolos. Tamén implementar o indicado no Plan de Igualdade de centro. Neste novo curso, inclúese o protocolo cara o COVID-19 que consensúan Sanidade e Educación.

-manter as canles de comunicación entre o centro e o entorno, a través de protocolos socioeducativos consensuados e colaboracións (algúns xa se levan a cabo como con Servizos Sociais, CIM, centro de atención ao inmigrante, servizo de Igualdade, Cruz Vermella...).

-Mellora da comunicación e cooperación entre centro e familia, máis aínda ante a posible situación de aillamento social provocada polo COVID-19

-dacordo co D. 8/2015 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia, continuar a desenvolver actividades que a promocionen (Titoría entre iguais, mediación...). Ademais conforme ao Protocolo educativo para a prevención e control do absentismo escolar e ao Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, o departamento pode asesorar á comunidade educativa





sobre medidas e recursos que faciliten a presenza no centro e a participación activa do alumnado no proceso de aprendizaxe.

-continuar coa implantación e promoción de novas metodoloxías educativas (aspectos didácticos e respecto a materiais, instrumentos de avaliación...) que atendan á diversidade

-continuar coa actualización da web do instituto respecto dos servizos do dpto. de orientación.

#### b) **NECESIDADES PARA O ALUMNADO**

-Favorecer a integración de todo o alumnado, e especialmente do alumnado que se incorporan dende primaria e daquel que se incorpore ao longo do curso, con todas as garantías para previr incidencia de COVID-19.

-Axilizar a posta en práctica de medidas de atención á diversidade dende a avaliación inicial, en ACNEAE:

- Procurar a mellora do rendemento académico, redución do fracaso escolar e fomento do hábito lector e TIB no alumnado a través de programas (levamos anos con varios contrato-programas coma Refórza-t, mellora de competencia matemática, lingüística, de excelencia...), coa colaboración dos docentes (Abalar, Plan lector, Edixgal...).

-Continuar coas actividades de educación en valores con especial fincapé nas que fomenten a mellora das relacións e igualdade efectiva entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero e de calquera forma de violencia, convivencia, valores democráticos e solidarios e resolución pacífica de conflitos. No centro está formado un grupo de normalización da diversidade afectivo-sexual e outro de mediación.

-Facer as avaliacións psicopedagóxicas precisas, cos pertinentes informes e tomar as decisións máis axeitas antes as dificultades do alumnado.

-Revisar, actualizar e/ou elaborar reforzos educativos/adaptación curriculares precisas

-Mellorar as medidas de seguimento do alumnado con medidas de atención á diversidade.

-Favorecer a autoorientación, autonomía persoal e toma de decisións vocacionais/profesionais, procurando desenvolver o enfoque de coaching (acompañar ao alumnado no proceso de crecemento persoal e axudalo a transformarse para acadar as súas metas) e partindo da igualdade entre homes e mulleres no acceso ao mundo laboral

-continuar na mellora das actividades do programa de acollida e impulsar as actuacións que reduzan o absentismo (anecdótico no noso centro)



-facer unha detección temperá de dificultades, aplicando test xenéricos (Badig-M...)

**c) NECESIDADES PARA O PROFESORADO**

- Dinamizar e mellorar a acción titorial, priorizando mellora da convivencia
- Implicar ao claustro na función orientadora
- Dar asesoramento sobre orientación académico-profesional (na medida das súas competencias por nivel educativo)
- Facilitar a información sobre o apartado da web do centro, referida ao departamento de orientación, así coma información específica para as familias
- Dar formación, asesoramento e colaboración en posta en práctica de medidas de atención á diversidade
- Informalos sobre medidas e recursos para evitar abandono escolar temperá e absentismo
- Facilitar a formación continua do profesorado, dando a coñecer información relevante (cursos, xornadas, simposios, plataformas de formación online...).

**d) NECESIDADES PARA AS FAMILIAS**

- mellorar a implicación/colaboración das familias no proceso de E/A e fomentar a comunicación co centro
- informalos, no caso de que se poida producir absentismo, das medidas que se tomarán a cabo dende orientación así coma do protocolo establecido pola Xunta.
- informar e orientar ás familias de alumnado con medidas de atención educativa, respecto da evolución dos fillo/as, así coma no coñecemento do sistema educativo e as mellores opcións
- facilitar información xeral para as familias sobre o sistema educativo e alternativas trala etapa obrigatoria, saídas profesionais...


**e) NECESIDADES DOUTROS MEMBROS DO ENTORNO EDUCATIVO**

- manter a colaboración con Servizos Sociais, OMIX, CIM, Servizo de Igualdade, Asociación de Empresarios do Deza, Xuventude, EOE, CEFORÉ (sito no centro), Quérote+, ONG´s... e calquera outra entidade para dar mellor atención aos membros da comunidade educativa.



-impulsar contacto con outras entidades do entorno que faciliten tanto inserción laboral coma desenvolvemento persoal do alumnado, a través de actividades transversais e/ou formativas.

-formación sobre didáctica e novas metodoloxías: ABP, DUA, gamificación, clase invertida...



### 3.-DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

As funcións do DO e da xefatura (art. 5º e 6º do capítulo II da Orde de 24 de xullo de 1998 que establece a organización e funcionamento da orientación en Galicia) abranguen 3 ámbitos de actuación: acción titorial, apoio ó proceso E/A e orientación académica-profesional, que aparecen explicitados nesta programación. As actuacións e actividades que levan a esta finalidade inclúen 3 niveis complementarios:

- a) Titoría: na aula e en cada grupo.
- b) Dpto de orientación: no centro docente
- c) Equipos de Orientación Específica: a nivel provincial

O departamento de Orientación está composto por:

<b>Titora do ámbito sociolingüístico</b>	<b>Profesora de Pedagogía Terapéutica</b>	<b>Titora do ámbito científico-tecnolóxico</b>
Esther E. González Martínez	Nuria Gómez López	Cristina Cuñarro Jácome
<b>Xefatura do DO</b>	<b>Profesora de FOL</b>	<b>Docente Audición e Linguaxe</b>
Ana Gulías Troitiño	Teresa Martínez Palmero	Estela María López Varela



Asemade temos docente de PT compartida co IES Aller Ulloa (Eva Vázquez Vila). As reunións dos membros do DO serán quincenais, os xoves a 3ª hora. Tamén se manterán, con carácter ordinario, reunións trimestrais coas orientadoras do centros de primaria que escolarizan aos seus alumnos en secundaria neste centro:

- CEIP Manuel Rivero (Lalín)    -CEIP Xaquín Loriga (Prado)    -CEIP Agolada
- CEIP Vicente Arias de la Maza (Vilatuxe)    -CEIP Pío Cabanillas (Dozón)

Excepcionalmente recibimos alumnado procedente do centro concertado Sagrado Corazón, do CEIP Xesús Golmar de Lalín, CEIP Varela Buxán de Cercio, do IES Aller Ulloa, doutros centros fóra do concello e anecdóticamente de fóra da comunidade autónoma, e nese caso tamén contactamos cos dptos. de orientación para recoller información que facilite a integración escolar e o rendimento nos estudos.

O Dpto. atópase á disposición dos membros da comunidade educativa, habilitándose un horario de atención á comunidade ao cal se lle dá difusión pública:

-atención a alumnado: luns a venres nos dous recreos

-atención a titores: en función dos horarios dos titores, alomenos cunha periodicidade quincenal.

-atención a familias: aínda que existen fixada dúas horas semanais, daráselles atención da forma máis inmediatea posible cando o soliciten.

Queremos indicar que o dpto., difícilmente dá atendido a todas as demandas, ca que se excede a ratio de profesionais por alumnado (tal como recomenda a UNESCO debería ser de 1 para cada 250 alumno/as). Isto dificulta facer estudos lonxitudinais e investigación dentro do propio dpto.

#### **4.-OBXECTIVOS DO DPTO. DE ORIENTACIÓN** (Decreto 120/98 e O. 24 xullo de 1998).

##### **4.1.-OBXECTIVOS XERAIS**

- a) Promover a orientación educativa e profesional do alumnado, como tarefa de todo o equipo docente.
- b) Participar na avaliación psicopedagóxica do alumnado que precise MAD.
- c) Colaborar e asesorar ao profesorado na planificación de actividades da función tutorial, prevención, detección e atención ás dificultades educativas e problemas de aprendizaxe.



- d) Dar asesoramento aos demais departamentos didácticos para a atención do ACNEAE
- e) Asesorar ao equipo directivo e á CCP na revisión e seguimento do PCC, na elaboración e revisión do PEC incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao ACNEAE e na adecuación dos criterios de promoción e avaliación.
- f) Desenvolver accións para a atención temperá e a prevención de dificultades de desenvolvemento e/ou aprendizaxe, derivadas de condicións desfavorables (sociofamiliares, diversidade funcional...), AACC, incorporación tardía ao sistema educativo, procedencia do estranxeiro...
- g) Informar ao alumnado e familias sobre opcións de estudos, saídas profesionais/académicas... combatendo a fenda de xénero e fomentando a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- h) Colaborar na formulación do Consello Orientador ó remate de cada curso da ESO.
- i) Promove-la cooperación entre centro e familias, e impicalas no proceso educativos dos fillos.
- k) Impulsa-la participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa relacionados co seu ámbito de actuación.
- l) Mellora-la dotación do departamento de orientación, para que leve a cabo con maior eficiencia a súa labor.
- m) Impulsar a convivencia e resolución pacífica de conflitos dentro do centro, como parte da Comisión de Convivencia do centro (a través do Plan de Convivencia).
- n) Continuar coa colaboración con organismos e entidades do entorno, para realización de programas específicos de interese para o alumnado (Servizos Sociais, sanitarios, ONG, Cruz Vermella, Forzas de seguridade...), tomando como base os protocolos da consellería.
- ñ) Potenciar a educación emocional na educación, destacando a presenza especialente na titoría.

#### **4.2.-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**


- a) Continuar dentro do propio departamento co bo clima de traballo, reparto de tarefas e decisións colexiadas.
- b) Establecer boa coordinación co equipo directivo, para o intercambio de propostas e opinións e información que posibilite o desenvolvemento da función orientadora.





- c) Colaborar nas tarefas de información e orientación ás familias, e establecer unha boa relación con entidades do entorno.
- d) Contribuir á mellora da atención do ACNEAE con apoio aos titore/as, para facilitar un bo asesoramento a este alumnado.
- e) Fomentar o contacto continuado e a coordinación co DO dos centros de primaria para o labor orientador conxunto.
- f) Recoller información pertinente a través dos titores sobre alumnado que presentan calquera tipo de dificultade que incida negativamente no seu desempeño, e contribuir na súa resolución.
- g) Proporcionar material bibliográfico, didáctico, información sobre metodoloxía, técnicas e estratexias para solventar estas dificultades.
- h) Prestar especial atención ós posibles casos de bulliing, desigualdade, xenofobia, absentismo, desigualdade e fomenta-lo desenvolvemento de actitudes positivas (respecto ás diferenzas, tolerancia, igualdade, responsabilidade e autonomía, tendo como referente o Plan de convivencia do centro que inclúe nos anexos o Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso e o Protocolo educativo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia).
- i) Dar atención á diversidade partindo do establecido na lexislación (decreto 229/2011).

**5.-PLANIFICACIÓN XERAL E ACCIÓNS PRIORITARIAS:  
 CRONOGRAMA/TEMPORALIZACIÓN**



O cronograma das actividades do Dpto. de Orientación para cada un destes ámbitos detállase nos anexos finais.

## **6.-MEDIDAS DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19**

**ESPAZOS DE AL/PT.** Debido ás características especiais que se dan á hora de traballar neste tipo de aula, adoptamos as seguintes medidas:

- Emprego de máscara como norma xeral.
- Como o punto anterior non sempre pode ser cumprido debido ao traballo específico que se realiza, a aula de AL contará con mamparas de protección que serán empregadas cando sexa necesario.
- Aconséllase ao profesorado destas dúas especialidades que empreguen viseiras protectoras, xa que, en moitas ocasións, o seu labor é incompatible co emprego da máscara.
- Entre cada sesión con presenza de alumnado nesta aula realizarase unha ventilación de cinco minutos e unha limpeza/desinfección dos elementos empregados.

**DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.** Este espazo será empregado para o traballo persoal da xefa do departamento de orientación. As entrevistas familiares realizaranse por medios telemáticos e só de xeito presencial cando sexa absolutamente necesario e sempre con cita previa. Como máximo neste espazo poderán estar dúas persoas, separadas por unha mámpara protectora que se instalará na mesa. Cando sexa preciso atender a máis de unha persoa simultaneamente haberá que buscar outro espazo. Deben manterse as xanela abertas o maior tempo posible. No caso de suspensión temporal da actividade presencial, o departamento de orientación deberá continuar coa súa actividade de xeito telemático. Dixitalizar o maior número de documentos do centro a manexar pola Orientador/a, para evitar a xeración e manipulación de documentos en formato papel.

**MEDIDAS ESPECÍFICAS ACNEAE.** Na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais recoméndase o uso das máscaras dentro e fóra da aula cando non se cumpra coa distancia mínima de seguridade. No caso de non poder facer uso da mesma optárase por outras fórmulas que garantan a protección individual como pode ser o uso de pantallas e mamparas así como a protección colectiva, establecendo grupos de convivencia estable formados polo alumnado do mesmo grupo docente e aula. Neste caso limitaranse as interaccións dos grupos.



O persoal que preste atención a este alumnado valorará o emprego de pantallas/viseiras no caso de que o alumnado non poida facer uso das máscaras e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade.

No caso de que o alumnado non teña autonomía, organizarase o acompañamento deste nas entradas, saídas, traslado polo centro e no momento do recreo, así como na hixiene de mans nos momentos de entrada ao centro, cambio de aula e de actividade, despois de ir ao baño, tras esberrar ou tусir, antes e despois de comer e naqueles casos que sexa preciso, dando sempre marxe ao desenvolvemento da súa autonomía.

- Asignarase un aseo no centro no que se intensificará a limpeza e a desinfección como medida de prevención de risco.
- O departamento de orientación colaborará co equipo Covid na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.
- O centro educativo axustará todas as indicacións e comunicacións dirixidas a este alumnado que ten escolarizado, aos diferentes sistemas de comunicación utilizados co alumnado con necesidades educativas especiais.

Terase en conta o Protocolo de prevención da transmisión da Covid-19 no ACNE para o ámbito educativo (versión 16-9-2020)

No caso de suspensión da actividade lectiva presencial, aplicaranse as normas previstas no Protocolo e no Plan de Adaptación do Centro, así como do presente documento relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible. O centro xa ten previsto un plan de continxencia por se é preciso realizar clases e atención telemáticas (ver documentación da web do instituto).

## **7.-ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN E METODOLOXÍA**

A orientación evolucionou a un modelo sistémico; ademais o alongamento da escolarización obrigatoria e do número de persoas que se forman ao longo da vida, precisa de intervencións máis globais no contexto escolar, e no asesoramento familiar.


As accións descritas anteriormente serán levadas a cabo de forma variada: dende a intervención/asesoramento directa individual (modelo de counseling/coaching) á intervención indirecta individual e/ou grupal (modelo de consulta), e principalmente co modelo de servizos actuando por programas (Rodríguez Espinar, 1993).



Asemade entre os medios e técnicas empregadas podemos destacar:

- a) Consulta de bibliografía especializada
- b) Uso das novas tecnoloxías de comunicación: internet, blogs, web e apps especializadas...
- c) Aplicación de cuestionarios, enquisas, técnicas de observación, probas psicopedagóxicas, fichas de recollida de información, probas estandarizadas de valoración da competencia curricular, tests específicos, contratos condutuais, escalas de estimación...
- d) Aplicación de programas informáticos específicos: baterías diagnósticas, probas de personalidade, estilo de aprendizaxe, toma de decisións...
- e) Charlas-coloquio, sesións informativas, obradoiros, cinefórum, grupos de debate, tests sociométricos, teatro-fórum...
- f) Dinámicas de presentación e de grupos, xogos cooperativos... para as titorías
- g) Cooperación de servicios de saúde, asistencia social, ONG variadas, entidades públicas e privadas... do entorno para participar no desenvolvemento de obradoiros, sesións monográficas de titoría, programas de prevención...
- h) Entrevistas persoais: alumnado, familia.
- i) Revisión de historial académico e documentación dos centros de procedencia.
- k) Consulta colaborativa con docentes, membros do equipo directivo, outros profesionais externos, EOE...

## 8.-RECURSOS





## 9.-CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación da programación do Dpto. de orientación será un proceso continuo, pero debemos destacar 3 momentos claves:

-avaliación inicial: cando se detectan as necesidades.

-avaliación procesual e formativa: ao longo do curso, valorando como se implementaron os diferentes plans e programas, o axuste de obxectivos, contidos, actividades, recursos, tempos... para poder tomar decisións que permitan o seu óptimo desenvolvemento.

-avaliación final: ao remate tanto de cada actividade, programa implementado coma do propio curso académico, valorando o resultado, recollendo propostas de mellora... Isto inclúe que:

- ✓ O propio programa: elaborado conforme ás directrices da CCP, contextualizado e adaptado ás necesidades do centro e dos membros ós que se dirixe (obxectivos, material, coordinación) e que sexa viable.
- ✓ O seu desenvolvemento: axeitado, doado e eficaz, produtivo.
- ✓ Os resultados: o grao de satisfacción dos implicados, dificultades atopadas (carencia de medios, estratexias e técnicas inadecuados), grao de participación, novidade das propostas... Inclúense suxerencias para a elaboración de futuros plans de intervención.

Os instrumentos empregados para recoller estas avaliacións serán variados: dende as reunións periódicas con titores, enquisas ó alumnado/docentes/familia/outras institucións colaboradoras, valoración das opinións dos equipos directivos e departamentos didácticos respecto das actividades desenvolvidas, a consulta colaborativa, escalas estimativas...Cabe sinalar que na medida do posible, procurárase dar resposta a necesidades que vaian xurdindo ó longo do curso e dar cabida ás novas propostas, polo cal os plans de intervención procuraremos que sexan dinámicos e flexibles.

## 10.-PROPOSTAS DE MELLORA

-Continuar coa mellora da documentación do centro (PEC, programación, plan igualdade, convivencia...) adaptándoos ás novas necesidades.





-Continuar coa mellora na implicación de forma máis directa das familias do alumnado e docentes (non só titores/as) tanto na orientación do alumnado como na participación da vida do centro.

-Mantemento da boa coordinación con Servizos Sociais, buscando a súa colaboración para establecer unha Escola de Pais e Nais, con actividades que os animen a participar máis directamente na vida do centro.

-Continuar co asesoramento a calquera persoa que o solicite no Dpto de orientación, xa que nestes últimos tempo apréciase un repunte nas consultas de persoas que están fóra do sistema educativo e queren voltar (acreditar competencias, FP Dual, a distancia, probas libres, FP Básica, probas de acceso variadas...).

-Mellorar o proceso de TDD do alumnado a partir do traballo de coaching do orientador (xerando sintonía co alumno, desenvolvendo expectativas positivas, aumentando a súa autoeficacia, facilitando aprendizaxes e experiencias novas que permitan maior claridade sobre as accións que deben fixar para acadar as súas metas e axudando a soster o cambio...).

## **11.-FUNDAMENTACIÓN LEGAL**

As actuacións do Dpto. de Orientación partirán de normativa legal vixente:

Lexislación básica:

- ✓ Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro, de mellora da calidade educativa
- ✓ Lei orgánica 2/2006 de 3 de maio de educación, título preliminar, título I, capítulo III artigo 22 e título III, capítulo I, artigo 91, 1d.
- ✓ Lei 4/2011 de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- ✓ R.D. 310/2016 de 29 de xullo que regula as avaliacións finais da ESO e bacharelato.
- ✓ DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- ✓ Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia.
- ✓ Decreto 324/1996 de 26 de xullo, que aproba o regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.
- ✓ Orde do 1 de agosto de 1997 que dicta instrucións para desenvolver o decreto 324/1996.



- ✓ Orde de 20 de marzo de 2018 que regula a educación básica para adultos e establece o seu currículo en Galicia.
- ✓ Orde do 20 de xullo de 2009 que regula ensinanzas de bacharelato para adultos na modalidade presencial en Galicia.
- ✓ Circular 4/2015 e 5/2016 da dirección xeral de FP e IE con instrucións para organización e posta en funcionamento da educación de adultos.
- ✓ Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- ✓ Orde do 15 de xuño de 2016 pola que se regula o proceso de admisión nos ciclos de formación profesional de grao medio e superior en réxime ordinario e para adultos.
- ✓ RESOLUCIÓN do 4 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2020/21.
- ✓ Orde 13 de xullo de 2015 que regula a formación profesional básica e o acceso e admisión á mesma.
- ✓ Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- ✓ Resolución conxunta das consellerías de educación, universidade e formación profesional e de sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia.
- ✓ Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- ✓ Circular 4 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros epa e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2020/2021.
- ✓ Circular 5/2020, da Dirección Xeral de educación, Formación Profesional e



Innovación Educativa, para a organización e posta en funcionamento das ensinanzas de bacharelato para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, nos ies e centros epa autorizados para impartilas, no curso 2020/21

- ✓ Resolución do 30 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a posta en marcha de accións de Apoio, Reforzo de Competencias e Orientación dirixidas a centros públicos de educación primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en réxime de concorrencia competitiva, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, durante o curso 2020/21.
- ✓ ORDE do 16 de setembro de 2020 pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2020/21 e pola que se modifica a Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Lexislación específica de orientación, incluíndo MAD:

A normativa legal básica sobre atención á diversidade é a seguinte:

- Orde 6-10-95 (DOG 7-11-95)- Adaptacións curriculares e reforzo educativo.
- Orde 28-10-96 (DOG 28-11-96)– Alumnos con N.E.E. asociadas a sobredotación.
- Orde 31-10-96 (19-12-96)– Avaliación psicopedagóxica de alumnos con N.E.E.
- Decreto 120/98 de 23 de abril – Regulamento da Orientación Educativa en Galicia.(DOG 27/4/98)
- Orde 24/7/98 (DOG 31/7/98)- Organización da Orientación en Galicia.
- Orde 27 de decembro de 2002 (DOG 30/1/03)- Criterios de escolarización de alumnos con NEE.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 (DOG 26/2/04)- Medidas de atención ó alumnado procedente do estranxeiro.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio e Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro para a mellora da calidade da educación
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á Diversidade.
- Decreto 86/2015 que establece o currículo da ESO e bacharelato en Galicia.
- Resolución de 27 de xullo de 2015 ( exencións de francés)
- Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de educación secundaria obrigatoria.

- Orde ECD/65/2015 que describe relacións entre competencias, contidos e criterios de avaliación na EP, ESO e Bacharelato (anexo II que describe orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula).
- ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, FP e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións paa coordinar as actuacións e establecer a acción prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.

E tamén:

- ✓ Plan de Convivencia do Centro
- ✓ Plan de Igualdade de Centro
- ✓ Protocolos de educonvives

## **12.-BIBLIOGRAFÍA E DOCIMOTECA**

### **A) BIBLIOGRAFÍA**

ABAD ABAD, M.L.; MATO MÉNDEZ, E. e OLIVEIRA MALVAR, M. (2011) Datas e datos para lembrar en pé de igualdade... Vigo: Área de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística.

ADELL, M.A.(2004) Estrategias para mejorar el rendimiento académico de los adolescentes. Madrid: Psicología Pirámide.

AJURIAGUERRA, J. (1990) Manual de psiquiatría infantil. Barcelona: Masson.

ÁLVAREZ, M. y BISQUERRA, R. (1996). Manual de orientación y tutoría. Barcelona: Praxis, 337.

ALVARIÑO ALEJANDRO, MD, CARNOTA CARNEIRO, MP., GARCÍA LÓPEZ,A., GONZALÉZ IGLESIAS, F., QUINTELA VIANZ LOBO, M.D (2005) Convivir, vivir con. Xunta de Galicia.

BAILEY, J. (2004) De sexo también se habla. SM. (Madrid)

BINABURO ITURBIDE, J.A e MUÑOZ MAYA, B. (2007) Educar desde el conflicto. Junta de Andalucía.

CUGOTA MATEU.L (2008) Adicciones ¿hablamos?. Ed Parramón. Barcelona

DÍEZ DEL CORRAL, L. (coord) (2016) Competencias para el siglo XXI: proyectos interdisciplinares eso. Madrid. Ed. Santillana.

- DSM-IV-TR. (2009) Manual diagnóstico y estadístico de trastornos mentales. Barcelona: Masson.
- ELIAS, M.J., TOBIAS, S.E. e FRIENDLANDER, B.S. (2001). Educar adolescentes con inteligencia emocional. Barcelona: Plaza y Janés.
- FERNÁNDEZ RODRIGUEZ, C. (2003) Aprender a estudiar. Madrid: Pirámide.
- FUNDACIÓN BERTELSMANN (2015) ¿Cómo orientar profesionalmente a tu hijo? Manual práctico para padres. ED: Fundación Bertelsmann. Barcelona.
- FUNDACIÓN BERTELSMANN (2014) Guía de orientación profesional coordinada. ED: Fundación Bertelsmann. Barcelona.
- GALLEGO CODES, J. (2001) Enseñar a pensar en la escuela. Madrid: Pirámide.
- GARCÍA LABIANO, J.M. (2004) Programa de acción tutorial para la educación secundaria obligatoria. Madrid: CISSPRAXIS.
- GIL MARTÍNEZ, R. (1997) Manual para tutorías y departamentos de orientación. Barcelona: Praxis.
- GÜELL, M. (2005) ¿Por qué he dicho blanco si quería decir negro? Técnicas asertivas para el profesorado y formadores. Barcelona: Grao.
- HERNÁNDEZ FRANCO, V. (coord.. 2015) ¿Cómo orientar profesionalmente a tu hijo? Manual práctico para padres. Fundación Bertelsmann. Barcelona
- IZAL MARIÑOSO, M.C. (200) de valores con preadolescentes. Madrid: CCS.
- JIMÉNEZ ORTEGA, J. (1994). Método práctico de técnicas de estudio. Madrid: Visor.
- MARTÍN, E; MAURI, T. (coords).(2011) Orientación educativa: atención a la diversidad y educación inclusiva. Ed. Grao. Barcelona.
- MARTINEZ, GONZÁLEZ, F; PÉREZ MULET, E; DE LAS HEREAS RENERO, MD. Nexus: programa para la prevención del consumo de drogas. Madrid. Deporte y Vida.
- MEDINA, JA., CEMBRANOS, F. E MEGÍAS, I. (1996) Y tú que piensas. Madrid: FAD
- MINISTERIO DE EMPLEO Y SEGURIDAD SOCIAL (2015) Manual de apoyo para la prevención y detección del racismo, la xenofobia y otras formas de intolerancia en las aulas. Madrid.
- MUZÁS RUBIO, M.D., OPESA, E. e ZÁRATE ARGOTE, A. (2010) Preparo mi futuro: programa para la toma de decisión en la ESO. San Sebastián: Ed. Donostiarra.
- PÉREZ DE PABLOS, S. (2003) El papel de los padres en el éxito escolar de los hijos. Madrid: Aguilar.
- RIVAS, F. (1995). Manual de asesoramiento y orientación vocacional. Madrid: Síntesis, 383-419.



RODRIGUEZ, N. (2004) Guerra en las aulas: cómo tratar a los chicos violentos y a los que sufren sus abusos (4 a 16 años). Madrid: Ed. Temas de Hoy SA.

RODRIGUEZ DE LA TORRE, M.E. (2003) Stop al fracaso escolar: el cerebro al 100%. Barcelona: Grijalbo.

RODRÍGUEZ ESPINAR, S. (coord.), ÁLVAREZ, M., Echeverría, B. y Marín, M.A. (1993). Teoría y práctica de la orientación educativa. Barcelona: PPU.

SABER PARA VIVIR e QUE ME DICES (varios monográficos de varios años comprendidos entre 2006-2010) Vigo: Nova Galicia Edicións.

SELVINI PALAZZOLI, M. (1990) El mago sin magia. Barcelona: Paidós Educación.

SOBRADO FERNANDEZ, L. (ed)(1998) Estratexias de orientación psicopedagóxica no ensino secundario. Santiago: Laiovento.

SOBRADO FERNANDEZ, L.(1990) Intervención psicopedagógica y orientación educativa. Barcelona: PPU.

TORREGO, J.C. (coord., 2014) 8 ideas clave: la tutoría en los centros educativos. Ed. Grao Barcelona.

URRA PORTILLO, J. (2004) Escuela práctica para padres. Madrid: La esfera de los libros

VAELLO ORTS, J. (2003) Resolución de conflictos na aula. Ed. Santillana

VALLEJO-NÁGERA, J.A (DIR.) (1991) Guía práctica de psicología. Madrid: Temas de Hoy.

VVAA. (2001) Cómo tomar decisiones sobre o teu futuro: guía de orientación vivencial para adolescentes. Servizo Galego de Igualdade: Xunta de Galicia.

VVAA(2015) Manual de apoyo para la prevención y detección del racismo, la xenofobia y otras formas de intolerancia en las aulas. Ministerio de Empleo y seguridad social.

VOZ DE GALICIA ¿Qué quiero estudiar? Guía de estudios superiores 2020-21

ZÁRATE ARGOTE, A, MUZÁS RUBIO, M.D e PÉREZ PRESA, E. (2008) ¡Me decido! Programa para la toma de decisión en el bachillerato. San Sebastián: Ed. Donostiarra.

## **B) DOCIMOTECA**

CUETOS VEGA, F., RAMOS SÁNCHEZ, J.L. e RUANO HERNÁNDEZ, E. (2004) Proesc- evaluación de procesos de escritura. Madrid: TEA.

FERNANDEZ SEARA, J. e ANDRADE, F. (1983) CIPSA: test de intereses profesionales. Madrid: TEA.

GARCIA VIDAL, J., GONZALEZ MANJÓN, D. e GARCÍA PÉREZ, M.(1998) Bateria Psicoledagógica Evalúa (6, 8, 9,10) Madrid: EOS.

GLASSER, A.J. e ZIMMERMAN, I.L. (1983) Interpretación clínica de la escala de Inteligencia de Wechsler para niños. Madrid: TEA.



KAUFMAN, A.S. e KAUFMAN, N.L. (1983) Evaluación clínica de los niños con las escalas McCarthy. Madrid: TEA.

KAUFMAN, A.S. e KAUFMAN, N.L.(2000) Test breve de inteligencia de Kaufman-K-Bit. Madrid: Tea.

RAMOS, J.L. e CUETOS, F.(2009)Evaluación de procesos lectores- PROLEC-SE. Madrid:TEA.

RIAS (escalas de inteligencia de Reynolds) e RIST (Test de inteligencia Breve de Reynolds) (2009) Manual. Madrid: TEA.

YUSTE, C., MARTÍNEZ, R e GALVE, J.L. (1998) BADIYG- Batería de aptitudes diferenciales y generales (E1, E2, E3,M,S) Madrid: CEPE.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. LAXEIRO**

Av. Bos Aires nº 71 - 36500  
LALIN (PONTEVEDRA).  
Telf.: 886151940 – Fax 886151953  
<http://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro>  
email → [ies.laxeiro@edu.xunta.es](mailto:ies.laxeiro@edu.xunta.es)



PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

# PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

Dpto. de Orientación



## INDICE

<b>1.-INTRODUCCIÓN</b>	<b>28</b>
<b>2.-OBXECTIVOS DO PAT</b>	<b>29</b>
<b>3.-AMBITOS DE ACTUACIÓN</b>	<b>30</b>
<b>3.1.-PROFESORADO</b>	<b>30</b>
<b>3.2.- ALUMNADO</b>	<b>30</b>
<b>3.3.-FAMILIAS</b>	<b>32</b>
<b>4.-CONTIDOS/ACTIVIDADES E CRONOGRAMA</b>	<b>34</b>
<b>5.-METODOLOXÍA E RECURSOS</b>	<b>35</b>
<b>6.-AVALIACIÓN DO PAT</b>	<b>37</b>



## 1.-INTRODUCCIÓN

No D. 86/2015, ao longo do artigo 4 fálase dos elementos transversais do currículo e fai fincapé naqueles relacionados coa igualdade de xénero, prevención da violencia de xénero ou contra persoas con diversidade funcional, non discriminación, resolución pacífica de conflitos, e promoción de valores como igualdade, xustiza, paz, respecto a dereitos humanos, pluralidade, rexeitamento de racismo, xenofobia, terrorismo e calquer outro tipo de violencia, sexismo ou discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, fomento de educación e seguridade viaria.... aspectos moi vencellados ao Plan de Acción Titorial (ao marxe de ser tratados nos currículos).

O PAT é a planificación específica (pertencente á programación anual do DO e incluída no POE e no Plan Anual de Centro) das actividades propias das titorías e procura a mellor atención e o desenvolvemento integral (persoal, académico) dun grupo concreto de alumno/as.

Trátase dun documento dinámico e flexible que tenta dar cabida as actividades programadas, as suxerencias de titores, necesidades e intereses do alumnado, novas propostas... Elaborado polo dpto. de orientación que asesora, propón tarefas e actividades para desenvolver os obxectivos plantexados, facilita/elabora material e participa na avaliación do desenvolvemento da función titorial. Esta función é responsabilidade do titor/a e desempeñase en contacto directo cos demais docentes dese grupo, e baixo a coordinación da xefatura de estudos. Dende o DO procuraranse habilitar as canles que fagan que esta coordinación sexa fluída para que repercuta favorablemente na:

- planificación de obxectivos, contidos e actividades
- no seguimento individualizado dos alumnos/as e facer propostas de intervención necesarias
- na coordinación da acción educativa do equipo docente
- na información sobre aspectos do desenvolvemento do alumnado tanto ás familias como entre profesorado



A titoría debe desenvolverse de forma dinámica e activa, cunha planificación sistemática, contándo coa colaboración da comunidade educativa e ao ser un proceso contínuo, debe supor tamén unha aprendizaxe.

Tendo en conta que no IES Laxeiro impártese ESO, Bacharelato das modalidades Humanidades e Ciencias Sociais e Ciencias, ciclos formativos de grao medio e superior, FP Básica e Educación de adultos (ESA e Bacharelato), o PAT contempla obxectivos e actuacións para estas etapas educativas (con fincapé na etapa obrigatoria).

## 2.-OBXECTIVOS XERAIS DO PAT

- a) impulsa-lo desenvolvemento psicosocial dos alumnos
  - facilitar a integración na etapa e no grupo-clase
  - desenvolver de xeito adecuado a autoestima e autoconcepto
  - desenvolve-la madurez vocacional, asesorando na toma de decisión que afecten ó seu futuro
  - impulsar a interacción entre compañeiros, o sentimento de pertenza ao grupo e procurando evitar casos de absentismo, abandono
- b) optimiza-lo proceso de E/A
  - detectar dificultades de aprendizaxe, principalmente nas instrumentais e nas TTI
  - coordinar as respostas educativas pertinentes, a nivel de grupo ou individualmente, para solventar estas dificultades
  - cooperar nos procesos de avaliación e promoción
  - facilitar a reflexión e implicación dos alumnos/as nas súas aprendizaxes e en como melloralas
- c) orientar ós pais/nais e implicalos na labor educativa
  - fomentar a participación dos pais nas actividades de centro
  - proporcionarlles información sobre a evolución dos fillos/as
  - asesorar na resolución dos conflitos ou situacións problemáticas que os fillo/as poidan ter
  - solicitar a súa colaboración nas actividades de reforzo, apoio escolar, redución de absentimo, mellora de motivación... que sexan precisas para os fillos/as
- d) coordina-la acción educativa dos docentes do grupo
  - axuste das programacións ás necesidades educativas do grupo-clase e dos alumnos individualmente considerados
  - asesorar na avaliación e promoción de curso e na toma de decisións sobre alternativas educativas ao alumnado





### **3.-AMBITOS DE ACTUACIÓN**

#### **3.1.- PROFESORADO**

A acción titorial pretende coordina-las accións educativas/orientadoras dos docentes dun grupo-clase, dinamizando as actividades de E/A e orientación. Os obxectivos serán:

- obter e aportar información relevante, individual e grupal, aos demais docentes do grupo
- informar ás familias das medidas de atención á diversidade seguidas e da súa pertinencia
- realizar o seguimento do alumnado con necesidades educativas especiais e canaliza-las pertinentes suxerencias ó DO e Xefatura de Estudos
- realizar as actuacións que desenvolvan os obxectivos do PAT


#### **3.2.-ALUMNADO**

Todas e cada unha das actividades diarias que se desenvolven no centro de ensino están implicadas nesta labor: dende as clases ata o xogo nos períodos de lecer, o transporte no autobús ou á hora da comida, por exemplo. É precisamente nas tarefas máis cotiás onde se adquiren e reforzan noções como a responsabilidade, o diálogo, o respecto aos dereitos dos demais, a tolerancia e o sentido crítico.

Por suposto, a aprendizaxe destas capacidades para a convivencia non debe deixarse ao chou. Por iso é función da acción titorial observalo, corrixilo e dirixilo axeitadamente.

A acción grupal e individual orientarase aos ámbitos de ensinar a ser persoa e ensinar a convivir, relacionados principalmente coas competencias de aprender a aprender, autonomía e iniciativa persoal, social e cidadá. Buscarase un horario de coordinación cos tiores da para tratar estes aspectos co alumnado. Algúns dos programas que directamente se desenvolverán dende o departamento de orientación, a través das titorías e de forma transversal dentro doutras áreas curriculares.


En canto ás titorías, existe un amplo número de actividades que o profesorado-titor pode levar a cabo co seu grupo-clase co fin de mellorar a cohesión do grupo e establecer relacións interpersoais satisfactorias.



En calquera caso, os obxectivos a acadar co desenvolvemento de ditas actividades serán os seguintes:

- Que o grupo-clase funcione como tal, dentro da estrutura global de todo o centro educativo.
- Que o alumnado tome conciencia de grupo, de que forman parte dun colectivo.
- Que cada alumno e alumna, e cada grupo-clase, coñeza, acepte, acorde e cumpra unhas normas de comportamento e convivencia sen as cales a organización pode ser caótica e desastrosa.

Inclúense actividades que fomenten a convivencia escolar coma:



Para iso actuamos en colaboración con outras entidades (*Quérote+, Oficina de Igualdade, CIM, Clases sen fume, Pantallas Amigas, Agareso, Cruz Vermella, Nós Mesmas, Atalaia.Social, OMIX, ONG variadas...*) que aparecen recollidos no apartado 4. E seguiranse as indicacións sobre conmemoracións a celebrar durante o curso escolar recollidas no calendario escolar. Incluimos dentro da documentación o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso da Consellería, o Protocolo de prevención de Absentismo escolar en Galicia, o Plan de Igualdade de centro e o protocolo de actuación ante COVID-19.

### 3.3.-FAMILIAS

Facilitarase a comunicación, intercambio de información e opinións sobre o alumnado, entre familias e profesorado e fomentarase a participación no proceso educativo e orientador dos fillo/as. Os obxectivos inclúen:

- fomentar a participación nas reunións de familias que se realicen ao longo do curso académico
- realizar entrevistas individuais, a petición do equipo de docentes ou da familia
- manter un horario de atención semanal
- informar sobre a marcha académica dos fillos/as e sobre calquera tema que repercuta no mesmo
- contribuir á dinamización da ANPA
- o programa Alerta Escolar:



### ¿Qué é?

É un programa posto en marcha dende o 2007-08 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación 061, que ten como obxectivo a atención inmediata e eficiente do alumnado que presente unha patoloxía crónica e pode desenvolver en calquera momento unha crise.

Este programa posibilitará a súa asistencia e que o profesorado teña cobertura de persoal médico que conte con coñecementos do alumnado con esta problemática.

### ¿A quen afecta?

A alumnado que presente:

- alergias
- epilepsia
- diabetes

Dado que no centro existen estas patoloxías, informamos ao conxunto da comunidade educativa e especialmente ás familias, para que coñezan o programa e o soliciten, se o desexan.

### ¿Cómo inscribirse?

- 1.-Aportar informe médico co diagnóstico e recomendacións asistenciais.

- 2.-Cubrir o formulario de Alerta Escolar coa declaración de conformidade de rexistro dos datos do menor.
- 3.-O centro tramitará o expediente con Urgencias Sanitarias 061.

### ¿Cómo procede o 061?

- 1.-Contacta co centro para confirmar o rexistro do menor.
- 2.-No caso de que o menor precise algunha especialidade farmacéutica (adrenalina, prednisona....), deberá ser aportada pola familia co nome do alumno/a rotulado e renovala cada curso.
- 3.-No caso de emerxencia, crise... o centro contactará co 061, facilitará o estado do menor e o persoal médico fará indicacións de cómo atender a emerxencia ademáis de mobilizar o recurso preciso (ambulancia...) e indicar canto tardará en chegar ao centro.

As familias ou membros da comunidade educativa interesados, deben comunicarse con orientación (886 15 19 45). Dado que se trata de información sensible (datos médicos de menores), manterase o debido silleo e confidencialidade dos datos (protocolo de protección de datos en educación).

Para levar a cabo a acción titorial pretendemos establecer un horario de coordinación semanal cos titores/as.

### 4.- CONTIDOS/ACTIVIDADES E CRONOGRAMA

A seguinte secuenciación queda suxeita, nalgúns actividades, á planificación doutras actividades de titoría e a cambios derivados a circunstancias externas (un posible rebrote e confinamento temporal por COVID-19). Nas reunións de coordinación cós titores, vanse introducindo suxerencias, câmbios, melloras... sobre metodoloxías mais eficaces, temporalización, contidos e temáticas de interese para o alumnado.

Grupos	1º-2º ESO			3º-4º ESO			FPB	
	1º	2º	3º	1º	2º	3º	1º	2º
<b>Acollida e convivencia no centro: coñezo e coñécenme, os dereitos e deberes, elección de delegado/a</b>	•			•				
<b>Motivación</b>							•	
<b>Aproveitando o meu tempo de traballo (TE,TTI)</b>	•			•				



<b>Día das mulleres/día do consumo responsable</b>		•			•			
<b>Obradoiro de convivencia e resolución de conflitos</b>	•			•				
<b>Uso responsable das TIC: Pantallas Amigas</b>					•			•
<b>Educación en e para a saúde (sexualidade-afectividade, imaxe corporal, racismo e xenofobia, alimentación sá, condutas adictivas,,): A cerca de ti, Quérote + e Cruz Vermella</b>		•	•		•	•		
<b>Charlas do Plan Director de convivencia (temáticas variadas)</b>		•						•
<b>Clases sen fume</b>	•	•						
<b>Violencia de xénero, igualdade e estereotipos (Servizo Igualdade)/Día contra a violencia de xénero</b>	•			•				•
<b>Diversidade afectivo sexual: seminario (3º ESO) e métodos anticonceptivos</b>						•		

## 5.-METODOLOXÍA E RECURSOS

A metodoloxía empregada participará dos seguintes principios:

- a acción titorial terá dobre dimensión: grupal e individual
- potenciarase o traballo cooperativo, a participación e protagonismo do alumnado
- buscarase o desenvolvemento de actitudes positivas: aceptación, empatía, confianza, respeto, solidariedade, tolerancia...
- rexeitaranse actitudes negativas: discriminación, autoritarismo, sobreprotección
- atenderase á diversidade e ás necesidades do alumnos
- será revisable, didáctica e participativa, con actividades atractivas para os alumnos
- revisión de programas, axuste de actividades/temporalización/recursos para optimizalos e adaptarse mellor ó grupo-clase.

As técnicas e os recursos empregados abarcarán tanto os disponibles no centro coma externos:

- bibliografías, monografías, cadernos titoriais, webs específicas, folletos informativos...
- técnicas sociométricas, dinámicas de grupo e de presentación (remuíño de ideas, debate dirixido, phillips 666, role-playing/ensaio de conduta, dilemas morais, sociodrama, modelado...)





-entrevistas, cuestionarios de avaliación, observación participante, escalas valorativas....

-charlas e coloquios, obradoiros, TIC´s variadas...

Para iso, dende o DO estableceranse contactos con entidades do entorno: concellalía de cultura, Cruz Vermella, Escola Galega de Consumo, Oficina Municipal de Información Xuvenil e Centro de Información á Muller, Seminario Galego de Educación pola Paz, Quérote+.... coa fin de ofertar actividades de interés (obradoiros de publicidade e consumo responsable, prevención de violencia, programas de saúde, educación socioemocional, habilidades sociais e comunicativas, toma de decisións, educación vial, ambiental....).

Tamén se manterá contactos con grupos de traballo e actividades do centro (biblioteca, clube de lectura...) para plantexar novos obradoiros e accións transversais.

Recursos web (escolma):

#### **Acción tutorial**

[www.mezclate.es](http://www.mezclate.es)

[www.uhu.es/cine.educacion/cineyeducacion/index.htm](http://www.uhu.es/cine.educacion/cineyeducacion/index.htm)

[http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2006/aprender\\_estudiar/index2.html](http://ntic.educacion.es/w3/eos/MaterialesEducativos/mem2006/aprender_estudiar/index2.html)

[www.alimentacionyvida.org/adol-Portada.html](http://www.alimentacionyvida.org/adol-Portada.html)

[www.un.org/es/letsfightracism](http://www.un.org/es/letsfightracism)

[www.fad.es](http://www.fad.es)

<http://www.pearltrees.com/t/tecnicas-estudo/id6056787#item159872142/1802>

[www.hablemosdedrogas.org](http://www.hablemosdedrogas.org)

<http://enmarchaconlastic.educarex.es/violencia-de-genero-en-la-red>

[www.dgt.es/educacionvial/DGT-Home\\_buscar\\_.html](http://www.dgt.es/educacionvial/DGT-Home_buscar_.html)

[www.xuventude.net/querote-mais.html](http://www.xuventude.net/querote-mais.html)

<http://orientacion.blogia.com/2015/102301-recursos-web-sobre-habitos-e-tecnicas-de-estudo.php>

[www.padresycolegios.com](http://www.padresycolegios.com)

[www.cienciafacil.com](http://www.cienciafacil.com)

[www.movimientocontralaintolerancia.com](http://www.movimientocontralaintolerancia.com)

[www.pnsd.msc.es](http://www.pnsd.msc.es)

[www.educacionenvalores.org](http://www.educacionenvalores.org)

<http://mariajosediaz-aguado.tk>

[www.sgep.org](http://www.sgep.org)

<http://familiasenruta.com/fnr-crianza/crianza-viajera/literatura-infantil-y-juvenil-sexista-y-coeducativa/>

<http://internetamiga.net/>

[www.brujulaeducativa.com](http://www.brujulaeducativa.com)



[www.seguridad-vial.com](http://www.seguridad-vial.com)

<http://www.youtube.com/watch?v=YEbaY0Mhbb0> (aprender a estudiar)

<http://www.youtube.com/watch?v=gzFQ9f5Bdmq> (facer resumes)

<http://www.youtube.com/watch?v=M2CKhKb4bHY&list=PL2B81BA4D22D5B0CB> (reglas mnemotecnia)

<http://www.youtube.com/watch?v=Hw2CI5vU7JA> (lectura comprensiva)

<http://www.youtube.com/watch?v=RS0Pk-uN9io> (reducir faltas de ortografía)

<http://www.youtube.com/watch?v=U9UImo7nxy0> (faltas de puntuación)

<http://www.youtube.com/watch?v=SfLSJD3il8Q> (técnicas de estudio)

<http://www.youtube.com/watch?v=3dCJeNnZw60> (técnicas de estudio)

<http://www.youtube.com/watch?v=mBxXDoUeDp8> (estilos de aprendizaxe e técnicas de memorización)

<http://www.youtube.com/watch?v=tR99oeLUICA> (falar en público)

web Discover: aprendiendo a vivir (programas de prevención educativa 1º a 4º ESO)

[www.lasdrogas.info](http://www.lasdrogas.info)

[www.educacion2.com](http://www.educacion2.com)

[www.educabarrie.org](http://www.educabarrie.org)

<http://habitosdeestudio.umh.es/>

<http://orientapas.blogspot.com.es/>

<http://enmarchaconlastic.educarex.es>

[www.conectadoseljuego.com](http://www.conectadoseljuego.com) e [www.conectadosenfamilia.com](http://www.conectadosenfamilia.com)

<http://www.educaciontrespuntocero.com/noticias/cortometrajes-educar-en-valores/16455.html>

[www.educalike.es](http://www.educalike.es)

[www.kolokon.com](http://www.kolokon.com)

[www.tupunto.org](http://www.tupunto.org)

Colección de libros ¿Qué puedo hacer cuando...? da editorial TEA

<http://www.educacionyfp.gob.es/educacion/mc/convivencia-escolar/inicio.html>

[https://www.youtube.com/watch?v=X1t9ZrJsF\\_M](https://www.youtube.com/watch?v=X1t9ZrJsF_M) (TEI)

[https://hautatzen.net/promover-la-convivencia-en-la\\_26/](https://hautatzen.net/promover-la-convivencia-en-la_26/)

<https://www.orientacionandujar.es/2011/09/04/actividades-y-dinamicas-primeros-dias-de-clase-infantil-primaria-secundaria-nee-y-compensatoria/>

<http://apoclam.org/sites-proyectos/con-vivencia/indice.html>

## 6.-AVALIACIÓN DO PAT

As reunións de coordinación titorial serán unha fonte de recollida de información que permitirá valorar a adecuación de obxectivos definidos, actividades (aspectos positivos e negativos, nivel de motivación e interese para alumnado, problemas xurdidos..), recursos



empregados (humanos, materiais, aspectos inapropiados, grao de interese dos mesmos), adecuación da temporalización (horarios de titorías, calendario de actividades trimestrais...), grao de implicación e satisfacción acadado polos participantes, dificultades atopadas, novas suxerencias, adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación...

Triangularase a información de titores, alumnado e membros da CCP; dependendo das actividades poderase facer trimestralmente ou ben ao rematar o curso. Recollerase con instrumentos e procedementos variados: observación directa e participante no desenvolvemento de actividades, cuestionarios, debates en clase, revisión de documentación do centro, escalas de valoración...

Na memoria final do DO recolleranse os aspectos máis salientables.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**I.E.S. LAXEIRO**

Av. Bos Aires nº 71 - 36500  
LALIN (PONTEVEDRA).  
Telf.: 886151940 – Fax 886151953  
<http://edu.xunta.es/centros/ieslaxeiro>  
email → [ies.laxeiro@edu.xunta.es](mailto:ies.laxeiro@edu.xunta.es)



# PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICO-PROFESIONAL




## INDICE

<b>1.-INTRODUCCIÓN</b>	<b>41</b>
<b>2.-PRINCIPIOS DO POAP</b>	<b>41</b>
<b>3.-OBXECTIVOS</b>	<b>42</b>
<b>4.-CONTIDOS/ACTIVIDADES E CRONOGRAMA</b>	<b>44</b>
<b>4.1.-DIRIXIDOS A ALUMNADO</b>	<b>44</b>
<b>4.2.- DIRIXIDOS A TITORES/AS</b>	<b>45</b>
<b>4.3.-DIRIXIDOS A FAMILIAS</b>	<b>46</b>
<b>5.-METODOLOXÍA E RECURSOS</b>	<b>47</b>
<b>6.-AVALIACIÓN</b>	<b>50</b>

## 1.-INTRODUCCIÓN

A orientación educativa abrangue tanto aspectos académicos coma profesionais, laborais... o que inclúe a facilitación do seu autocoñecemento, da súa autonomía e autorresponsabilidade na toma de decisións ante as diferentes opcións que a educación e a vida lle ofrecerán ao alumnado. De ahí a importancia dun axeitado nivel de madurez persoal e vocacional, que permita a cada alumno/a dispor de habilidades e estratexias de busca activa de información, capacidade de elección e reflexión.

A capacidade de *tomar decisións* académicas/profesionais debe desenvolverse ó longo de toda a etapa e ser totalmente conseguida ó final da etapa, para facilitar a decisión sobre o futuro académico e laboral e tamén en calquera outro eido da súa vida. Neste ámbito as estratexias de recollida de información, análise reflexiva, ponderación das consecuencias... serán fundamentais. A función do orientador será a de contribuir no proceso de axuda para que o alumno/a se transforme e actúe para acadar as metas.



## 2.-PRINCIPIOS DO POAP

- O Plan de Orientación Académico-Profesional terá en conta características do alumnado (desenvolvemento evolutivo) á hora de ser programado.
- Dada a importancia da TDD, contemplaranse actuacións para a ESO, Bacharelato, ciclos, FP Básica.





- c) O desenvolvemento da madurez vocacional e a TDD considéranse un proceso contínuo que permitirá ao alumno/a decidir a partir do seu autocoñecemento, as alternativas que se lle presentan, reflexionar... de forma autónoma e responsable. Para iso será indispensable a inicial axuda de familia, docentes e dpto. orientación.

### 3.-OBXECTIVOS

O POAP busca:

- facilitar ao alumnado un axeitado coñecemento de sí mesmo, do sistema educativo, das alternativas e do ambiente sociolaboral e profesional do entorno
- proporcionarlle os medios para que desenvolvan as habilidades de busca de información, tratamento da mesma (análise, reflexión, capacidade crítica) e chegar á toma de decisións dunha elección madura e responsable de estudos/profesións.
- orientar e dar apoio a docentes e familias para que axuden ao alumnado a un mellor coñecemento das súas posibilidades e intereses, e contribúan á toma das decisións máis axeitadas cara o seu futuro educativo/laboral.

A nivel específico podemos sinalar 2 contidos diferenciados, que logo se desenvolverán nos programas explicitados nos anexos:

<b>ALUMNOS QUE CONTINUEN VÍA ACADÉMICA</b>	<b>ALUMNOS QUE ABANDONEN SISTEMA EDUCATIVO E INICIEN VIDA LABORAL</b>
<p>-Axudar a coñecer e distinguir as súas aptitudes, preferencias, competencias... que condicionan as decisións vocacionais</p> <p>-Proporcionar información sobre itinerarios académicos:</p> <p>*probas para obtención de título en graduado en ESO e en bacharel (RD. 310/2016)</p> <p>* formación profesional grao medio e superior</p> <p>*modalidades de Bacharelato e correlato con FP grao superior e titulacións universitarias (graos, masters)</p> <p>*optatividade nas etapas, PMAR, modalidades de 4º ESO e vinculación con posteriores</p>	<p>-Fomentar desenvolvemento de habilidades que analicen as características dos perfís profesionais e as cualidades que requiren para que o alumno/a realice a elección de forma madura</p> <p>-Desenvolver destrezas de busca de emprego e toma de contacto coa oferta (elaboración de e-CV, currículum europeo, role-playing de entrevista laboral...)</p> <p>-Familiarizar ós alumnos con conceptos da relación laboral (contratos, salarios,dereitos...) en colaboración co docente de FOL</p> <p>-Información básica de busca de información:</p>



estudios

\*oferta formativa de centros do entorno, CCAA e a nivel estatal

\*probas de acceso varias, bolsas de estudio, residencias universitarias e CRD, plans de estudos, probas de acceso a certas titulacións...

\*probas libres para diversas titulacións

\*outras opcións formativo-laborais

emprego público, INEM, SGC, novas tecnoloxías, autoemprego, coworking, formación online...

-recursos do entorno e situación actual


-acreditación de unidades de competencia profesional, certificados de profesionalidade e niveis de cualificación, FPBásica

-accións formativas de cara á inserción laboral...

\*probas de acceso varias, bolsas de estudio, residencias universitarias e CRD, plans de estudos, probas de acceso a certas titulacións...

\*probas libres para diversas titulacións

# Fases para la orientación





## 4.-CONTIDOS/ACTIVIDADES E CRONOGRAMA

### 4.1.-DIRIXIDOS AO ALUMNADO

-busqueda activa de información e fontes: guías, folletos, programas informáticos, bibliografía especializada, centros de información do entorno, internet, documentación sobre centros (oferta educativa, direccións, teléfonos de contacto)...sobre opcións educativas e profesionais.

-programa de orientación vocacional: autoconhecimento persoal (posibilidades, limitacións, habilidades inter e intrapersoais, motivación, intereses, valores, gustos, destrezas, aptitudes, coñecementos...) e descubrir información relevante, sistema educativo e itinerarios, mundo laboral e do entorno (coa colaboración do FOL: campos e perfís profesionais, busca de emprego, saídas profesionais do estudio elixido, coñecemento do entorno produtivo, competencias profesionais...), reflexionar sobre as alternativas, toma de decisión vocacionais...

-Charlas informativas ós alumnos de 3º e 4º ESO, 2º bacharelato, 2º curso ciclos e adultos.

-introducción de sesión laborais: ciclos formativos, onde cursalos, FP Básica, axudas económicas, CRD, saídas laborais, autoemprego, itinerarios educativos e saídas profesionais, datos de inserción laboral, perfís profesionais máis demandados...

-Contacto do DO: paneis informativos por temáticas (FP, universidade, ofertas de emprego, becas...), web do instituto e consultas individualizadas...

-Difusión de información actualizada sobre bolsas (MEC; consellería, Highschool, Comenius, Fundación Barrié, Amancio Ortega...), residencias universitarias, títulos de grao, ciclos formativos, probas de acreditacións, accesos a títulos, acreditación de competencias, cursos de verán, campamentos de idiomas e/ou actividades deportivas/artísticas, campus científicos....

-aplicación de cuestionarios sobre intereses, aptitudes, preferencias....

-autoavaliación da traxectoria escolar


-Simulación de toma de decisións

-entrevista coa orientadora (nos indecisos principalmente) para mellorar na TDD académico-laborais

-contactos con servizos de emprego e información do entorno, entidades locais e tecido industrial e empresarial do concello: AED, INEM, SGC, empresas, cursos de deputación ...



- xornada de Portas Abertas e coñecemento da oferta educativa propia e máis cercana: educación adultos, FP...visita aos obradoiros do centro e explicacións por parte dos docentes de ciclos aos futuros estudantes de 4º ESO
- visita a EDUGAL (salón de oferta de educación e formación de Galicia).
- consello orientador por cursos na ESO
- alumnado con materias relacionadas con artísticas: visita a Bellas Artes e Conservación e restauración de bens culturais en Pontevedra
- reforzo da orientación individualizada a alumnado en risco de abandono escolar
- dispoñibilidade de reorientación educativa e profesional a antigo alumnado que abandonou prematuramente o sistema educativo



A orientación académica e profesional, ademáis destas actividades, irá propondo outras que favorezan a mellora ou recualificación profesional sobre todo no caso de adultos que se queiran incorporar ao mercado laboral (punto 10 da Circular 5/2010), procurando a colaboración con entidades relacionadas coa inserción/integración laboral do entorno. Actualizarase a web do instituto e tamén os taboleiros informativos do departamento e os dispostos no centro para familias.

#### 4.2.-DIRIXIDOS AOS TITORES

-apoio, asesoramento, facilitación de material, participación en charlas informativas... na orientación académico-profesional

-participar e colaborar no consello orientador en cada curso e consultas específicas (probas acceso, requisitos de titulacións...)

-horario semanal de coordinación para o seguimento do POAP e adecuación de contidos, actividades...

-colaboración co profesor/a de FOL

#### 4.3.-DIRIXIDOS ÁS FAMILIAS

-entrevistas para recoller información sobre aptitudes, intereses, motivación e expectativas de/sobre o fillo/a e tamén para informar e consensuar as opción máis axeitadas (especialmente cando as expectativas familiares non coincide cos intereses do fillo/a)

-información sobre a oferta educativa do centro, itinerarios educativos con e sen titulación en ESO, alternativas educativas e laborais no entorno... procurando dar, no caso de alumnado de 3º/4º ESO e 2º bacharelato, sesións informativas fóra do horario escolar.

-horario de atención semanal para as familias

ACTIVIDADES PREVISTAS PARA O CURSO																		
Grupo	1º ESO			2º ESO			3º ESO			4º ESO			BACHARELATO			FPB-CICLOS		
	1º	2º	3º	1º	2º	3º	1º	2º	3º	1º	2º	3º	1º	2º	3º	1º	2º	3º
Trimestre																		
Autocoñecemento: qué se me dá ben, que opción teño								•			•							
Motivación (obradoiro ACODES-deputación)																	•	
Orientación vocacional: que me depara o próximo curso			•			•			•		•			•				•
Charlas divulgativas variadas											•			•				•
Charlas informativas de Aponte USC-ensino medio/Uvigo/FEUGA/Forzas Armadas (bianuais)												•		•				
Profesiograma											•							•
Xornadas de Portas abertas																		•
Consello orientador			•			•			•			•						
probas de acceso a diversos títulos (segundo se convoquen)									•			•		•				•
Visitas varias: Edugal, USC, ensinanzas artísticas...												•		•				•



## 5.-METODOLOXÍA E RECURSOS

O DO elaborará o POAP e coordinará a posta en práctica (baixo coñecemento de xefatura de estudos) do mesmo por parte dos titores, dando o asesoramento que requiran e soliciten (elaboración de documentación, actuación directa no grupo-clase, atención individualizada...). No Bacharelato as actividades tentarase implementar ó longo do curso, en horas cedidas polo profesorado, e ó longo dos 3 trimestres. Na FPGM contarase co titor e co profesor de FOL.

Os recursos empregados inclúen:

- a) **recursos humanos:** equipo directivo, CCP, coordinadora de actividades extraescolares e complementarias, membros do DO, titores e docentes, membros doutras institucións (institutos da comarca, asociacións empresariais, CIUG, universidades, FEUGA, Acodes..) que se coordinarán para levar a cabo estas actividades (telefónicamente, via e-mail, en persoa... ao longo do curso). Ademais contarase ao longo do curso cun viveiro de empresas emplazado no propio centro, co cal teremos persoal cualificado para o fomento da actividade emprendedora, facilitación de recursos e información pertinente...
  
- b) **recursos materiais:** inclúen entre outros
  - Revista “Entre estudantes”
  - Colección de libros: “Elige tu futuro”. Ed. Círculo de Progreso
  - Blog: [orientaline.es/laxeiro](http://orientaline.es/laxeiro)
  - Taboleiros do departamento de orientación con información actualizada, e actualización continua da web do instituto.
  - Guías e dossiers elaborados polo DO, outras institucións
  - cuestionarios de intereses, guías informáticas de toma de decisións (Proxecto Orion, MyWayPass...)
  - Guía de estudos superiores de Galicia 2020-21 (La Voz de Galicia)

### **Orientación académico-profesional: webgrafía(escolma)**

[www.mec.es](http://www.mec.es)

[www.esadgalicia.es](http://www.esadgalicia.es)

<http://apoegal.blogia.com>





[www.isftic.mepsyd.es/profesores](http://www.isftic.mepsyd.es/profesores)

[www.avanzaentucarrera.com](http://www.avanzaentucarrera.com)

<https://www.youtube.com/watch?v=9qjbxvUj4To>

[www.kekiero.es](http://www.kekiero.es)

<https://www.youtube.com/watch?v=zLJSG8dMVQU>

<http://yaq.es/>

<https://orientauija.wordpress.com/proyecto-vocacional/>

<http://www.consejoasturiasfp.com/video.php>

<http://educantabria.tv/channel/formacion-profesional/menu.html?account=educantabria>

[http://www.educastur.princast.es/fp/hola/pil\\_col/perfiles/index.php](http://www.educastur.princast.es/fp/hola/pil_col/perfiles/index.php)

<http://internacional.universia.net>

<http://ciug.cesga.es>

<http://www.descubrelafp.org/yo-creo-en-la-fp/>

[www.gradomania.com](http://www.gradomania.com)

<http://todofp.es/>

[http://www.descubrelafp.org/orientacion/orientacion-vocacional/introduccion-orientacion\\_2016112200526.html](http://www.descubrelafp.org/orientacion/orientacion-vocacional/introduccion-orientacion_2016112200526.html)

[www.educarex.es](http://www.educarex.es)

[www.reclutamiento.defensa.gob.es](http://www.reclutamiento.defensa.gob.es)

[www.educaweb.com/esp/servicios/monografico/orientacionprofesional](http://www.educaweb.com/esp/servicios/monografico/orientacionprofesional)

<http://www.educaweb.com/profesiones/>

[http://www.educacion.gob.es/educa/incual/ice\\_catalogoWeb.html](http://www.educacion.gob.es/educa/incual/ice_catalogoWeb.html)

[www.guiajuvenil.com/](http://www.guiajuvenil.com/)

<http://ec.europa.eu/eures/home.jsp?lang=es>

[www.oapee.es](http://www.oapee.es)

[www.orientared.com/](http://www.orientared.com/)

<http://www.educaweb.com/orientacion/intereses-profesionales/>

[www.trabajando.es](http://www.trabajando.es)

[www.proxectoiles.es/Index.asp?IdT=9](http://www.proxectoiles.es/Index.asp?IdT=9)

[www.nomeparo.eu](http://www.nomeparo.eu)

[www.erasmusworld.com](http://www.erasmusworld.com)

<http://www.edu.xunta.es/fp/plan-de-orientacion-profesional>

<http://pre.universia.es>



[http://www.youtube.com/watch?v=hh\\_Kaxqtcpk](http://www.youtube.com/watch?v=hh_Kaxqtcpk) (la última conferencia de Randy Pausch)

<http://www.youtube.com/watch?v=sfE38BhTXm8> (Steve Jobs en Stanford)

<http://www.juntadeandalucia.es/educacion/webportal/web/educacion-permanente/que-puedo-estudiar>

<http://www.educa.icyl.es/adultos/es/orientacyl>

[http://www.sefcarm.es/web/pagina?IDCONTENIDO=9983&IDTIPO=100&RASTRO=c\\$m9983](http://www.sefcarm.es/web/pagina?IDCONTENIDO=9983&IDTIPO=100&RASTRO=c$m9983)

[www.universidad.es](http://www.universidad.es)

<http://www.mecd.gob.es/alv/inicio.html> (aprendizaxe ao longo da vida)

[www.workinside.es](http://www.workinside.es) (descubre tu camino)

[www.notasdecorte.es](http://www.notasdecorte.es)

[www.resa.es](http://www.resa.es)

[www.escuelasdeartes.es](http://www.escuelasdeartes.es)

[www.sistemaeducativo.apoclam.org](http://www.sistemaeducativo.apoclam.org)

[www.entrestudiantes.com](http://www.entrestudiantes.com)

<http://noticias.iberestudios.com>

<http://tareasiuniversitarias.com/testdeorientacionvocacional.html>

<http://tecnifor.blogspot.com> (sobre FP)

[www.emes.es](http://www.emes.es)

<https://orientaguia.wordpress.com>

<https://www.powtoon.com/online-presentation/bWtn0N7rBaE/el-camino-a-la-universidad/#/>

[https://www.youtube.com/watch?v=DCPsKk5la68&list=PL4jlbL1nHoy-o1fWGRk8N\\_kjgpf\\_jL7ty&index=2](https://www.youtube.com/watch?v=DCPsKk5la68&list=PL4jlbL1nHoy-o1fWGRk8N_kjgpf_jL7ty&index=2)

[http://www.wikioficios.org/wiki/P%C3%A1gina\\_Principal](http://www.wikioficios.org/wiki/P%C3%A1gina_Principal)

<http://www.mywaypass.com>

<https://orienta.cepymearagon.es/ZonaJ%C3%B3venes/CuestionariodeInteresesProfesionales.aspx>

[http://www.educastur.princast.es/fp/hola/pil\\_col/perfiles/index.php](http://www.educastur.princast.es/fp/hola/pil_col/perfiles/index.php)

[www.quieroser.net](http://www.quieroser.net)

<https://www.youtube.com/watch?v=C7ToVU7q1w>

<https://www.youtube.com/watch?v=mp46x603A8E>

[http://estudiantes.uvigo.es/estudiantes\\_gl/siope/futuros-alumnos/decide-carreira/](http://estudiantes.uvigo.es/estudiantes_gl/siope/futuros-alumnos/decide-carreira/)

<http://entrepasillosyaulas.blogspot.com.es/2016/12/la-orientacion-academica-y-vocacional-y.html>

<http://www.aplicaciones.info/utiles/optestfp.htm>



App wikigrado


[www.fpbide.com](http://www.fpbide.com)

[www.portalento.es](http://www.portalento.es)

[www.uniscopio.com](http://www.uniscopio.com)

## 6.-AVALIACIÓN

Será un proceso contínuo e os resultados incluíranse na memoria final do DO, para a elaboración do POAP do vindeiro curso (novos obxectivos, eliminación/modificación/introducción de novos contidos e obxectivos, recursos...). Na memoria final de xuño do DO irán incluídas as novas propostas e conclusións do levado a cabo ao longo do ano.



# PLAN DE APOIO AO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE/ ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## INDICE

<b>1.-INTRODUCCIÓN E NORMATIVA LEGAL</b>	<b>53</b>
<b>2.-DETECCIÓN DE NECESIDADES</b>	<b>54</b>
<b>3.-OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS</b>	<b>56</b>
<b>3.1.-COS DOCENTES</b>	<b>56</b>
<b>3.2.-CO ALUMNADO</b>	<b>57</b>
<b>3.3.-COAS FAMILIAS</b>	<b>58</b>
<b>3.4.-CONSIDERACIÓNS XERAIS</b>	<b>59</b>
<b>3.5.-CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DE RECURSOS, APLICACIÓN DE MEDIDAS E ACTUACION DOS DISTINTOS PROFESIONAIS</b>	<b>60</b>
<b>3.6.-OUTRAS ACTUACIÓNS DO CENTRO</b>	<b>68</b>
<b>3.6.1.-PLAN ACOLLIDA ALUMNADO ESTRANXEIRO</b>	<b>69</b>
<b>3.6.2.- PROGRAMA HHSS</b>	<b>71</b>
<b>4.-COORDINACIÓN NAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>72</b>
<b>4.1.- COS DOCENTES</b>	<b>72</b>
<b>4.2.-COS CENTROS ADSCRITOS</b>	<b>73</b>
<b>4.3.-CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS</b>	<b>73</b>
<b>4.4.-CANLES DE COLABORACIÓNS COS SERVIZOS EXTERNOS</b>	<b>74</b>
<b>5.- SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN</b>	<b>75</b>
<b>6.-RECURSOS WEB</b>	<b>76</b>



## 1.-INTRODUCCIÓN E NORMATIVA LEGAL

O decreto 86/2015 sinala no art. 7 a atención educativa para ACNEAE (o que inclúe dificultades de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades, incorporación tardía ao sistema educativo, condicións persoais ou de historia escolar...), co fin de que acaden o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias de cada etapa. En todo caso, na ESO faise fincapé nos principios de educación común e atención á diversidade, incluíndo medidas organizativas e curriculares, e organización flexiva das ensinanzas (cap III).


O decreto 229/2011 regula a atención á diversidade en Galicia, definindo este concepto coma o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidade, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Dende esta concepción o Dpto. de Orientación colabora co profesorado elaborando propostas de mellora para facilita-lo proceso E/A, asegurando a coordinación, colaboración e enfoque multidisciplinar entre os distintos profesionais implicados, priorizando a atención á diversidade co maior achegamento posible ás necesidades e características do alumnado e optimizando recursos e medidas.

O IES Laxeiro é un centro público no que se desenvolven varios programas que dan atención á diversidade de alumnado, en canto a intereses, motivación, ritmos e estilos de aprendizaxe... Dende hai varios anos temos solicitado os contrato programa para a mellora do éxito escolar de reforzo, orientación e apoio na modalidade de acompañamento escolar fóra do horario lectivo (para a ESO). O dpto. de orientación elaborou un PAD (plan de atención á diversidade) que recolle máis pormenorizadamente as MAD para o centro.

En relación coa resposta á diversidade do alumnado, as medidas inclúen estratexias e/ou programas que proporcionan unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado e que poden ser ordinarias (sen alteración do currículo prescrito) ou extraordinario (con modificacións significativas do currículo ordinario e/ou cambios esenciais no ámbito organizativo).





Todos os protocolos de actuación destas medidas extraordinarias pasan polo Departamento de Orientación que se encargará de avaliar o alumnado perceptivo destas medidas elaborando o pertinentes informe psicopedagóxico ademais de recabar información da comunidade educativa e contar co apoio/opinión das familias para adoptar as diferentes medidas.

## **2.-DETECCIÓN DE NECESIDADES/CRONOGRAMA**

Dacordo co punto 3 do artigo 5 do D. 86/2015, a identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, faranse do xeito máis temperá posible. A detección de necesidades levarase a cabo de forma especial ao principio de cada curso escolar,



especialmente co alumnado de nova incorporación ao centro, manténdose un seguimento ao longo do curso, así como o control de alumnado que se incorpore despois do comezo do mesmo. Fontes de información e recursos:

- Entrevistas co propio alumnado
- Entrevistas con orientadores/as e titores/as e revisión de expedientes educativos e informes dos centros educativos de orixe.
- Entrevistas con nais/pais/titores legais/alumnado.
- Informes e entrevistas doutros organismos e entidades (servizos de asistencia social, médicos, asociacións de inmigrantes...).
- Instrumentos de avaliación psicopedagóxica (de competencias, personalidade, autoconceito, habilidades sociais...) e de técnicas instrumentais básicas (comprensión e expresión lectora e escrita, razoamento lóxico-matemático, coordinación visoespacial, atención, concentración, memoria visual e auditiva, aptitudes xeralizadas e diferenciais...).
- Revisión de memorias de fin de curso e decisións, suxerencias de claustro e CCP.
- Conversas con docentes e aportacións sobre dificultades e aspectos a mellorar para o curso seguinte (convivencia escolar, educación en valores...).
- Revisar as medidas de atención á diversidade que funcionan no centro
- Detectar alumnos con posibles déficits para a aprendizaxe e/ou en situación de risco que poida influir no seu proceso de aprendizaxe

Atendendo á clasificación do DSM-5, dentro dos trastornos do neurodesenvolvemento aparecen:

<p><b>Con trastorno específico da aprendizaxe</b></p>	<p>-dificultades na lectura (baixa exactitude-precisión, velocidade lenta, , falta de ritmo, perda de liña, escasa fluidez, dificultade na decodificación grafema-fonema, na comprensión, parecendeosubstitucións, inversións estáticas, agregados, omisións, alteracións, contaminacións, disociacións/fragmentacións, reiteracións de sílabas ...) e na linguaxe oral (vocabulario e expresión verbal limitadas, confusión, inversión, adicións, omisións de fonemas, baixa comprensión verbal)</p> <p>-limitacións en matemáticas (comprensión de números e conceptos matemáticos, precisión e fluidez no cálculo, lectura simbólica, dificultades nos sistemas de medida e a súa representación, procesamento numérico, razoamento lóxico-abstracto, resolución de problemas, estruturación espazo-temporal, planificación...)</p> <p>-limitacións na expresión escrita como disgrafías motrices (direccionalidade e calidade no trazado e da grafía, coordinación visomotora, ritmo escritor inadecuado e organización espacial</p>
---	--



	afectados, dificultades na lexibilidade da mesma), disortografías (omisións, inversións, substitucións, adicións de fonemas, sílabas ou palabras, erros na ortografía arbitraria e regrada, na segmentación de palabras...), expresión, organización, estruturación sintáctica e composición escrita deficientes.. -trastornos da aprendizaxe non especificados			
<b>Trastornos da comunicación</b>	-trastorno da linguaxe		-trastorno da fala	
	-trastorno da fluencia de inicio na infancia (tartamudeo-disfemia)			
	-trastorno da comunicación pragmática		-trastorno da comunicación non especificado	
<b>Con discapacidades (diversidade funcional intelectual, motriz, sensorial...)</b>	- con intelixencia inferior á media (discapacidade intelectual, retraso global do desenvolvemento, discapacidade intelectual non especificada...) -trastornos motores: con problemas de mobilidade (distintos graos de parálise cerebral; espiña bífida; accidentes, tumores que afectan ao sistema motor, miopatías, amputacións..)trastornos de desenvolvemento da coordinación, trastorno de movementos estereotipados, trastornos de tics ... -con deficiencias visuais (máis ou menos graves), auditivas (xordeira, hipoacusias ...) -trastornos do neurodesenvolvemento non especificado			
<b>TDAH</b>	-TDA/H		-TDA/H non especificado	
<b>Con trastornos disruptivos, de control de impulso, de conduta</b>	-trastorno de personalidade antisocial -trastorno oposicional desafiante (antes TND) -problemas de relación nos sistemas familiar/escolar/social (problemas académicos/educativos, relacións pai-fillo/as...) -trastorno da conduta/con emocións prosociais limitadas			
<b>Con TEA (anteriormente TXD)</b>	-trastornos do espectro autista: Asperger/Autismo de alto rendemento, síndrome de Rett, trastorno desintegrativo infantil e TXD non especificado			
<b>Absentismo escolar</b>	<b>Repetidor/con materias pendentes</b>	<b>Acollemento/situación desfavorecida</b>	<b>Risco suicida</b>	<b>Procedente do estranxeiro</b>
<b>Altas capacidades intelectuais</b>	<b>Atención hospitalaria/domiciliaria</b>	<b>Mozas embarazadas</b>	<b>Atraso curricular xeralizado/e específico</b>	<b>Alumnado sometido a responsabilidade penal/protección tutela</b>

### 3.-OBXECTIVOS E ACTUACIÓNS

#### 3.1.- COS DOCENTES

- ✚ Asesorar ao equipo directivo sobre o cointida do proxecto educativa e os documentos que o integran, especialmente sobre medidas de atención á diversidade e acción tutorial.
- ✚ Colaborar co profesorado de apoio e titores na revisión dos expedientes académicos dos alumnos, para coñece-la súa situación actual.



- ✚ Recopilar datos e informar sobre as características socioambientais, familiares e psicopedagóxicas do alumnado, que poidan repercutir no proceso E/A (entrevistas coa familia, alumno...)
- ✚ Colaborar co profesorado na prevención e detección de problemas de aprendizaxe e na planificación e implementación de tarefas/actividades/medidas dirixidas á súa solución/mellora.
- ✚ Coordinarse coas orientadoras dos centros de primaria dos que recibimos alumnado, nas accións encamiñadas a atención temperá e prevención de dificultades; tamén recopilar a información referida a novo alumnado para facilitar a súa atención no instituto.
- ✚ Asesorar ao profesorado e departamentos nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, programacións, medidas de reforzo educativo, adaptacións curriculares, elaboración e selección de material curricular adaptado ás necesidades do alumnado con NEAE (plan de atención a repetidores, a alumnado con pendentes, programas específicos personalizados...).
- ✚ Participar nas reunións co equipo docente destes alumnos, informalos da evolución e facilitar información/participar directamente nas entrevistas coas familias que se considere necesario.
- ✚ Asesorar na avaliación inicial de competencias do alumnado que chega a 1º ESO.
- ✚ Asesorar e colaborar co profesorado de área, dptos didácticos na realización e seguimento das ACI, RE e na selección e información do alumnado proposto para programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento e FP básica.
- ✚ Facilitar a información precisa para o desenvolvemento de aspectos da programación como criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, de promoción...
- ✚ Elaborar e por en práctica programas destinados á prevención e detección precoz de dificultades de aprendizaxe.
- ✚ Fomentar entre os docentes o uso de estratexias da aprendizaxe cooperativa (mediante metodoloxías coma apadriñamentos, círculos de amigos, mentorización, grupos interactivos, gamificación, intelixencias múltiples, ABP, intercambio de roles docentes, DUA...) fronte a aspectos máis tradicionais no proceso E/A.

### 3.2.-CO ALUMNADO

- ✚ Continuar coas accións encamiñadas á mellora do rendemento académico, redución do fracaso escolar e fomento do hábito lector e TIB no alumnado a través



- de programas varios (Abalar, lectura e comprensión, contrato-programa de reforzo orientación e apoio...).
- ✚ Continuar coas actividades de educación en valores con especial fincapé nas que fomenten a igualdade, convivencia e mellora das relacións, tolerancia e respecto á diversidade e prevención da discriminación e violencia.
  - ✚ Facer as avaliacións psicopedagóxicas precisas, cos pertinentes informes e tomar as decisións máis axeitadas antes das necesidades específicas do alumnado, favorecendo a súa integración.
  - ✚ Revisar, actualizar e/ou elaborar reforzos/adaptacións curriculares precisas, seguindo as medidas de atención á diversidade.
  - ✚ Realizar o seguimento do proceso de aprendizaxe do ACNEAE, e realizar os axustes pertinentes para optimizar os resultados (en colaboración coa PT, tutores e docentes de área); isto inclúe favorecer aprendizaxes cooperativas mediante metodoloxías coma apadriñamentos, círculos de amigos, mentorización, grupos interactivos...
  - ✚ Dar atención persoalizada para aquel alumnado que polas súas circunstancias persoais, así o precisen (en colaboración con servizos asistenciais, médicos...).
  - ✚ Determinar mecanismos que eviten o absentismo e abandono escolar, tanto no centro educativo, como coordinados coa administración educativa e outros organismos (Protocolo de prevención de absentismo escolar)
  - ✚ Artellar medidas para a atención educativa de alumnado que non poida asistir ao centro educativo con regularidade por diversos motivos (hospitalización prolongada, decisión xudicial, cambios na súa tutela, embarazo...).
  - ✚ Promover a integración de alumnado de novo ingreso no centro, especialmente cando este se incorpora ao longo do curso, de alumnado procedente do estranxeiro, e axilizar se é preciso a posta en práctica de medidas de atención á diversidade.

### 3.3.- COAS FAMILIAS

- ✚ Informalos directamente das medidas de atención á diversidade a tomar cos fillos/as para resolver dúbidas e aclarar aspectos novedosos.
- ✚ Ofrecer pautas de actuación no fogar.
- ✚ Realizar as entrevistas pertinentes para a recopilación de información (no caso de alumnado que precise avaliación-informe psicopedagóxico).
- ✚ fomentar a implicación/colaboración das familias no proceso de E/A e a comunicación co centro.



- ✚ En casos específicos dacordo coa información recollida dos centros de primaria, protocolo de recollida de información de alumnado que presente NEAE de índole variada: aprendizaxe, TXD, motóricos, condicións sociofamiliares adversas, problemas de saúde...

### **3.4.-CONSIDERACIÓNS XERAIS**

a). As medidas de atención á diversidade abranguen o conxunto de estratexias de planificación e actuación dirixidas a dar resposta ás necesidades derivadas da diversidade de alumnas e alumnos co fin de posibilitar que todo o alumnado acade, de acordo coas súas posibilidades, as capacidades e competencias propias das distintas etapas educativas.

b). O centro educativo incluírá o tratamento da atención á diversidade nos diferentes documentos organizativos do centro, o proxecto educativo e as programacións didácticas. Así mesmo, no exercicio da súa autonomía pedagóxica, activará accións de aula, curso, etapa e/ou centro que contemplan as características do contexto social e cultural, as necesidades do noso alumnado e as posibilidades formativas do contorno.

c). As medidas de atención á diversidade terán un carácter revisable e estarán suxeitas a un proceso de avaliación continua, introducindo as modificacións que as necesidades existentes requiran.

d). Todas as medidas propostas levaranse a cabo nun contorno educativo o menos restritivo posible, que propicie a participación de toda a comunidade educativa e a colaboración e coordinación con outras administracións, corporacións locais, servizos e institucións. As familias/titores legais do alumnado será informadas dos proceso, resultados e medidas a aplicar, compartindo o esforzo educativo e participando e colaborando (nos termos legais establecidos) nas decisións que afecta á escolarización e procesos educativos do alumnado.

e). A identificación temperá dos necesidades educativas, a súa valoración e resposta educativa serán prioritarias. Neste sentido a avaliación inicial será un factor preventivo fundamental na atención á diversidade.





### 3.5.-CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS, APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS E ACTUACIÓN DOS DISTINTOS PROFESIONAIS

Priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador. As medidas extraordinarias aplicaranse unha vez esgotadas as anteriores.

#### ✚ **Medidas ordinarias.**

Facilitan a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do noso centro a ás características do alumnado. Teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a adquisición das competencias básicas establecidas para cada curso.

#### **A adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e a organización e xestión da aula de acordo coas características do alumnado e as súas necesidades.**

Os agrupamentos son elaborados pola xefa de estudos tendo en conta as recomendacións da orientadora, a profesora de PT e o equipo docente do curso anterior. No caso do alumnado de 1º de ESO téñense en conta as achegas dos orientadores/as dos centros adscritos. En todo caso, procúrase que os grupos sexan heteroxéneos. Os alumnos repetidores repártense entre os distintos grupos de cada curso. Dado que a partir deste curso académico comezará a atención da docente de P-T dentro da clase-aula, e xa que contamos con 3 liñas de 1º e 2º ESO, se é preciso e atendendo ao principio de facilitar a atención ao alumnado que o precise, poderase solicitar á XE que se agrupe a alumnado que precise atención da P-T en un máximo de 2 cursos de 1º e 2 cursos de 2º ESO, xa que nos resulta imposible facer un horario que abranxa atención ás 3 liñas de cada curso.

A organización e xestión da aula establecerase en función das actividades e materias e tendo en conta a opinión do equipo docente nas distintas sesións de avaliación.

#### **Adecuación das programacións didácticas ao entorno e ao alumnado.**

Os departamentos didácticos e o profesor/a de materia son os responsables da adecuación das programacións ao grupo-clase tendo en conta a diversidade dos alumnos/as.

#### **Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.**

Esta medida aparece reflectida nas programacións e é tarefa de cada docente a súa implementación na materia.

#### **Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.**

En función das necesidades do alumnado establécense adaptacións non significativas no proceso

de avaliación. Especialmente cando se dan problemáticas de lectoescritura, TDAH, déficits sensoriais... Será o orientador o responsable das valoracións e de informar ao profesorado desta circunstancia.

**Aula de atención educativa e medidas/actuacións destinadas á mellora da convivencia.**

A través do consello de aula, o alumnado dun grupo-clase xunto co titor participará de forma colaborativa na resolución dos problemas do grupo (incluído no Plan de Convivencia do centro). Colabora a orientadora.

**Programas de enriquecemento curricular.**

Dirixidos ao alumnado con altas capacidades. O profesor de cada materia será o responsable da súa elaboración en colaboración co dpto. de orientación.

**Reforzo educativo entendido como acción complementaria á ordinaria nas aulas que permita adecuarse aos modos e ritmos de aprendizaxe do alumnado.**

É responsabilidade do profesorado de cada materia e deberá incluírse nas programacións dentro do apartado de "Atención á Diversidade"

**Programas de recuperación das áreas avaliadas negativamente.**

Está incluído nas programacións de cada materia.

**Programas de habilidades sociais-acción tutorial**

Elaborado polo dpto. de orientación e lévase a cabo nas sesións de tutoría (impartidas polo titor/a). Inclúe aspectos como a asertividade, habilidades de comunicación e escoita activa, empatía, resolución de conflitos ...coordínase nas reunións dos titores coa orientadora.

**Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e adolescencia en ámbitos educativo e sanitario**

No caso de sospeita de alumno/a con TDAH seguirase o indicado no punto 5.3 deste protocolo que regula a actuación dos servizos de orientación.

**Atención a alumnado repetidor**

Estase a valorar un protocolo para dar mellor atención a este colectivo (pendente de pasar por claustro e consello escolar). Incluímos nos anexos finais a proposta.

**Atención a alumnado con materias pendentes**

Estase a valorar un protocolo para dar mellor atención a este colectivo (pendente de pasar por claustro e consello escolar). Incluímos nos anexos finais a proposta.

**Programas específicos personalizados**

Estase a valorar un protocolo para dar mellor atención ACNEAE que non precisen afectar a elementos prescritivos do currículo (pendente de pasar por claustro e consello escolar). Incluímos nos anexos finais a proposta.

 **Medidas extraordinarias.**

Dan resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou



cambios importantes no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Para a aplicación destas medidas será necesaria a autorización da dirección do centro, do Servizo de inspección educativa, da dirección xeral, e, se é o caso, informe xustificativo do Servizo de orientación.

MEDIDAS	DESCRIPCIÓN/CARACTERÍSTICAS /PROFESIONAIS QUE INTERVEÑEN/LEXISLACIÓN RELACIONADA
<p><b>ACIS</b>  (anexo I)</p>	<p>Implica modificacións nos elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación...). Aplícase a alumnado con N.E.E con importantes dificultades na aprendizaxe e cun desfase curricular de máis de dous cursos. Precisa dunha valoración psicopedagóxica do alumno/a.</p> <p><b>Profesionais implicados:</b>          O profesor de área , co asesoramento da orientadora e a profesora de P.T. son os responsables da elaboración.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Reunións iniciais para a elaboración do ACI, achegando as orientacións xerais sobre a resposta educativa.</li> <li>• Participación nas sesións de seguimento, colaborando nas propostas de modificación convenientes ao longo do curso.</li> <li>• Participación na sesión de avaliación de final de curso para establecer orientacións para realizar a adaptación ao curso/ciclo seguinte.</li> <li>• Orientación familiar con respecto ás liñas que se concreten no proceso de elaboración do ACI.</li> </ul> <p><b>Avaliación das adaptacións curriculares</b>          Realízase nos períodos establecidos para todos os alumnos, establecéndose sesións de avaliación trimestrais coa participación de todos os profesores que interveñen co alumno.          No Boletín de información a familias exprésanse os resultados nos mesmos termos que para todos os alumnos, reflectíndose a palabra ACI nas áreas implicadas.  <b>Orde 6-10-95 (DOG 7-11-95) - Adaptacións curriculares e reforzo educativo e Circular 9/1999 da Dir. Xeral de Ordeación Educativa e FP.</b></p>
<p><b>FLEXIBILIZACIÓN DO PERIODO DE ESCOLARIZACIÓN</b></p>	<p><b>FLEXIBILIZACIÓN MODULAR NOS CICLOS DE FP (fragmentación)</b>          O alumnado con necesidades educativas especiais que curse un ciclo de FP, incorporárase, con carácter xeral, co resto do alumnado matriculado no programa.          Cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, este alumnado poderá ser autorizado para cursar o programa de cualificación profesional inicial de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral ou, excepcionalmente, de xeito fragmentado no tempo cunha ampliación a dous anos e mantendo a carga semanal prevista para o conxunto de módulos para cada curso académico.</p> <p>Procedemento de solicitude de flexibilización/fragmentación modular:</p> <p>a) Unha vez comezado o curso académico e realizada a sesión de avaliación inicial, a dirección presentará a solicitude no servizo territorial de inspección educativa para que se emita informe ao respecto. Á documentación a presentar:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo Departamento de Orientación do centro en colaboración co titor/a.</li> <li>– Conformidade expresa do pai e da nai, representante legal en caso de ser menor de idade, ou a súa propia, se é maior de idade.</li> <li>– Fotocopia compulsada do expediente académico.</li> <li>– Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas, no caso da fragmentación modular, ou proposta de desenvolvemento curricular de cada módulo do curso en dous anos, no caso da fragmentación temporal e, de ser o caso, de medidas de reforzo educativo ou de adaptación do currículo dentro dos límites previstos na normativa vixente.</li> </ul> <p>b) O servizo territorial de inspección educativa remitiralle toda a documentación, xunto co seu informe, ao xefe ou á xefa territorial, a quen lle corresponderá a autorización ou denegación da flexibilización. Poderáselle requirir ao equipo de orientación específico a elaboración dun informe complementario ao respecto.</p> <p>4. O prazo para presentar as solicitudes de flexibilización: ata o 31 de outubro de cada curso académico.          A resolución da autorización da flexibilización comunicárase ao centro no prazo dun mes, para a súa comunicación á persoa interesada no caso dos PCPI (EXTINTOS) e de 10 días nos ciclos formativos.          5. Para os efectos de rexistro nas actas de avaliación, o alumnado autorizado a flexibilizar o período de escolarización para a realización do programa será cualificado con PC (pendente de cualificar) nos módulos en que non corresponda a súa cualificación.</p>



<p><b>FLEXIBILIZACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN</b></p>	<p><b>Orde 27 de decembro de 2002 (DOG 30/1/03)- Criterios de escolarización de alumnos con NEE. Seccións III Artigos 26 a 32</b></p> <p style="text-align: center;"><b>ALUMNADO CON SOBREDOTACIÓN INTELECTUAL: FLEXIBILIZACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN</b></p> <p>Esta medida excepcional baséase fundamentalmente na competencia curricular e poderase adoptar cando se considere que os obxectivos acadados pola alumna ou alumno superan os establecidos, pero tendo en conta tamén se é unha medida axeitada con respecto ás restantes facetas do seu desenvolvemento persoal. É unha medida que aparece recollida na lexislación galega con dúas posibilidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Por un lado, anticipar o inicio das etapas educativas.</li> <li>-Por outro, reducir a duración da escolaridade obrigatoria.</li> </ul> <p>Esta resposta educativa só é aconsellable se, tras a aplicación doutras medidas de atención menos excepcionais, o alumno ou alumna conta coa axeitada madurez emocional e social, xa que do contrario pode aumentar a disonancia entre estes dous aspectos.</p> <p>As medidas de aceleración deben ir acompañadas doutras de atención á diversidade para que non se traduzan nun mero adianto de curso. Precisa obrigatoriamente dunha avaliación psicopedagóxica realizada polos correspondentes especialistas para que se materialice a flexibilización, xunto co correspondente ditame de escolarización.</p> <p style="text-align: center;"><b>Orde 28-10-96 (DOG 28-11-96) – Alumnos con N.E.E. asociadas a sobredotación.</b></p> <p style="text-align: center;"><b>FLEXIBILIZACIÓN EN ALUMNADO CON DIFICULTADES DE APRENDIZAXE NA ESO:</b></p> <p>Será imprescindible a constatación da aplicación previa doutras medidas de adaptación curricular ou organizativas previstas para a atención das necesidades específicas do alumno.</p> <p>Na ESO: poderase permanecer excepcionalmente un ano máis respecto do disposto con carácter xeral. Esta medida non será de aplicación nun curso no que xa se permanecese un ano máis. Debe autorizala a consellería.</p> <p>Así mesmo, cando necesidades de apoio específico así o xustifiquen, poderase autorizar excepcionalmente a fragmentación dos cursos terceiro e cuarto de educación secundaria obrigatoria. Neste caso o alumno deberá permanecer escolarizado todo o horario e, en consecuencia, durante os períodos correspondentes ás áreas que non estea a cursar deberá prestárselle atención adaptada ás súas necesidades específicas. En todo caso, a permanencia no ensino básico non poderá estenderse máis alá do ano natural no que se cumpran os vinte de idade.</p> <p><i>-Procedemento para solicitar as flexibilizacións.</i></p> <p>A dirección do centro presentará a oportuna solicitude na correspondente delegación provincial, acompañada de:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>a) Informe que xustifique a necesidade da medida, elaborado polo departamento de orientación do centro ou ó que este estea adscrito ou, no seu defecto, polo profesor tutor;</li> <li>b) Conformidade expresa dos pais ou tutores legais do alumno, se é menor de idade, ou a súa propia se non o é;</li> <li>c) Fotocopia compulsada do libro de escolaridade ou de cualificacións, se procede, ou certificación académica;</li> <li>d) Proposta de adaptación do currículo segundo o disposto na Orde do 6 de outubro de 1996.</li> </ol> <p style="padding-left: 40px;">Prazo de solicitude: no mes de setembro.</p> <p><b>D. 229/2011 de 7 de decembro que regula medidas de atención á diversidade (cap. III art. 17) Circular 9/1999 da Dir. Xeral de O.E e FP</b></p> <p>A escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sen menoscabo do disposto no art. 28.5 da LOE, segundo o cal, o alumno/a poderá repetir o mesmo curso unha soa vez e dúas veces como máximo dentro da etapa. Cando esta segunda repetición se produciza en 3º ou 4º, prolongarase un ano o límite de idade ao que se refire o apartado 2 do art. 4 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio. Excepcionalmente, un alumno/a poderá repetir unha segunda vez en 4º curso se non repetiu nos cursos anteriores da etapa.</p> <p><b>Real Decreto 1105/2014, de 26 de diciembre, por el que se establece el currículo básico de la Educación Secundaria Obligatoria y del Bachillerato e art. 17 do D. 86/2015</b></p> <p>A escolarización do alumnado que se incorpora de forma tardía ao sistema educativo (art. 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio), realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico.</p> <p>Cando presente graves carencias na lingua galega e/ou na lingua castelá recibirá unha atención específica, que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.</p> <p>Os alumnos e as alumnas que presenten un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderán ser escolarizados/as no curso inferior ao que lles correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a</p>
--	---



	<p>recuperación do seu desfasamento, e que lle permitan continuar con aproveitamento os estudos. No caso de superar o devandito desfasamento, incorporárase ao curso correspondente á súa idade.</p> <p><b>Art. 19 do D. 86/2015</b></p>
<p><b>EXENCIÓN DE FRANCÉS</b></p> <p>(anexo II)</p>	<p>O alumnado de 1º curso que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular en materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira. Recibirá reforzo educativo en aqueles aspectos nos que se detectaran as dificultades, despois do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do Departamento de Orientación, no que se fará explícito o motivo da medida adoptada.</p> <p>Nos documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a.</p> <p>A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oída a familia.</p> <p><b>Art. 5 da Resolución de 29 de maio de 2019</b></p>
<p><b>Integración de materias en ámbitos de conocimiento en el primer curso de educación secundaria obligatoria</b></p>	<p>Os centros docentes poderán agrupar as materias de 1º curso en ámbitos de coñecemento, coa finalidade de facilitar o tránsito do alumnado entre Ep e ESO. Esta agrupación deberá respetar contidos, estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación de todas as materias que se agrupen, así coma o horario asignado. Esta agrupación terá efectos na organización das ensinanzas, pero non nas decisións asociadas á avaliación e á promoción. Requerirá autorización expresa do servizo provincial de inspección. <b>Art. 7 da Resolución de 27 de xullo de 2015 e Art. 18 do D. 86/2015</b></p>
<p><b>AGRUPAMENTO FLEXIBLE</b></p>	<p>O obxecto desta medida é o reforzo das áreas instrumentais: linguas e matemáticas (lingua e Literatura Galega e Castelá e Matemáticas en 1º e 2º de ESO).Dirixido a alumnos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-En 1º ou 2º da ESO e presentan atraso académico.</li> <li>-En 2º de ESO por imperativo legal (xa repetiron 1º de ESO e aínda así teñen materias pendentes de 1º).</li> <li>-Repetindo 1º ou 2º de ESO e precisan dalgunha medida de atención á diversidade para acadar os obxectivos do curso.</li> </ul> <p>Os agrupamentos específicos implicarán facer desdobramentos transitorios que permitan en determinadas áreas constituir un grupo específico cos alumnos dos distintos grupos do mesmo nivel que presentan as características anteriormente mencionadas. Polo tanto, pode haber modificacións ao longo do curso (poderá haber alumnos que se incorporen á aula ordinaria e outros que vaian ao agrupamento</p> <p>Para todos os efectos o alumno/a pertence a un grupo ordinario de referencia.</p> <p><b>Para a organización dos agrupamentos tívose en conta que:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-O número máximo de alumnos no agrupamento non debe ser superior a 15.</li> <li>-É recomendable que os profesores do agrupamento impartan docencia no grupo de referencia.</li> <li>-A proposta dos alumnos e das áreas obxecto de agrupamento debe ser proposta pola orientadora e os titores, en reunión convocada pola xefatura de estudos. A orientadora recollerá previamente a opinión do profesorado de linguas e matemáticas.</li> </ul> <p>Cada alumno que asista a agrupamento debe contar cun informe individualizado, elaborado polo profesor titor en colaboración co departamento de orientación.</p> <p>Os pais ou titores legais dos alumnos deben estar informados a través do profesor titor correspondente.</p> <p><b>Orde 27 de decembro de 2002 (DOG 30/1/03)- Criterios de escolarización de alumnos con NEE e Circular 9/1999 da Dir. Xeral de Ordeación Educativa e FP.</b></p>
<p><b>GRUPOS DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS</b></p>	<p>Dirixidos a alumnado estranxeiro de incorporación tardía ao noso sistema educativo e que non teña competencia lingüística nas nosas linguas oficiais. Son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, para posibilitar a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado.</p> <p>Estas necesidades detectaranse na avaliación inicial que se lle fai ao alumnado unha vez que se incorpora ao centro (profesorado coa colaboración do dpto. orientación).</p> <p>O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun <b>trimestre</b>, podendo ampliar este período excepcionalmente a inspección educativa. O alumno incorporárase ó seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó descoñecemento das linguas. O horario semanal <b>máximo</b> de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de <b>24 sesións</b> na educación secundaria obrigatoria. Non obstante, este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua.</p> <p>Para facilitar a integración escolar e social do alumno, este permanecerá co grupo ordinario de referencia nas materias de EF, EPV, música e titoría.</p> <p>O profesorado encargado dos grupos de adquisición das linguas pertencerá preferentemente ás especialidades de tipo lingüístico.</p> <p>O titor deste alumnado será o que lle corresponda pola súa pertenza a un grupo ordinario e será o encargado da coordinación do equipo docente, asesorado, se é o caso, polo departamento de orientación.</p> <p>Os pais do alumno serán informados sobre o seu progreso na aprendizaxe lingüística e súa integración na vida do centro.</p>





	<p><b>Orde do 20 de febreiro de 2004 (DOG 26/2/04)- Medidas de atención ó alumnado procedente do estranxeiro (artigos 8 a 10)</b></p>
<p><b>GRUPOS ADQUISICIÓN COMPETENCIA CURRICULAR</b></p>	<p>Son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, para posibilitar a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope escolarizado.</p> <p>Dirixida ao alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ó que lle correspondería pola súa idade.</p> <p>A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ó longo de todo o ano escolar.</p> <p>O alumnado deberase incorporar plenamente ó seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas .O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será 10 sesións.</p> <p>O profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular pertencerá preferentemente a algunha das especialidades que correspondan ás materias obxecto de reforzo desa competencia.</p> <p>Deberase establecer, polo profesor titor do alumno, a coordinación entre o profesorado do grupo ordinario e o de adaptación da competencia curricular, especialmente no relativo ós aspectos de tipo metodolóxico, programación de actividades docentes e o establecemento dos criterios de avaliación do alumnado.</p> <p>O profesorado que interveña nos grupos de adaptación da competencia curricular asistirá ás sesións de avaliación do seu alumnado pero a emisión das cualificacións corresponderá ó profesorado do grupo ordinario, tendo en conta a información que proporcione o profesorado anteriormente citado.</p> <p>As familias ou persoas responsables do alumno serán informados sobre os seus progresos na superación do desfase curricular, así como sobre a súa integración na vida do centro</p> <p><b>Orde do 20 de febreiro de 2004 (DOG 26/2/04)- Medidas de atención ó alumnado procedente do estranxeiro (artigos 11 a 13)</b></p>
<p><b>APOIO DE PT</b></p>	<p>Dirixido ao alumnado con dificultades de aprendizaxe que precisen dunha atención especializada por parte da profesora de PT.Os reforzos educativos individualizados realizaranse dentro da aula cando se cumpran os seguintes criterios:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Necesidades educativas do alumno moi diferenciadas ás que presentan os seus compañeiros do grupo.</li> <li>• Realización de actividades que polos recursos e metodoloxía que se van a empregar precisan da atención de dous docentes (unha delas a P-T).</li> </ul> <p>A profesora de PT coordinarase co profesorado de cada materia e elaborará un programa de intervención coa colaboración do dpto. de orientación.</p> <p><b><u>Profesora especialista en Pedagogía Terapéutica. Funcións:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración co titor/a orientadora e resto de profesores as adaptacións curriculares individualizadas.</li> <li>• Intervención cos alumnos estranxeiros escolarizados e con aqueles que no seu informe de avaliación psicopedagóxica, ou no posterior seguimento, o departamento de orientación ou o EOE especifique a necesidade de atención por parte desta profesora.</li> <li>• Participación na avaliación e promoción dos alumnos que atende.</li> <li>• Colaboración co titor na orientación /coordinación coa familia.</li> <li>• Elaboración de materiais específicos e recursos para o alumnado que reciba apoio ou con adaptación curricular.</li> <li>• Participación nos Claustros, Equipos docentes, Comisión de Coordinación Pedagóxica e Claustro propondo medias que faciliten a resposta aos alumnos con necesidades.</li> <li>• Coordinación e seguimento co titor / a e resto de profesorado das medidas propostas.</li> </ul> <p><b>Decreto 120/98 de 23 de abril – Regulamento da Orientación Educativa en Galicia.(DOG 27/4/98) e Orde 24/7/98 (DOG 31/7/98)- Organización da Orientación en Galicia</b></p>
<p><b>PMAR</b></p>	<p>Os programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento constitúe unha medida de atención á diversidade que se pode desenvolver a partir do segundo curso da educación secundaria obrigatoria, segundo o procedemento establecido pola consellería .</p> <p>Utilizarase unha metodoloxía específica a través da organización de contidos, actividades prácticas e, de ser o caso, de materias diferentes ás establecidas con carácter xeral, coa finalidade de que os alumnos e as alumnas poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.</p> <p>O equipo docente poderalles propor aos pais, ás nais ou aos/ás titores/as legais a incorporación dos/das alumnos/as que presenten dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables á falta de estudo ou</p>





	<p>esforzó e que se atope nalgunha das seguintes situacións:</p> <p>a) Ter cursado segundo curso de educación secundaria obrigatoria, ter repetido algunha vez en calquera das etapas e non estar en condicións de ter promoción a terceiro curso de educación secundaria obrigatoria.</p> <p>b) Con carácter excepcional, para o alumnado que ten cursado terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e non está en condicións de ter promoción ao cuarto curso.</p> <p>A súa incorporación requirirá a avaliación tanto educativa como psicopedagóxica, a través de informe do equipo docente e do ditame emitido polo Departamento de Orientación, e realizarase despois de oídos/as os/as propios/as alumnos/as, e os seus pais ou as súas nais ou titores/as legais.</p> <p><b>Art 10 do RESOLUCIÓN do 29 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia e art. 20 do D. 86/2015</b></p>
<p><b>FP Básica</b></p>	<p>As ensinanzas conducentes á obtención dos títulos profesionais básicos, segundo o artigo 40.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, contribuirán, ademais, a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.</p> <p>Duración 2.000 horas, equivalentes a dous cursos académicos a tempo completo. Poderá ser ampliada a tres cursos académicos nos casos en que os ciclos formativos sexan incluídos en programas ou proxectos de formación profesional dual</p> <p>Ordénanse en ciclos formativos organizados en módulos profesionais de duración variable. Incluirán os seguintes módulos profesionais:</p> <p>a) Módulos asociados a unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.</p> <p>b) Módulos asociados aos bloques común que garantirán a adquisición das competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Módulo de Comunicación e sociedade I (LC; LG, Lingua estranxeira e Sociais),</li> <li>-Módulo de Ciencias aplicadas I (Matemáticas + Ciencias aplicadas ao contexto persoal e de aprendizaxe dun campo profesional)</li> </ul> <p>c) Formación en centro de traballo</p> <p>Requisitos de acceso: Para o alumno que reúna <b>simultaneamente</b>:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Maior de 15 e non superar os 17</b>, no momento do acceso ou durante o ano natural en curso.</li> <li>• <b>Ter cursado o 1º ciclo da ESO (3º da ESO) ou excepcionalmente ter cursado o 2º curso da ESO.</b></li> <li>• <b>Ser proposto polo equipo docente</b> aos pais, nais ou titores legais para a incorporación a un ciclo de Formación Profesional Básica. Requírese o <b>consentimento</b> dos pais, nais ou titores legais</li> </ul> <p><b>Oferta para persoas que superen os 17 anos</b> (artigo 68 da LOE e artigo 18 do Real Decreto 127/2014). <b>Simultaneamente</b>: Superar os 17 anos. Non estean en posesión de ningún título de: Formación Profesional (incluído un título básico). Calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios.</p> <p><b>Cando exista dispoñibilidade</b> de prazas na oferta obrigatoria, os grupos poderanse completar con persoas que superen os 17 anos</p> <p><b>DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.</b></p> <p><b>ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas</b></p>
<p><b>ATENCIÓN EDUCATIVA EN SITUACIÓNS ESPECIAIS</b></p>	<p><b>ATENCIÓN HOSPITALARIA</b></p> <p>Conxunto de accións que se desenvolven nas aulas hospitalarias para compensar a desvantaxe educativa que presenta o alumnado que permanece hospitalizado durante períodos prolongados por motivos de enfermidade ou accidente. Así mesmo contempla a atención educativa ao alumnado que, sen estar hospitalizado, recibe atención médica no hospital de día.</p> <p>A atención educativa hospitalaria é desenvolvida a través do profesorado das aulas hospitalarias.</p>



As alumnas e alumnos en réxime hospitalario manteñen a súa escolarización para efectos de avaliación e promoción nos centros de orixe. É por iso polo que o profesorado destas aulas deberá estar en coordinación estreita coa titoría, co departamento de orientación e, no seu caso, co profesorado do centro de referencia, que é o que deberá orientar o programa educativo.

A atención que recibe o alumnado hospitalizado estará en función duración da hospitalización considerando os seguintes grupos:

- o Atención ao alumnado de longa hospitalización (máis de 1 mes)
- o Atención ao alumnado de media hospitalización (entre 15 días e un mes)
- o Atención ao alumnado de curta hospitalización (menos de 15 días)
- o Atención ao alumnado que acode ao hospital de día

O alumnado de longa e media hospitalización será o que reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización realizará actividades educativas de carácter xeral

Desde a aula hospitalaria, e coa conformidade da familia, remitirase unha comunicación ao centro educativo, empregando o Anexo 01AEH, a través da cal se solicitará información referida á situación académica do alumno ou alumna.

#### ATENCION DOMICILIARIA

Responde a esta denominación a atención educativa que recibe o alumnado cando, despois de padecer unha enfermidade crónica (que cause faltas de asistencia de 6 ou máis días continuados ao mes nun período mínimo de 6 meses) ou de sufrir un accidente, e por prescripción facultativa, deba permanecer convalacente no domicilio familiar, sen poder asistir ao centro educativo durante un período de tempo superior a un mes

O servizo de atención educativa domiciliaria está concibido para aquel alumnado que estea matriculado en niveis do ensino obrigatorio en réxime xeral, aínda que se poderá atender o alumnado de educación infantil e secundaria postobrigatoria se o caso o require e se se dispón dos recursos necesarios.

#### **As condicións e requisitos que se deben cumprir son os que seguen:**

O período de convalencia no domicilio familiar e de non asistencia ao centro escolar por prescripción facultativa deberá ser polo menos dun mes ininterrompido.

Deberase presentar no centro educativo o correspondente informe médico que xustifique a medida así, como a estimación do período de tempo durante o cal o alumnado non pode asistir a clase no seu propio centro escolar

A solicitude de atención educativa domiciliaria deberá ser tramitada pola dirección do centro educativo ante a Delegación Provincial da Consellería de Educación Ordenación Universitaria a través da Inspección Educativa.

A demanda deberá ser formulada pola familia á dirección do centro educativo de referencia, xuntando o informe médico que certifique que a persoa enferma deberá permanecer no domicilio familiar por espazo de tempo superior a un mes (modelo 02AED). Desde a dirección tramitarase ao correspondente Servizo de Inspección Educativa da Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (modelo 03AED).

A solicitude acompañarase tamén do correspondente informe de atención educativa hospitalaria, cando sexa o caso (modelo 03AEH).

A titora ou titor, xunto co departamento de orientación educativa do centro, velará pola elaboración da proposta curricular para traballar co alumnado no seu domicilio, que será trasladada ao profesorado de atención domiciliaria, de ser o caso, segundo o modelo 06AEH. A finalidade deste profesorado é servir de vencello entre o centro educativo, a aula hospitalaria, se for o caso, e o alumnado no seu domicilio

O profesorado de atención domiciliaria coordinarase co/a titor/ e, de ser o caso, recadará información do profesorado da aula hospitalaria para coñecer a situación académica na que se atopa o estudante e establecer un plan de traballo.

No momento de incorporación do alumnado ao seu centro habitual, ou ao final de cada trimestre escolar, o profesorado domiciliaria elaborará un informe de valoración do proceso de ensino-aprendizaxe, segundo o modelo 05AED.

#### **Protocolo de atención en urxencias sanitarias e de atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica**

**Orde 27 de decembro de 2002 (DOG 30/1/03)- Criterios de escolarización de alumnos con NEE (sección II artigos 47 a 51)**

**Decreto 229/2011 do 7 de decembro que regula atención á diversidade do alumnado (art. 25)**



**Protocolo de atención educativa domiciliaria (editado pola Xunta)**

**ATENCIÓN EDUCATIVA A MOZAS EMBARAZADAS.**

Os centros docentes deberán proporcionar ás menores embarazadas que cursen estudos de ensino obrigatorio e postobrigatorio a adecuación dos procesos de ensino e aprendizaxe ás súas necesidades durante o seu embarazo e nos dous anos seguintes ao parto, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

A menor de idade durante o proceso de xestación e, posteriormente, no caso de que se faga cargo da atención da súa filla ou fillo, terá dereito a ser autorizada, pola Administración educativa, para asistir intermitentemente ao centro en que está escolarizada, de acordo coas súas necesidades. Este dereito esténdese ao pai menor de idade que xustifique un comportamento de paternidade responsable.

**Decreto 229/2011 do 7 de decembro que regula atención á diversidade do alumnado (art. 31)**

**ALUMNADO MENOR SOMETIDO A MEDIDAS DE RESPONSABILIDADE PENAL**

A escolarización deste alumnado regúlase polo establecido no artigo 7 da Lei orgánica 5/2000 do 12 de xaneiro.

**Decreto 229/2011 do 7 de decembro que regula atención á diversidade do alumnado (art. 26)**

**ALUMNADO SOMETIDO A MEDIDAS DE PROTECCIÓN E TUTELA**

Este alumnado será considerada con ACNEAE por condición persoais ou de historia escolar. Os centros deben adoptar medidas de atención á diversidade que aseguren o seu proceso educativo.

**Decreto 229/2011 do 7 de decembro que regula atención á diversidade do alumnado (art. 27)**

**ALUMNADO AFECTADO POR MEDIDAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO/ACOSO ESCOLAR**

Este alumnado ten dereito a escolarización inmediata no caso de cambio de centro derivado desta situación, prestándose especial atención á súa inclusión e normalización.

**Decreto 229/2011 do 7 de decembro que regula atención á diversidade do alumnado (art. 28)**

**e Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso (maio 2013)**

**ALUMNADO ABSENTISTA, CON ABANDONO ESCOLAR TEMPERÁ E DESESCOLARIZADO**

SEGUIRASE O ESPECIFICADO NO ART 22 E 23 DO D. 229/2011, O Protocolo educativo para a prevención e control do absentismo escolar en Galicia (31 de xaneiro 2014) e o protocolo de colaboración establecido en decembro de 2015 co concello de Lalín.

**ALUMNADO PERTENCENTE A FAMILIAS ITINERANTES**

Este alumnado estará escolarizada nos centros do contorno onde itine a familia, nas condicións establecidas con carácter seral e coas medidas de atención á diversidade que procedan.

**Decreto 229/2011 do 7 de decembro que regula atención á diversidade do alumnado (art. 29)**

**3.6.- OUTRAS ACTUACIÓNS DO CENTRO:**

- Facilitar a transición primaria – secundaria: sesión de acollida do alumnado de primaria (no mes de maio-xuño). Recollida de información dos titores de 6º de primaria sobre as características e necesidades do alumnado que se vai incorporar o IES.



- Avaliación inicial do alumnado utilizando un modelo de recollida de información (anexos), reunión da orientadora e XE para toma de decisións sobre conformación de grupos ou particularidades que afecten á integración do alumnado no grupo-clase.
- A principios de curso o Departamento de Orientación proporcionará ós titores información relativa ós alumnos que está previsto van a ser obxecto de medidas de atención á diversidade .
- Colaboración na toma de decisións sobre medidas de atención do alumnado.
- Potenciación da acción tutorial e en especial do Consello de aula coma experiencia para traballar a resolución de conflitos e toma de decisión colexiada no grupo-clase.

### 3.6.1.-PLAN DE ACOLLIDA ALUMNADO ESTRANXEIRO:

#### 1ª Fase: Acollida no centro.

#### ACTUACIÓNS COA FAMILIA E CO ALUMNO/A.

- ✘ Matriculación: o primeiro contacto que teñen as familias inmigrantes cos centros adoita ser a través do equipo directivo. Necesitan ser informados sobre o noso sistema educativo e coñecer o centro onde van a escolarizar aos seus fillos. Precisan información sobre servizos de transporte e comedor, horarios, espazos, material escolar necesario, atención específica ao alumnado inmigrante (aprendizaxe de idiomas, reforzos, agrupamentos, etc), actividades extraescolares... Sempre que sexa posible, é mellor facilitar esta información na súa lingua e por escrito.
- ✘ Entrevistas para a recollida de información sobre datos persoais e académicos: a súa escolarización previa e das súas habilidades básicas en lectoescritura, francés e /ou inglés e matemáticas (**departamento de orientación/ PT, profesorado das distintas materias**).
- ✘ Avaliación inicial nas distintas materias se é posible a nivel de comunicación (**departamento de orientación/PT, profesorado das distintas materias**).
- ✘ Determinación do seu nivel de competencia en español e /ou galego e de posibles necesidades educativas específicas (**departamento de orientación**).
- ✘ A adscrición ó curso e grupo farase tendo en conta a lexislación vixente (**equipo directivo**).
- ✘ Coordinación cos Servizos Sociais do concello (**equipo directivo / orientador/a/ educadora de familia**).
- ✘ Presentación do profesorado e compañeiros (**equipo directivo/ orientador/a**).



- ✘ Elaboración dun plan de intervención. Aplicación de medidas de atención ao alumnado inmigrante (se é factible).
  - Organizativas:
    - Grupo de adquisición de linguas.
    - Grupo de adaptación da competencia curricular.
  - E/ou curriculares:
    - Reforzo educativo.
    - Adaptacións curriculares.
    - Flexibilización de idade.
- (**departamento de orientación, equipo directivo, profesorado**).
- ✘ Insistir coa familia na necesidade de manter contacto constante e frecuente co centro educativo, a través do titor ou titora, de xeito que estean informados sobre o proceso de adaptación ó centro do alumno/a, así como dos progresos que se van dando (**titor/a**).
- ✘ Ó remate de cada trimestre a familia recibirá información por escrito sobre a evolución do se fillo/a referida a: nivel de adaptación, progreso nas linguas, competencia curricular, actitude cara a aprendizaxe e todas aquelas observacións que se consideren pertinentes.

#### ACTUACIÓN CON TODO O ALUMNADO DO CENTRO.

- ✘ Actividades favorecedoras da convivencia multicultural (dentro do PAT/departamento de orientación, titores/as, profesorado).
- ✘ **ACTUACIÓNS CONXUNTAS DO EQUIPO DIRECTIVO, DPTO. ORIENTACIÓN, TITOR/A E EQUIPO DOCENTE.**

No momento en que se vaia a incorporar un novo alumno/a ao grupo, sobre todo se esta incorporación se produce unha vez iniciado o curso, débese convocar unha **reunión extraordinaria** do Equipo Docente do grupo para pasarlles información e facilitarlle todos os datos dos que se dispón, de xeito que se poida establecer un plan de traballo, concretar as medidas extraordinarias a adoptar e as actividades a realizar nos primeiros momentos (segundo o Plan de Acollda do centro). Orientacións sobre as actuacións do profesorado

**2ª Fase: Acollda no grupo/clase** (titor/a, profesorado, alumnado).

Propostas de actividades de:

- ✘ Presentación (saúdos en distintos idiomas e rótulos nas dependencias do centro).
- ✘ Realización dun percorrido polo centro e visitar as instalacións e dependencias que os alumnos/as vaian utilizar.



- ✘ Establecemento do alumno/a titor/a que o/a acompañará nos primeiros movementos no centro e ó/á que poderá acudir en momentos de conflito ou necesidade.
- ✘ Informar ao alumnado do lugar de procedencia do alumno/a inmigrante: localización no mapa, idioma, relixión,... Proponer actividades de coñecemento da cultura dos alumnos inmigrantes (sempre desde unha perspectiva positiva e de respecto). Pedir colaboración e darlles orientacións de cómo deben de comportarse con el/a (sen sobreprotexelo /a nin deixalo/a que se apañe por si mesmo/a). Procuramos que un alumno da súa nacionalidade ou que coñeza o seu idioma, sirva de apoio na primeira semana tanto para orientarse no centro como para coñecer dinámicas de funcionamento e integrarse/coñecer compañeiros.
- ✘ Facilitar ao alumnado inmigrante información sobre: horarios (co grupo ordinario, do grupo para adquisición de lingua e do grupo para adquisición da competencia curricular se é o caso), vocabulario básico (no seu idioma e no noso), normas de clase (progresivamente), material de clase que debe de adquirir, etc.
- ✘ Dentro do PAT incluír actividades que favorezan a convivencia e a resolución pacífica dos conflitos.

### 3.6.2.-PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS

A circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO, que na súa instrución oitava punto 1 sinala que *“correspóndelle á xefatura do Dpto. de Orientación elaborar un programa básico de habilidades sociais, que contemple, ademáis, actuacións para o desenvolvemento cognitivo, para o autoconecemento e a mellora da autoestima; programa que se incorporará ao plan de acción tutorial, de tal xeito que todo o alumnado utilice ou incorpore estratexias para comunicarse e enfrontar adecuadamente aquelas situacións de conflito ás que poida verse exposto na súa vida escolar e social”*.

Usando a definición de Carballo V. (1986) describimos *“a conduta socialmente habilidosa coma o conxunto de condutas emitidas por un individuo nun contexto interpersonal, que expresan os sentimentos, actitudes, desexos, opinións ou dereitos dese individuo dun xeito adecuado a esa situación, respectando esas condutas nos demais, e que xeralmente resolve os problemas inmediatos da situación mentres minimiza a probabilidade de futuros problemas.”*

Na medida en que unha persoa relaciónase de forma adecuada con outros, recibe reforzamento social positivo, o cal eleva a súa autoestima. As habilidades sociais





poderíamolas ver como un elemento preventivo de problemas condutuais. Dito noutras palabras, as persoas con boas habilidades sociais, teñen máis alta probabilidade tanto de conseguir os seus obxectivos como de manter unha boa relación cos demais, feito que aumenta o sentimento de autoeficacia.

Este curso iniciamos un programa de titoría entre iguais destinado a 1º e 3º ESO e outro de formación de mediadores/as escolares que abrangue da ESO a BAC, ciclos formativos.

- DESTINATARIOS PROGRAMA DE HHSS

Alumnado de 1º /2º de ESO/ FP Básica

- OBXECTIVOS DO PROGRAMA

O obxectivo xeral é conseguir que o alumnado adquira unha conduta social competente que o leve a relacionarse da forma máis efectiva posible tanto cos seus compañeiros como cos profesores e na relación cos demais en xeral.

Ante as características especiais que presenta este alumnado, consideramos que obxectivos específicos a conseguir deben ser:

- Proporcionar información sobre o que son as habilidades sociais e a importancia do seu uso e aprendizaxe, de forma que poida extrapolar e aplicar estratexias de afrontamento e resolución de conflitos na súa vida diaria e na futura vida laboral/profesional, desenvolvéndose dun xeito eficaz.
- Adestramento na habilidade de escoitar, facéndolles ver os beneficios de facelo, influíndo de forma positiva nas súas relacións cos demais.
- Adestramento na habilidade de negociar, poñerse de acordo, que lles proporcionará aos alumnos novos modos de previr conflitos.
- Adestramento na habilidade de desculpase, facéndolles ver os beneficios de facelo, influíndo de forma positiva nas súas relacións cos demais.
- Adestramento na habilidade de enfrontarse ás presións, o que lles proporcionará aos alumnos un maior afianzamento da súa personalidade.

## **4.-COORDINACIÓN NAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

### **4.1.-COS DOCENTES**

É preciso asegurar a coordinación entre os distintos niveis e priorizar a atención á diversidade co maior achegamento posible ao alumnado. De ahí que o primeiro nivel de actuación en canto á resposta á diversidade fundaméntase na á actuación individual do profesor, con medidas a nivel de aula, sobre cada alumno ou grupo de alumnos.



Facilitarase a labor da profesora de Pedagogía Terapéutica coas reunións pertinentes para coordinar e establecer con ela os horarios e pautas para a atención ó ACNEAE: este apoio realizarase dentro da aula, e será nas áreas instrumentais (castelán, galego e matemáticas) nas que se facilitarán actividades específicas en condicións especiais (individualización, adaptación de tempos e diversificación nas aprendizaxes con materiais variados en canto a vía de presentación, nivel de dificultade...).

Procurarase establecer un horario de reunións semanais cos titores e de departamento de orientación onde se levarán a cabo tarefas de asesoramento e posta en comúns das actuacións a levar a cabo co alumnado. Tamén haberá reunións trimestrais cos membros do Observatorio de Convivencia para manernos informados da evolución deste alumnado así como novas problemáticas que vaian xurdindo, ademais doutras reunións extraordinarias que podan ser necesarias, e o departamento de orientación manterá un horario de atención ó alumnado.

#### **4.2.-COS CENTROS ADSCRITOS**

Mantéñense reunións trimestrais (a non ser que se precisen con maior asiduidade, a petición de calquera dos membros) coas orientadoras do centros de primaria adscritos para recoller información relativa a atención á diversidade, peculiaridades nos grupos... Os centros que nos remiten alumnado son:

- CEIP Manuel Rivero (Lalín)      -CEIP Xaquín Loriga (Prado)      -CEIP Agolada
- CEIP Vicente Arias de la Maza (Vilatuxe)      -CEIP Pío Cabanillas (Dozón)

Puntualmente recibimos alumnado procedente do centro Sagrado Corazón, CEIP Xesús Golmar e IES Ramón María Aller de Lalín, CEIP de Cercio e doutros centros fóra do concello (Rodeiro, Silleda..).

#### **4.3.-CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS**

A comunicación, intercambio de información e opinións sobre o alumnado, coas familias ten que ser constante e fluída para incidir no proceso educativo e orientador dos fillos. Por iso se levarán a cabo:

- reunións de e cos pais que se realicen ao longo do curso académico
- entrevistas individuais, a petición do equipo de docentes ou da familia
- haberá un horario de atención semanal

-información sobre a marcha académica dos fillos/as e sobre calquera tema que repercuta no mesmo

-a ANPA será un instrumento de colaboración nas diferentes actividades que se organicen no Centro

-charlas divulgativas e informativas ás familias en horario flexible, centradas en mellora de comunicación cos fillos, continuación de estudos...

Neste Centro as novas tecnoloxías están a orde do día, por iso contamos cunha comunicación inmediata a través do móbil, no mesmo día as familias poden acceder a calquera tipo de información relacionada cos seus fillos, ademáis no Centro existen dúas aulas habilitadas cun ordenador onde poden consultar información do seu fillo e tamén temos un Observatorio de Convivencia que conta con representación das familias onde poden acceder a información e participar nas actuacións relacionadas coa convivencia no centro, a través da Anpa tamén se canalizarán peticións para realizar actuacións concretas co Centro.

As familias serán oídas en todas aquelas decisións que se tomen respecto ás medidas a poñer en marcha para a mellora das aprendizaxes dos seus fillos e fillas calqueira que elas sexan. Ademáis será necesario que colaboren co profesorado na posta en marcha y seguimento de todas elas tanto no ámbito escolar como no familiar.

#### **4.4.-CANLES DE COLABORACIÓN COS SERVIZOS EXTERNOS**

A coordinación e integración de actuacións das diferentes Administracións e entidades irán encamiñadas a garantir a corresponsabilidade na tarefa educativa así como a planificación de recursos. Deste xeito mantense contacto con entidades variadas (Centro de Saúde, OMIX, CIM, Servizo de Igualdade, Asociación de Empresarios, Casa da Xuventude, EOE, ONG's, oficina de Consumo, Aspadeza, Cruz Vermella...) para procurar a mellor atención ao alumnado (organización e desenvolvemento de programas e actividades que favorezan a diversidade, a interacción e inclusión nas aulas).

Destaca o convenio de colaboración cos Servizos Sociais do concello, xa que a revisión de expedentes indica o elevado número de alumnos tutelados por este servizo: estableceranse sesións mensuais de coordinación coa traballadora social e a psicóloga.

Haberá reunións trimestrais coa Comisión de Convivencia para mantermos informados da evolución deste alumnado así de novas problemáticas que xurdan.



## 5.-SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

O Plan de Atención á Diversidade debe axustarse á realidade cambiante do centro. Ao inicio do curso escolar, elaborárase o programa de intervención e ao remate do curso farase a avaliación final, propoñendo, no seu caso, as modificacións pertinentes en canto a alumnado e recursos humanos e materiais previstos para o curso seguinte. O proceso a seguir será o seguinte:

- Análise e avaliación nas reunións de coordinación.
- Posta en común na CCP.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións ao Claustro de Profesorado para o seu coñecemento.

Calquera planificación que se leve a cabo no contexto educativo debe incluír procedementos para a avaliación, tanto das aprendizaxes acadadas polo alumnado como da propia práctica docente.

### **a) Avaliación da práctica docente:**

Comprobar en qué medida se axustou a planificación e posta en práctica das actividades á realidade e necesidades presentes no grupo e contexto. Deberá realizarse de forma procesual (avaliación formativa), e poderá tomar en consideración, entre outros, os seguintes indicadores:

- Grao de consecución dos obxectivos propostos e aspectos que influíron na metodoloxía, na elaboración da programación, materiais e recursos empregados.
- Grao de cumprimento da temporalización prevista.
- Nivel de satisfacción do alumnado.
- Grao de efectividade das dinámicas e actividades.
- Grao de implicación de familias e profesorado.
- Nivel e clima das relacións de grupo.
- Grao de mellora na madurez vocacional do alumnado.
- Grao de mellora do rendimento académico do alumnado.

Entre os instrumentos empregados:

- Cuestionarios e actividades de satisfacción sobre as actividades



- Escalas de observación durante o desenvolvemento das actividades, dinámicas...
- Cuestionario pre (a principios de curso) e pos-test (finalización do programa) acerca de coñecementos, intereses etc,

## 2) Avaliación de aprendizaxes acadados polo alumnado:

En función das actividades, elaboraranse indicadores para medir este parámetro, pero podemos incluír: portafolios, escalas de observación, diarios de aprendizaxe, superación ou non dos obxectivos educativos, grao de integración/participación no centro (actividades curriculares e extraescolares).

Conforme ao artigo 13.2 do D. 229/2011 que regula a atención á diversidade en Galicia, ao remate do curso o departamento de orientación elaborará a memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade que se incorporará á memoria final do departamento.

## 6.-RECURSOS WEB

### Atención á diversidade

[www.ticne.es](http://www.ticne.es) (solucións TIC para ANEE)

[www.altacapacidades.org](http://www.altacapacidades.org)

[www.juntadeandalucia.es/averroes/](http://www.juntadeandalucia.es/averroes/)

<http://cvc.cervantes.es/ensenanza/default.htm>

[www.educaguia.com](http://www.educaguia.com)

[www.ceapat.org/verIndex.do](http://www.ceapat.org/verIndex.do)

[www.aplicacioneseducativas.net](http://www.aplicacioneseducativas.net)

[www.psicoadactiva.com](http://www.psicoadactiva.com)

[www.needitdirectorio.com](http://www.needitdirectorio.com)

<http://www.copoe.org/revista-copoe-educar-y-orientar>

[www.tareasyemas.es](http://www.tareasyemas.es)

[www.elesapiens.com](http://www.elesapiens.com)

<http://cedec.ite.educacion.es>

[www.dislexiasinbarreras.com](http://www.dislexiasinbarreras.com)

[www.psicodiagnosis.es/areaclinica/trastornosnelambitoescolar/](http://www.psicodiagnosis.es/areaclinica/trastornosnelambitoescolar/)

[www.mi-carrera.com](http://www.mi-carrera.com)

<https://www.unmundodiferente.es/node/33>

[www.ladislexia.net](http://www.ladislexia.net)

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisaacperal/category/6/57>



<http://.aprenderaaeducar.org>

<http://orientaciongal.blogspot.com>.

[www.recursoseducativos.net](http://www.recursoseducativos.net)

<http://orientapas.blogspot.com.es/>

[www.ayudaparamaestros.com](http://www.ayudaparamaestros.com)

[www.justificaturespuesta.com](http://www.justificaturespuesta.com)

<http://educarcadasemana.es>

[https://www.ted.com/talks/sir\\_ken\\_robinson\\_bring\\_on\\_the\\_revolution?language=es](https://www.ted.com/talks/sir_ken_robinson_bring_on_the_revolution?language=es)

<http://famiyaiycole.com/>

[www.discapacidademotora.blogspot.com](http://www.discapacidademotora.blogspot.com)

Lalín, 1 de outubro de 2020

Asdo. Ana Gulías Troitiño

Xefa do Dpto de Orientación

## ANEXOS

- 1.-CRONOGRAMA DAS ACTIVIDADES DO DPTO. ORIENTACIÓN
- 2.-PROPOSTA DE PLAN DE ATENCIÓN A ALUMNADO REPETIDOR
- 3.- PROPOSTA DE PLAN DE ATENCIÓN A ALUMNADO CON PENDENTES
- 4.- PROPOSTA DE PROGRAMA ESPECÍFICO PERSONALIZADO
- 5.-PROGRAMACIÓN DA DOCENTE DE PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA E AL





## 1.-CRONOGRAMA DAS ACTIVIDADES DO DPTO DE ORIENTACIÓN

Temporización	Actividades xerais do departamento	Axentes implicados
Durante o todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Difusión das actividades do DO e a súa dispoñibilidade</li> <li>• Asistencia a xuntas de avaliación para recoller necesidades e demandas de intervención no alumnado</li> <li>• Representación na CCP e participación na elaboración/revisión do PEC, PCC cos demais membros.</li> <li>• Asesoramento metodolóxico, aporte de documentación para o PCC</li> <li>• Asesorar ó equipo directivo, CCP e docentes para mellora-la atención á diversidade</li> <li>• Elaboración do PAT, POAP e PAD (segundo as directrices marcadas poloa CCP)</li> <li>• Adquisición de material para o DO (titorías, atención alumnado neae, orientación académico-profesional)</li> <li>• Coordinación con outras institucións e xefatura de estudos/equipo directivo respecto de actividades titoriais e de convivencia</li> <li>• Difusión de información a familias sobre sistema educativo, posibilidades e intereses dos fillos e calquera outra información pertinente</li> <li>• Fomentar a convivencia e a resolución de conflitos de forma positiva dos membros da comunidade educativa</li> </ul>	<p>Xefatura do DO</p> <p>“</p> <p>”</p> <p>”</p> <p>”</p> <p>”</p> <p>“</p> <p>“</p> <p>Xef. DO/XE/ Titores DO/titores/ comisión de convivencia</p>
<b>ACCIÓN TITORIAL</b>		
1ºtrimestre Semanais	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración e revisión do PAT</li> <li>• Reunións cos titores e aporte de material que precisen para as actividades de titoría</li> </ul>	<p>Xef. DO Xef. DO</p>
Primeiro mes	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificar/coordinar “xornadas de acollida” a pais/nais dos alumnos</li> </ul>	<p>Xef. DO/Xefe estudios</p>
Todo o curso/ trimestral-mente	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realización de actividades relacionadas coa transversalidade e desenvolvemento de obradoiro monográficos (educación afectiva-sexual, convivencia, educación para a saúde, igualdade, clases sen fume, HHSS, novas tecnoloxías, educación vial, xénero, educación medioambiental...)</li> </ul>	<p>Titores/xef. DO Xef. DO/axentes externos</p>
Según efemérides	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades relativas a conmemoración como a día contra a violencia de xénero, a muller traballadora, día do consumidor, día da paz, medioambiente, consumo responsable, loita contra VIH...</li> </ul>	<p>DO/titores/ axente externo</p>
Todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración das actividades, recollida de suxerencias, propostas de alumnado e docentes e asesoramento contínuo titores</li> <li>• Información sobre actividades do entorno de interés para as titorías</li> </ul>	<p>Xef. DO</p>
“		<p>”</p>



**APOIO AÓ PROCESO DE ENSIÑANZA-APRENDIZAXE/ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Inicio curso e necesidade Setembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración da competencia curricular e adopción de medidas para os alumnos con dificultades</li> <li>• Tramitación de becas para alumnado con necesidades específicas</li> </ul>	Xef. de DO e profesores área
Todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Revisión de expedientes alumnado novo ingreso e informar das particularidades</li> </ul>	Xef. DO
Todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Información ós titores dos ACNEE e medidas tomadas</li> </ul>	Xef. DO/ PT/XE
“	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asesoramento ó profesorado sobre pautas de traballo co alumnado con NEE, aportación de material curricular...</li> </ul>	Xef. DO /PT
“	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguimento do ACNEAE, revisión e axuste das medidas de atención aplicadas. Detección de alumnado con posible déficit de aprendizaxe</li> </ul>	Xef. DO
1º-2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actividades sobre planificación e técnicas de estudio, TTI, motivación....</li> </ul>	Xef. DO/Titores Docentes de materia/DO
Outubro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración de ACI</li> </ul>	Xef. DO
Según necesidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Avaliacións psicopedagóxicas do ACNEAE, entrevistas cos pais/alumnos e redacción de informes</li> </ul>	Xef. DO
Todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Asesoramento e colaboración seguimento de ACI</li> </ul>	Xef. DO
Todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Valoración, xunto con titores, do alumnado que precisará reforzo educativo, ACI, PMAR, FP Básica para o vindeiro curso</li> </ul>	Xefatura DO/XE/ docentes
Según necesidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Derivación de casos a servicios especializados (EOE; saúde mental, servicios sociais...)</li> </ul>	DO/XE/Dirección
Todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Coordinación con PT, docentes agrupamentos específicos, asesoramento, facilitación de material</li> </ul>	Xef. DO

**ORIENTACIÓN ACADÉMICA-PROFESIONAL**

1º trimes. Todo curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Planificación do POAP</li> <li>• Orientación individualizada ós alumnos que o demanden directamente ó DO</li> </ul>	Xef. DO Xef. DO
3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Charla-coloquio para alumnos de 2º bacharelato: acceso á universidade, formación profesional grao superior...</li> </ul>	Titor/xef. DO/ externos
3º trimes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Consello orientador para alumnado da ESO</li> </ul>	Titor/xef. DO
Todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Disposición de taboleiro de información do DO e na web do instituto para o alumnado e actualización da mesma</li> </ul>	Xef. DO
2º-3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Colaboración con entidades do entorno para programas de autoemprego, coñecemento do entorno productivo...</li> </ul>	Xef. DO/FOL
Todo o curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entrevistas con pais/nais de alumnos que o demanden</li> </ul>	Xef. DO/titor Titor/Xef. DO
2º-3º trim.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Orientación profesional na ESO, ciclos formativos, Bacharelato e FP Básica</li> </ul>	Xef. DO
2º trim.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Visitas didácticas (USC; EDUGAL....)</li> </ul>	Xef. DO

**ACCIONS COS CENTROS DE PRIMARIA DE REFERENCIA**

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Colaborar co asesoramento sobre programas de intervención, material curricular,</li> </ul>	
--	---	--



Todo o curso	<p>metodoloxía, respostas educativas, modalidade de escolarización... según necesidades</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Colaboración no asesoramento do alumnado de 6º EP para o vindeiro curso no instituto (optatividade, o centro, áreas...)</li> <li>• Información sobre alumnos con neae para o vindeiro curso.</li> </ul>	Xefatura DO/ Xefatura Estudios
<b>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS</b>		
Setembro	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración da programación anual do DO</li> <li>• Constitución do DO cos seus membros</li> </ul>	Xefatura DO
Xuño	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Elaboración do informe final e avaliación do plan</li> </ul>	
todo curso	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dotación de material psicopedagóxico para o DO/PT</li> </ul>	
“	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Confección de dossiers, cuestionarios, documentación propia do DO.</li> </ul>	
”	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Fomentar a participación dos docentes en proxectos de innovación educativa e na mellora da súa formación</li> </ul>	
“	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Colaboración con entidades para desenvolver accións concretas (asistenciais, médicas, psicopedagóxicas, formativas...)</li> </ul>	



## 2.-PROPOSTA PARA ATENCIÓN A ALUMNADO REPETIDOR NO IES LAXEIRO

1. Medidas de recuperación para alumnos con áreas evaluadas negativamente. A xefatura de estudos proporciona a inicio de curso a cada departamento didáctico, o listado de alumnado con pendentes e dende estes departamentos pode contemplarse un periodo lectivo á semana (un par de recreos) para a atención do alumnado repetidor (procurando non solapar as materias e días de atención para o alumnado con varias pendentes).

Pode establecerse un calendario semanal, que se entregará a alumnado e familia, e no cal se atenderá dúbidas, daranse explicacións... das materias (a cargo dos docentes que as imparten non curso que o alumno/a ten pendente).

Pode empregarse unha aula concreta para a atención a este alumnado (por exemplo a polivalente).

As programacións dos departamentos deben recoller as súas medidas de atención a alumnado repetidor.

2. Realizar, dende orientación, unha entrevista persoal co alumno/a acompañado da familia, para valorar as expectativas e pautas familiares, explicar as posibles opción que se lle abren ou pechan e, se é posible, establecer un compromiso educativo coa familia durante o curso.

Alí especificaranse as horas de atención que se lle darán ao alumno/a, por parte do docente (ver apartado 1), o compromiso da familia de supervisar no fogar que o alumno/a faga as tarefas de recuperación (fichas específica, trabalos, exames...) e de acudir con periodicidade ao centro para informarse dos progresos, actitude... do alumno/a.

Entre os aspectos a incluír nesa entrevista:

- intercambio de información sobre o proceso educativo do alumno/a (rendemento xeral, dificultades de aprendizaxe, hábitos de estudo, actitudes, posibilidades académicas, inserción na vida do centro, expectativas familiares, intereses do alumnado, etc.).
- Búsqueda da coherencia educativa entre centro e a familia.
- Implicación da familia no apoio á aprendizaxe (nos aspectos que sexa posible): condicións de estudo en casa, motivación, planificación do tempo de ocio, etc.
- Orientación sobre temas ou problemas concretos preocupan aos pais.

3. Incorporalo ao PROA modalidade 1.a (previa información á familia).



4. Procurar que, alomenos unha hora semanal en LC, LG e MAT, teñan á súa disposición á profesora de P-T, para contribuir cos docentes desas áreas, á resolución de dúbidas, facilitar consultas académicas...
  
5. Revisión dos resultados da 1ª avaliación para facer a identificación temperá dos posible repetidores e ter reunións con titoría+familia+orientación para informar e poñen nas súas mans a responsabilidade de repetir ou non, dándolles opción de incluírse no grupo de atención a repetidores xa existentes (punto 1). Facer compromisos individualizados, o que pode incluír aspectos como entrar no grupo de PMAR para o curso seguinte sempre que se comprometan a cumprir unha serie de puntos durante o curso actual (compromiso por escrito incluíndo aspectos como aproveitamento do tempo na aula, bo comportamento, asistencia continuada ao centro, participación no PROA, entrega dos traballos con puntualidade....

**Indicar que soe haber interrelación entre cumprimento de normas, alumnado con dificultades (académicas, de conduta) e seguimento individualizado. A mellora dun destes aspectos beneficia aos outros (se hai menos alumnos repetidores vai haber menos alumnos difíciles e mellor cumprimento de normas).**

Dpto Orientación



IES LAXEIRO. Lalín

**PLAN ESPECÍFICO PERSOALIZADO PARA ALUMNADO REPETIDOR**

O equipo docente, atendendo ao especificado no art. 8 do D. 229/2011 que regula a atención á diversidade do alumnado, propón o seguinte plan para o alumno/a abaixo citada, co obxectivo de favorecer a mellora da súa aprendizaxe. Este plan será explicado á familia buscando un compromiso educativo de colaboración.

<b>Alumno/a:</b>	<b>Curso</b>
<b>Titor/a:</b>	<b>Materia/s pendentes:</b>

CONTIDOS	TEMPO	RESPONSABLE	VALORACIÓN
Asistir a horas de libre disposición nas materias de	Recreos (especificar día e hora por materia)	Docente de:	Notas trimestrais e de control da/s materias
Seguimento tutorial de: -axenda escolar -deberes e traballos -tempo de estudo no fogar -compromiso educativo coa familia -inclusión no PROA Outras medidas: atención P-T -seguimento de conduta			Información quincenal ao alumno/a e mensual á familia -reunión mensual -información do DO -información de titor/a e/ou xefatura estudos

Lalín, .....de.....de 201....  
 O titor/a

.....

D/Dª.....pai/nai do alumno/a, unha vez informado do plan persoalizado

ACEPTA PARTICIPAR

NON ACEPTA PARTICIPAR

Asdo:.....





IES LAXEIRO. Lalín

## INFORMACIÓN E VALORACIÓN DO PLAN PERSOALIZADO Á FAMILIA

1º TRIMESTRE

(marcar cun X)	Nunca	As veces	Con frecuencia	Sempre
Asistencia á hora de libre disposición de:				
Aproveitamento deses apoios				
Compromiso e acordos educativos coa familia				
Seguemento de conduta				
Participación no PROA				
Seguemento titorial				
Outros: atención P-T (aproveitamento do recurso, interacción co/a docente respecto das dúbidas nas instrumentais....)				

Titor/a Pai/nai Data da reunión

2º TRIMESTRE

(marcar cun X)	Nunca	As veces	Con frecuencia	Sempre
Asistencia á hora de libre disposición de:				
Aproveitamento deses apoios				
Compromiso e acordos educativos coa familia				
Seguemento de conduta				
Participación no PROA				
Seguemento titorial				
Outros: atención P-T (aproveitamento do recurso, interacción co/a docente respecto das dúbidas nas instrumentais....)				

Titor/a Pai/nai data da reunión

3º TRIMESTRE

(marcar cun X)	Nunca	As veces	Con frecuencia	Sempre
Asistencia á hora de libre disposición de:				
Aproveitamento deses apoios				
Compromiso e acordos educativos coa familia				
Seguemento de conduta				
Participación no PROA				
Seguemento titorial				
Outros: atención P-T (aproveitamento do recurso, interacción co/a docente respecto das dúbidas nas instrumentais....)				

Titor/a Pai/nai data da reunión



### 3.-PROPOSTA PARA ATENCIÓN A ALUMNADO CON PENDENTES

## **PLAN DE SEGUIMIENTO DE PENDENTES**

DEPARTAMENTO:

INTEGRANTES:

XEFE DE DEPARTAMENTO:

PROFESORES:

### **PENDENTES NA ESO**

#### **ALUMNOS CON PENDENTES DE 1º DA ESO**

1. NÚMERO DE ALUMNOS

2. PROFESOR (-ES) ENCARGADO(-S)

3. ORGANIZACIÓN

#### **ALUMNOS CON PENDENTES DE 2º DA ESO**

4. NÚMERO DE ALUMNOS

5. PROFESOR (-ES) ENCARGADO(-S)

6. ORGANIZACIÓN



**ALUMNOS CON PENDENTES DE 3º DA ESO**

7. NÚMERO DE ALUMNOS

8. PROFESOR (-ES) ENCARGADO(-S)

9. ORGANIZACIÓN

**PENDENTES NO  
BACHARELATO**

**ALUMNOS DE 2º DE BACHARELATO CON PENDENTES DE 1º DE BACHARELATO**

1. NÚMERO DE ALUMNOS

2. PROFESOR (-ES) ENCARGADO(-S):

3. ORGANIZACIÓN:

**MODELO.- ( SACADO DA PROGRAMACIÓN DE LINGUA GALEGA )**

A atención ao alumnado coa materia de Lingua Galega e Literatura pendente de cursos anteriores correspóndelle ao conxunto do departamento. O xefe de departamento coordinará o proceso de recuperación da materia para aqueles alumnos/as que a teñan pendente.

O profesor/a que imparte a materia no curso no que actualmente está o alumno ten as seguintes funcións dentro do programa de recuperación:

a) Facer a observación e o seguimento das actitudes, estratexias de aprendizaxe e hábitos de traballo do alumno/a en relación co curso no que está actualmente.

b) Aclararlle todo tipo de dúbidas que vaian xurdindo.

Unha vez por trimestre, polo menos, o departamento dedicará a reunión ao seguimento e valoración do proceso de recuperación deste alumnado, tomando as medidas correctoras e de reforzo que se consideren necesarias. O “Grao mínimo de consecución dos estándares e o logro das competencias clave traballadas desde a área” será a referencia para superar a materia e farase un exame, ademais de ter en conta o traballo realizado durante o presente curso.



Os **critérios de cualificación do alumnado pendente na ESO** serán os seguintes:

- 1.- Observación da actividade diaria, traballo na aula, preguntas de clase, actitude cara á materia, cara ao profesor/ e os compañeiros no curso no que está este ano: 20% da nota.
- 2.- Elaboración de redaccións e/ou comentarios e resolución de fichas entregadas: 30% da nota.
- 3.- Exame de pendentes na data que estableza a xefatura de estudos: 50% da nota.

Os **critérios de cualificación do alumnado pendente de 1º de bacharelato** serán os seguintes:

- 1.- Observación da actividade diaria no curso no que está: 10% da nota.
- 2.- Realización de comentarios de texto e traballos no curso no que está: 20% da nota.
- 3.- Dous exames da materia (un en xaneiro e outro en abril): 70% da nota.

**PARA LA REALIZACIÓN DO PROGRAMA EMPREGARASE O SEGUINTE MATERIAL:**

**1ºESO**

**2º ESO**

**3º ESO**

**1º BACH**

<b>TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES</b>	
<b>QUINCENAS</b>	<b>ACTIVIDADES A REALIZAR</b>
1ª TEMA Dats:	
2ª TEMA Dats:	
3ª TEMA Dats	
4ª TEMA Dats	
5ª TEMA Dats	
6ª TEMA Dats	
7ª TEMA Dats	
8ª TEMA Dats	
8ª TEMA Dats	
9ª TEMA Dats	



10ª TEMA Datas	
11ª TEMA Datas	
12ª TEMA Datas	
13ª TEMA Datas	
14ª TEMA Datas	

### **PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS**

O centro facilitará a suscripción de compromisos educativos coas familias, co obxectivo de mellorar o rendemento do alumnado e os resultados destes programas.

Unha vez iniciado o curso o titor/a establecerá un calendario de tutorías específico coas familias de alumnado con pendentes para explicar o procedemento de atención ao alumno/ e comunicar resultados.

Cabe a opción de asinar unha serie de compromisos e facer un seguemento (ver modelos).



**PLAN ESPECÍFICO PERSOALIZADO PARA ALUMNADO CON PENDENTES**

O equipo docente, atendendo ao especificado no art. 8 do D. 229/2011 que regula a atención á diversidade do alumnado, propón o seguinte plan para o alumno/a abaixo citado/a, co obxectivo de favorecer a mellora da súa aprendizaxe. Este plan será explicado á familia buscando un compromiso educativo de colaboración.

<b>Alumno/a:</b>		<b>Curso</b>
<b>Titor/a:</b>	<b>Materia/s pendentes:</b>	

CONTIDOS	TEMPO	RESPONSABLE	VALORACIÓN
Asistir a horas de libre disposición nas materias de	Recreos (especificar día e hora por materia)	Docente de:	Notas trimestrais e de control da/s materias
Seguimento tutorial de: -axenda escolar -deberes e traballos -tempo de estudo no fogar -compromiso educativo coa familia -inclusión no PROA Outras medidas: -atención P-T -seguimento de conduta			Información quincenal ao alumno/a e mensual á familia  -reunión mensual  -información do DO  -información de titor/a e/ou xefatura estudos

Lalín, .....de.....de 201....

O titor/a.....

D/Dª.....pai/nai do alumno/a, unha vez informado do plan persoalizado

ACEPTA PARTICIPAR

NON ACEPTA PARTICIPAR

Asdo:.....





**PLAN ESPECÍFICO PERSONALIZADO PARA ALUMNADO CON PENDENTES**

Titor/a:

Alumno/a:

Curso escolar:

**DATOS DE INTERES RECOLLIDOS DO EXPEDIENTE DO ALUMNO/A:**

--

**RESULTADOS DA AVALIACION INICIAL:**

--

**ANALISE DE PUNTOS FORTES E PUNTOS DÉBILES (marcar con x o que se perciba)**

PUNTOS FORTES		PUNTOS DÉBILES	
Asistencia regular a clase.		Asistencia irregular a clase.	
Interés e motivación		Poco interés e motivación	
Colaboración familiar.		Sin colaboración familiar.	
Hábito de estudio.		Sen hábito de estudio.	
Reflexividade		Impulsividade.	
Cumplimento de normas.		Non cumprimento de normas.	
Realiza as tarefas.		No realiza las tareas.	
Capacidade de aprendizaxe		Dificultade de aprendizaxe	
Mantén a atención.		Non mantén a atención	
Outros		Outros	



## INFORMACIÓN E VALORACIÓN DO PLAN PERSOALIZADO Á FAMILIA

1º TRIMESTRE (marcar cun X) Nunca As veces Con frecuencia Sempre

Asistencia á hora de libre disposición de:				
Aproveitamento deses apoios				
Compromiso e acordos educativos coa familia				
Seguemento de conduta				
Participación no PROA				
Seguemento titorial				
Outros: atención P-T (aproveitamento do recurso, interacción co/a docente respecto das dúbidas nas instrumentais....)				

Titor/a

Pai/nai

Data da reunión

2º TRIMESTRE (marcar cun X) Nunca As veces Con frecuencia Sempre

Asistencia á hora de libre disposición de:				
Aproveitamento deses apoios				
Compromiso e acordos educativos coa familia				
Seguemento de conduta				
Participación no PROA				
Seguemento titorial				
Outros: atención P-T (aproveitamento do recurso, interacción co/a docente respecto das dúbidas nas instrumentais....)				

Titor/a

Pai/nai

data da reunión

3º TRIMESTRE (marcar cun X) Nunca As veces Con frecuencia Sempre

Asistencia á hora de libre disposición de:				
Aproveitamento deses apoios				
Compromiso e acordos educativos coa familia				
Seguemento de conduta				
Participación no PROA				
Seguemento titorial				
Outros: atención P-T (aproveitamento do recurso, interacción co/a docente respecto das dúbidas nas instrumentais....)				

Titor/a

Pai/nai

data da reunión

## 4.-PROPOSTA DE PROGRAMA ESPECÍFICO PERSONALIZADO

### 1.-XUSTIFICACIÓN

O decreto 86/2015 que establece o currículo da ESO e Bacharelato en Galicia, sinala no art. 7 a atención educativa para ACNEAE (o que inclúe dificultades de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades, incorporación tardía ao sistema educativo, condicións persoais ou de historia escolar...), co fin de que acaden o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias de cada etapa.

A lexislación que regula a atención á diversidade do alumnado en Galicia (D. 229/2011 do 7 de decembro de 2011) inclúe no artigo 8 as medidas ordinarias que faciliten a adecuación do currículo prescritivo (sen alteracións significativas) ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Ditas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe.

Entre as medidas ordinarias que os dptos didácticos deben poner en práctica, contémlanse:

Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado
Adaptación de tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación
Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria
Programas de recuperación de pendentes
Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas
Programas específicos personalizados

Actualmente veñen recollidas dentro das programacións, os programas de atención/recuperación de pendentes; ademáis o contrato-programa liña 2, céntrase no reforzo das instrumentais básicas (matemática e lingüística).

Queda pendente chegar a elaborar un programa básico que permita establecer atención específica personalizada para certo ACNEAE sen chegar a afectar a elementos prescritivos do currículo. Este é o obxectivo da presente proposta: establecer unha serie de recomendacións/pautas que deben ter en conta os dptos didácticos, para poder dar unha

atención o máis individualizada e consensuada posible no caso de que algún alumna/a a precise en base ás súas peculiaridades, que veñen descritas na táboa seguinte.

<p><b>Con dificultades/trastorno específico da aprendizaxe</b></p>	<p>-trastorno específico da aprendizaxe con dificultade para a lectura (dislexia, exactitude, velocidade, comprensión, precisión...)</p> <p>-trastorno específico da aprendizaxe con dificultade para matemáticas (precisión e fluidez de cálculo, lectura simbólica, conceptos numéricos, razoamento lóxico-abstracción, resolución de problemas, comprensión de regras do cálculo ou discalculia...)</p> <p>- trastorno específico da aprendizaxe con dificultade para expresión escrita (disgrafías, disortografías, expresión e composición..)</p> <p>-trastornos da aprendizaxe non especificados</p>			
<p><b>Trastornos da comunicación</b></p>	<p>-trastorno da linguaxe -trastorno da fala</p> <p>-trastorno da fluencia de inícia na infancia (tartamudeo)</p> <p>-trastorno da comunicación pragmática</p> <p>-trastorno da comunicación non especificado</p>			
<p><b>Con trastorno do neurodesenvolvemento (diversidade funcional:intelectual, motriz, sensorial...)</b></p>	<p>- con intelixencia inferior á media (discapacidade intelectual, retraso global do desenvolvemento, discapacidade intelectual non especificada...)</p> <p>-con problemas de mobilidade (distintos graos de parálise cerebral; espiña bífida; accidentes, tumores que afectan ao sistema motor, miopatías, amputacións, desenvolvemento da coordinación, movementos estereotipados, tics...)</p> <p>-con deficiencias visuais (máis ou menos graves), auditivas (xordeira, hipoacusias ...)</p> <p>-trastornos do neurodesenvolvemento non especificado</p> <p>-TDA/H -TDA/H non especificado</p>			
<p><b>Con trastornos disruptivos, de control de impulso, de conduta</b></p>	<p>-trastorno de personalidade antisocial</p> <p>-trastorno oposicional desafiante (antes TND) -problemas de relación nos sistemas familiar/escolar/social (problemas académicos/educativos, relacións pai-fillo/as...)</p> <p>-trastorno da conduta/con emocións prosociais limitadas</p>			
<p><b>Con TEA (anteriormente TXD)</b></p>	<p>-trastornos do espectro autista: trastorno autista, Asperger/Autismo de alto rendemento, trastorno desintegrativo infantil e TXD non especificado</p>			
<p><b>Absentismo escolar</b></p>	<p><b>Repetidor/con materias pendentes</b></p>	<p><b>Acollemento/situación desfavorecida</b></p>	<p><b>Risco suicida</b></p>	<p><b>Procedente do estranxeiro</b></p>
<p><b>Altas capacidades intelectuais</b></p>	<p><b>Atención hospitalaria/domiciliaria</b></p>	<p><b>Mozas embarazadas</b></p>	<p><b>Atraso curricular xeralizado/e específico</b></p>	<p><b>Alumnado sometido a responsabilidade penal/protección tutela</b></p>

## **2.-CONSIDERACIÓNS XERAIS**

a). As medidas de atención á diversidade abranguen o conxunto de estratexias de planificación e actuación dirixidas a dar resposta ás necesidades derivadas da diversidade de alumnas e alumnos co fin de posibilitar que todo o alumnado acade, de acordo coas súas posibilidades, as capacidades e competencias propias das distintas etapas educativas.

b). O centro educativo incluírá o tratamento da atención á diversidade nos diferentes documentos organizativos do centro, o proxecto educativo e as programacións didácticas. Así mesmo, no exercicio da súa autonomía pedagóxica, activará accións de aula, curso, etapa e/ou centro que contemplan as características do contexto social e cultural, as necesidades do noso alumnado e as posibilidades formativas do contorno.

c). As medidas de atención á diversidade terán un carácter revisable e estarán suxeitas a un proceso de avaliación continua, introducindo as modificacións que as necesidades existentes requiran.

d). Todas as medidas propostas levaranse a cabo nun contorno educativo o menos restritivo posible, que propicie a participación de toda a comunidade educativa e a colaboración e coordinación con outras administracións, corporacións locais, servizos e institucións. As familias/titores legais do alumnado será informadas dos proceso, resultados e medidas a aplicar, compartindo o esforzo educativo e participando e colaborando (nos termos legais establecidos) nas decisións que afecta á escolarización e procesos educativos do alumnado.

e). A identificación temperá dos necesidades educativas, a súa valoración e resposta educativa serán prioritarias. Neste sentido a avaliación inicial será un factor preventivo fundamental na atención á diversidade.

## **3.-RECOMENDACIÓNS XERAIS PARA ADAPTACIÓNS NA AVALIACIÓN E EXAMES PARA O ALUMNADO CON NEAE (VALORAR EN CADA CASO PARTICULAR O QUE SE LLE PODE PERMITIR E CONSENSUAR ENTRE O EQUIPO DOCENTE)**

Aínda que nos puntos 4 a 6 se fan indicacións específicas para alumnado TDAH/TDA, TEA, con trastorno de lectura e de escritura, a continuación se indican unha serie de pautas xerais para ACNEAE que poden seguir os docentes:



- a) **PERMITIR QUE POIDA TER ACCESO AO MATERIAL GRÁFICO** (esquemas gráficos e esquemas conceptuais coa secuencia gráfica dunha operación, procedemento...). determinar previamente qué material poderá dispor o alumno/a.
- b) **ANTES DE COMEZAR, LER O TEXTO EN VOZ ALTA** unha vez (xa sexa de forma grupal ou individual) ou permitirlle ter a grabación do texto para apoiar a lectura.
- c) **EN PROBAS ESCRITAS ASEGURARNOS QUE COMPRENDE O ENUNCIADO** de todas as preguntas.
- d) **AUMENTAR O INTERLIÑADO OU TAMAÑO DA LETRA. USAR CORES DIFERENTES NAS PREGUNTAS E ESPACIADOS CLAROS PARA MARCAR ONDE ACABA E ONDE EMPEZA.**
- e) **PRESENTAR AS PREGUNTAS DO EXAMEN POR ESCRITO** (non dictar).
- f) **PERMITIR O USO DO ORDENADOR**, se o alumno/a presenta unha disgrafía asociada (problemas ou lentitude no trazo, faltas ortográficas), para realizar as probas de avaliación.
- g) **EVITAR QUE TEÑA MÁIS DUN EXAME POR DÍA, ESPECIALMENTE CANDO HAI PROBAS COMPLEXAS E MOI CONTINUADAS**, sería necesario concederse máis tempo a este alumnado e mellor se están espaciados no tempo. O titor/a debería establecer un calendario a principio de trimestre, consensuado cos docentes do grupo.
- h) **FRAGMENTAR O TEXTO EN PEQUENAS PARTES E INTERCALAR AS PREGUNTAS DE COMPRENSIÓN**, ou numerar os parágrafos do texto como forma de organizar a presentación de información.
- i) **COIDAR NO FORMATO DOS EXAMES, QUE ESTEAN INCLUIDOS ESQUEMAS GRÁFICOS**. O profesorado pode saber o que aprendeu o alumnado de diferentes formas, e debe evitar os que conteñan demasiado contido verbal ou excesiva redacción escrita (especialmente en TDA, disgrafía, dislexia...). Son máis acertados os modelos de resposta múltiple, os que conteñan mapas conceptuais, gráficos para completar, deseños visuais, preguntas de relacionar, encher ocos con resposta correcta ofrecida entre varias alternativas, etc.
- k) **SEMPRE QUE SEXA NECESARIO, SE LLE DEBE PROPORCIONAR TEMPO ADICIONAL NAS PROBAS DE AVALIACIÓN ESCRITAS** e/ou reducir o número de preguntas a contestar. Pódese combinar con exames orais.
- l) **QUE O DOCENTE, NO EXAME, REVISE QUE O ALUMNO/A NON DEIXE ALGUNHA PREGUNTA SEN CONTESTAR E SINALARLLO**: no alumnado con TDA/TDAH é frecuente que se





salten algunha pregunta que son capaces de contestar, por desorganización achacable á súa problemática.

m) **ADAPTAR OS EXAMES AS SUAS POSIBILIDADES CON EXERCICIOS E FRASES SINXELAS** centrando a avaliación de cada tema na parte de comprensión e expresión oral.

ñ) **ALUMNADO CON PROBLEMAS DE DISLEXIA, DISGRAFÍA, TDA-TDAH:** dar opción de exames orais ou que contesten en ordenador ao mesmo exame que os compañeiros/as.

#### 4.-RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO CON TDAH-TDA

Establecer canles de coordinación entre todo o profesorado que lle imparte clase ao alumnado para unificar as pautas metodolóxicas, os sistemas de avaliación e as técnicas de control da conduta.

Entre as medidas de carácter ordinario imprescindibles:

- a) **Localización do alumno/a na aula:** debe estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeira/os que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Debe evitarse a proximidade a portas, fiestras, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como a estímulos sonoros ou visuais. Cando se realicen traballos en grupo hai que ser coidadosos coa localización do grupo (próximo ao profesorado) e coa elección das compañeiras/os. En actividades individuais, este alumnado deberá ocupar unha mesa separada, orientada cara a mesa do profesorado.
- b) **Mesa do alumno/a.** Enriba da mesa só estarán os materiais que necesite para realizar a tarefa, e, ao remate, deberá recollelos e gardalos, e hase de evitar que acabe xogando con eles e convertendo a mesa nun pequeno taller.
- c) **Tarefas e deberes.** É necesario:
  - Reducir e fragmentar as actividades e axeitar cantidade e grao de dificultade
  - Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
  - Non sobrecargar de tarefas para a casa, e seleccionar ben aquelas que se consideren máis importantes.
- d) **Antes e durante a realización das actividades.**
  - Alternar actividades teóricas con traballo práctico.



- Non dar ao alumno máis dunha instrucción, é máis efectivo dar unha orde despois da outra.
- Antes de empezar unha actividade, hai que explicala de xeito claro e sinxelo, e asegurarse de que a entendeu todo o alumnado.
- Utilizar estratexias para captar a atención inicial como cambios de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas (mellor facer tres correctas ca cinco incorrectas).
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras e variar os exercicios, para que non se aburra.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Conseguir a colaboración dun compañeiro/a “responsable”, para que lle axude a comprender e favoreza o inicio de realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, etc.).
- Uso de axenda para ter planificación previa das datas de exames, entrega de traballos.... alomenos con duas semana de antelación.

e) **Exames ou probas escritas.**

- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames ( complementar os exames escritos con unha parte oral ou utilizando o ordenador), debido ás dificultades de escritura dalgún alumnado con TDAH.



- Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
- Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa comprensión e execución.
- Posibilitar que poidan recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.

**f) Estratexias expositivas dos docentes na clase:**

- Antes de empezar, ha de asegurarse de que atende.
- Utilizar frases curtas e claras.
- Manter o contacto visual e permanecer cerca.
- Focalizar a atención nos conceptos “clave”.
- Utilizar estímulos visuais e modificar o ritmo da exposición, coas debidas pausas.
- Presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación.
- Utilizar estratexias de categorización e imaxes mentais de conceptos.
- Impicala ou impicalo, promovendo a súa participación con preguntas sinxelas.
- Uso da axenda
- Incorporar na aula un calendario onde os profesores poidan ir anotando as datas de exames, entrega de proxectos de forma coordinada, favorecendo que os mesmos estean espaciados no tempo.

**g) Entrevistas regulares entre o profesorado e a familia.**

A evolución positiva do alumnado dependerá da actuación do profesorado e do apoio da súa propia familia. Cómpre establecer entrevistas periódicas do profesorado titor coa familia (aconsellable cada 2 ou 3 semanas) para intercambiar información sobre os progresos nos planos académico, social e emocional, así como sobre as dificultades atopadas e as estratexias compartidas para superalas.

Importancia da axenda escolar pois debe:



- Supervisarse pola familia e polo profesorado, tratando de que o alumnado aprenda a usala.
- Servir para que o profesorado escriba diariamente algo positivo e poderanse mencionar, a continuación, aspectos que hai que mellorar.
- Usarse para que as familias e o alumnado coñezan, con antelación suficiente, as datas dos exames, os contidos que teñen que preparar, as datas para entrega de traballos, os libros de lectura, etc.
- Usarse para reforzar e eloxiar o bo rendemento e comportamento.

**h) Compartir responsabilidades na aula.** Pódense aproveitar os materiais para lle dar responsabilidades sobre o seu coidado e utilización: repartir, recoller, ordenar, facer fotocopias, borrar o encerado. Ao mesmo tempo, esas acción permítenlle moverse de vez en cando e descansar para poder recuperar a atención.

### 5.-RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO TEA (TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA):

Como sempre, os docentes deben compartir estratexias claras e comúns para atendelo. As MAD co alumnado inclúen:

- A) Localización do alumno/a na aula:** colocalo cerca do docente e alonxado de estímulos que o distraian (se non precisa apoios pictográficos, sistema de comunicación alternativo/aumentativo)
- B) Estratexias expositivas dos docentes na clase:**
- ter todo organizado e secuenciado paso a paso, con instrucións claras.
  - explicar cando está rematada a tarefa.
  - dirixirse a él en 1ª persona e de forma individual.
  - explicacións adaptados ao seu nivel de desenvolvemento, con apoio visual sempre que é posible.
  - eliminar hiperestimulación visual, pode chegar a bloquealos ou poñelos alterados.
  - uso da axenda escolar



- Incorporar na aula un panel ou zona específica cun calendario onde os profesores poidan ir anotando as datas de exames, entrega de proxectos de forma coordinada, favorecendo que os mesmos estean espaciados no tempo. Tamén se poden anotar diariamente os deberes que debe facer a clase
- linguaxe clara e precisa, evitando uso de dobres sentidos, ironías, sentidos figurados.
- moldeamento por parte de profesorado e compañeiro/as, encadeamento cara atrás, verbalizacións para procurar aprendizaxe sen erro e reforzo positivo
- pode precisar máis prácticas que outro alumno para aprender unha tarefa e mais tempo para emitir unha resposta
- necesita rutinas e preavisos.
- uso de TICs para facilitar acceso a currículo, presentar traballos...
- procurar situacións de aprendizaxe cooperativo nas que se poida valorar habilidades académicas ou persoais do alumno.
- tentar tocar nas tarefas académicas, os temas de interese que poida ter

**c) Exames ou probas escritas.**

- avaliación variada (exames curtos e concretos, con tempo extra, preguntas pechadas, de completar ou resposta curta, pode facer exames orais, uso de apoios visuais, uso de ordenador para os exames, exames con tipo de letra que permita discriminalle facilmente o que se lle pide...)

**d) Interaccións sociais e integración física no centro:**

- dar apoio de mapas ou guía se non coñece o centro e ofrecerlle axuda cando deba desplazarse a outra aula que non sexa a habitual (ter en conta que pode ser que non lles guste que os toquen, evitar ruídos e estridencias, poden ter leves movementos estereotipados cando se atopa incómodo ou agobiado...).
- cando faga saídas, excursións... precisa saber con antelación que tipo de actividade é, onde se vai, que se espera que suceda... e os docentes estarán pendentes das súas reaccións
- promover aprendizaxe funcional e utilidade para a súa vida



## 6.-RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO CON TRASTORNO ESPECÍFICO DA LECTOESCRITURA (DISLEXIA)

Entre as recomendacións básicas:

### A) Estratexias expositivas dos docentes na clase:

- Evitar que o alumno copie enunciados ou información escrita (pizarra, libro de texto, etc.) así como dictar preguntas.
- Permitir a elaboración dos apuntes con PowerPoint ou similar por parte do alumno.
- Como recurso didáctico dentro del aula utilizar reforzos e apoios visuais e auditivos na instrución oral (esquemas de claves, mapas conceptuais, resúmenes con apoio visual, murais interactivos, documentais, programas informáticos, CDs, utilización de enciclopedias ou dicionarios visuais, presentación das explicacións en PowerPoint ou similar, etc.).
- Permitir o uso do ordenador, que será unha ferramenta fundamental no seu proceso de aprendizaxe.
- Utilizar a grabadora para registrar as explicacións de clase, de forma que poidan utilizala como material de estudio.
- Permitir o uso da calculadora así como ter á vista as fórmulas tanto en clase como nas probas de avaliación en matemáticas, física e química.
- Uso de agenda para ter planificación previa das datas de exames, entrega de traballos.... alomenos cunha semana de antelación.
- Confeccionar unha folla diaria de rexistro das actividades a realizar polo alumno, para evitar exceso de deberes por parte de todo o profesorado, favorecer coordinación, reducindo actividades repetitivas e/ou complementarias pero non imprescindibles.
- Ter á vista un horario visual (cor/imaxe por asignatura).
- Incorporar na aula un calendario onde os profesores poidan ir anotando as datas de exames, entrega de proxectos de forma coordinada, favorecendo que os mesmos estean espaciados no tempo.





**b) Exames ou probas escritas.**

- Permitir que responda na súa lingua materna ou que presente interferencias entre castelán e galego e non penalizalo por elo.
- . Utilizar unha cor alternativa ao vermello na corrección.
- . Evitar corrección sistemática de todos os erros na escritura.
- . Presentar as preguntas do exame por escrito (non dictar). Interliñado mínimo 1`5.
- . Se presenta disgrafía asociada, permitir o uso do ordenador para realizar as probas de avaliación.
- .Exames curtos e frecuentes, propiciando avaliación continuada.
- .Exames mellor á primeira hora ou ben fragmentándollos.
- . Evitar que teña máis dun exame por día e espaciados no tempo.
- . Dar a coñecer datas das probas con máis dunha semana de antelación.
- . En probas escritas asegurarnos de que comprende o enunciado de todas as preguntas. Para iso, facer unha lectura previa do exame, en voz alta para toda a clase.
- De vez en cando, despois de ter comezado o exame, achegarse á súa mesa e preguntarlle se ten algunha dúbida, así como animalo a preguntarnos se non entende algo ao longo do exame.
- Sempre que sexa necesario, débese proporcionar tempo adicional nas probas de avaliación escritas e/ou reducir o número de preguntas a contestar.
- . Avaliar as probas e traballos en función do contido, non da presentación.
- . As faltas de ortografía non deben influir na puntuación ou resultado final dos exames igual que no resto dos compañeiros.
- . Plantexar alternativas complementarias de avaliación ao exame escrito: exame oral, presentación dun proxecto/traballo previamente estruturado. ...
- Cambiar formato do exame escrito (enunciados curtos, destacar palabras claves dos enunciados, actividades de relacionar con apoio visual, por un exemplo, presentar unha demanda por pregunta...).
- Considerar o caderno de traballo como ferramenta de avaliación.



- Evitar realización de exames globais daquelas asignaturas que xa aprobara en avaliacións anteriores.
- Naquelas asignaturas que teña suspendido algunha avaliación, eliminar os temas aprobados ao longo do curso.

### Pautas específicas para lingua castelá e galega

1. Elaborar <b>diccionarios personalizados</b> de enriquecemento de vocabulario.	2. Utilizar <b>diccionarios con pestañas laterais</b> co abecedario incorporado.
<b>3. Con respecto a <b>dictados</b>:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Contemplar a posibilidade de que o alumno, en caso necesario, poida realizar o dictado a ordenador.</li> <li>- Dictados preparados.</li> <li>- Corrixir únicamente as faltas de ortografía que fagan referencia á regra ortográfica que nese momento se estea a traballar</li> <li>- Se desaconsella a realización de dictados a través de audio (grabacións) onde non se poida graduar velocidade nin pausas.</li> <li>- Non é aconsellable que o alumno deba copiar de novo un dictado por ter realizado moitos de erros ortográficos.</li> </ul>	
<b>3. Con respecto a <b>copiados</b>:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reducir a cantidade de texto a copiar.</li> <li>- Non utilizar frecuentemente como estratexia para reforzar lectura e escritura.</li> <li>- Se o alumno presenta unha disgrafía asociada, permitir que os copiados se realicen con ordenador.</li> </ul>	
<b>4. <b>libros de lectura obrigatorios</b>:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reducir a cantidade e adecuar os libros ao seu nivel lector.</li> <li>- Evitar a realización de exames. Avaliar a través da elaboración de traballos previamente estruturados ou da entrega de resúmenes por capítulos.</li> <li>- Respetar a vontade do alumno á hora de ler en voz alta.</li> </ul>	

### .Linguas estranxeiras

- Sinalar obxectivos mínimos de cada tema a nivel de vocabulario e gramática.
- Reducir a cantidade de vocabulario.
- Non corrixir as faltas de ortografía, permitindo a transcripción fonética das palabras (por exemplo; *orange-oranch*), priorizando a integración oral das mesmas.
- Permitir ter á vista en clase e en probas de avaliación as fórmulas de estruturación gramatical das frases (por exemplo, Suxeito + verbo + adxectivo + nome).
- Permitir ter á vista en clase e exámenes os esquemas de estruturación dos distintos tempos verbais (por exemplo, futuro: Pronome persoal + *will* + infinitivo).



- Reducir a cantidade de libros de lectura obrigatorios así como adaptalos ao seu nivel lector.
- Permitir avaliacións baseadas en maior medida no compoñente de comprensión oral - “listening”, que no de lectura –“reading” ou composición escrita - “writing”.
- tempos extra.

Táboa : métodos dispensativos e compensativos

<p><b>MÉTODOS DISPENSATIVOS:</b> “dispensan” ao alumno/a de facer algo que si non lle resultaría difícil pola dislexia. Son adaptacións de acceso, que reducen o traballo (este alumnado ten lenta velocidade de procesamento).</p>	<p><b>MÉTODOS COMPENSATIVOS</b> “compensan” as desventaxas que ten o alumno/a ; consisten en ayudas técnicas. Buscan facilitar ao alumno/a os procesos de aprendizaxe ou substituírlos</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dar previamente tema ou resúmenes, esquemas, mapas conceptuais (ver seguinte apartado).</li> <li>• Favorecer choivas de ideas.</li> <li>• Traballo en grupos e cooperativo.</li> <li>• Favorecer sobre-aprendizaxe para acadar a automatización.</li> <li>• uso de caderno de semántica u outro de gramática personalizado.</li> <li>• Animar á autocorrección (e non corrixirles constantemente)</li> <li>• Favorecer o skimming (lectura rápida) e scanning (busqueda de palabras).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grabar as leccións e explicacións.</li> <li>• Utilizar audio-libros.</li> <li>• Uso de soportes dixitais. (libro en pdf)</li> <li>• Tipografía adaptada.</li> <li>• Xogos de palabras e fonolóxicos.</li> <li>• Pizarra dixital.</li> <li>• Conversores de texto.</li> <li>• Programas de Mapas Mentais (ver seguinte apartado)</li> </ul>

**Tipografías para Disléxicos, accesibilidade (WEB, XOGOS, EXAMES, ETC.)**

- [Dyslexie](#) creada por un deseñador holandés especificamente para persoas con dislexia. Presenta certas características como acentuar a parte inferior dalgúns signos para evitar as rotacións, alongar os ascendentes e descendentes ou aumentar a apertura.
- [Sarakanda](#): creada por un deseñador e profesor universitario paraguaio para facilitar a lectura a persoas disléxicas. Inclúe letras que se asemellan á escritura a man, unha inclinación de dous graos para favorecer o sentido natural da lectura e brazos



centrais dalgunhas maiúsculas ligeiramente inclinados, o que rompe a simetría horizontal e facilita a lectura.

- <http://opendyslexic.org/> actualízase continuamente baseado en aportacións de usuarios disléxicos. A elección dunha tipografía axeitada pode supor a diferenza entre poder ler correctamente a información da páxina e non poder facelo.
- **Read Regular:** deseñada por Natascha Frensch. <http://www.readregular.com>
- **Lexia Readable:** baseada na tipografía Comic Sans <http://www.k-type.com/>
- **Sassoon:** recomendada para a dislexia e aprendizaxe da lectura (de pago).
- <http://www.text4all.net/dyswebxia.html>: web que mellora automaticamente a accesibilidade a textos web para disléxicos
- **Librosvivos.net:** extensión dos libros de texto de SM en Internet, con contidos didácticos interactivos e altamente motivadores para reforzar aprendizaxe e competencias básicas. Libros de ESO y Bachillerato y de 3º a 6º de Primaria: Para acceder aos contidos, hai que introducir un código do libro que se desexa, que se consegue seguindo as indicacións da páxina.
- **CmapTools**, programa para elaborar mapas conceptuais, mapas de Ideas, “Diagramas Causa-Efecto” ”, nun entorno de traballo intuitivo e fácil de utilizar.

## 7.-RECOMENDACIÓNS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO CON TRASTORNO ESPECÍFICO DA ESCRITURA (DISGRAFÍA)

Para facilitar a un alumno/a con disgrafía, hai unha serie de recomendacións:

- a) Facilitar copias do material e evitar ou minimizar copiar da pizarra, apuntes... ou darlle tempo extra.
- b) Darlle follas de exame personalizadas co seu nome, data... escrito previamente
- c) Darlle exemplos de traballos rematados e estruturalle por pasos o que debe facer
- d) En matemáticas facilitar uso de papel cuadriculado.
- e) Evitar escritura en folio blanco, permitirlle ter unha pauta por debaixo.
- f) Plantexar alternativas complementarias de avaliación ao exame escrito: exame oral, presentación dun proxecto/traballo previamente estruturado...



- g) Cambiar formato do exame escrito (enunciados curtos, destacar palabras claves dos enunciados, actividades de relacionar con apoio visual, por un exemplo, presentar unha demanda por pregunta...).
- h) permitir o uso do ordenador para realizar as probas de avaliación.
- i) Avaliar as probas e traballos en función do contido e coñecemento, non da presentación.
- k) As faltas de ortografía non deben influir na puntuación ou resultado final dos exames igual que no resto dos compañeiros.

### **8.-ALUMNADO PROCEDENTE O ESTRANXEIRO EN SITUACIÓN DE DESFASE CURRICULAR E/OU DESCOÑECEMENTO DE LINGUAS VEHICULARES**

Na circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que regula algunhas das medidas de atención á diversidade para a ESO, adica a instrución sexta ao alumnado procedente do estranxeiro. Sinala que as necesidades do alumno/a faranse a través da avaliación inicial que se debe realizar no momento da incorporación ao sistema educativo.

No caso de non poder conformarse grupos de adquisición das linguas e/ou de adaptación da competencia curricular, o alumnado deberá incorporarse ás MAD que cada centro poña en marcha, logo de informe de orientación. Este alumno deberá seguir un programa específico personalizado ata que o progreso na súa competencia curricular así o aconsello (será responsabilidade do dpto que corresponda elaborar cada programa específico personalizado e o seguimento do progreso do alumnado será responsabilidade do profesorado que imparta a área no curso no que este matriculado o alumno/a).



## MODELO DE INFORMACIÓN Á FAMILIA SOBRE PROGRAMAS ESPECÍFICOS

### *MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ADOPTADAS*

Nome e Apelidos:

Curso:

Titor/a:

Dificultades ou necesidades educativas concretas que presenta o alumno/a:

Medidas curriculares non significativas que o I.E.S. pon en funcionamento para atender ditas dificultades ou necesidades educativas (Sinalar).

Programa de reforzo de áreas ou materias instrumentais básicas (contrato-programa liña 2)

Plan específico personalizado.

Outro:.....

Mediante a presente se informa á familia ou titores legais do contido e a incorporación do alumno/a ás medidas arriba sinaladas, de conformidade co establecido no el artigo 8 do D. 229/2011 que regula a atención á diversidade do alumnado en Galicia.

En Lalín , a..... de ..... de 202

Pai, nai ou representante legal

Titor/a

Orientadora





**COMPROMISO EDUCATIVO COA FAMILIA**

Co obxecto de estreitar a colaboración entre profesorado e pai/nai ou representantes legais do alumno/a: \_\_\_\_\_, e trala reunión de titoría mantida, se suscribe o seguinte compromiso educativo, para procurar un axeitado seguemento do proceso de aprendizaxe do fillo/a.

D. /Da \_\_\_\_\_, pai, nai ou representante legal do alumno/a, matriculado/a no IES Laxeiro no curso escolar \_\_\_\_\_, no grupo \_\_\_\_\_, e D./Da. \_\_\_\_\_ en calidade de titor/a, se comprometen a:

**COMPROMISOS QUE ADQUIERE A FAMILIA (Sinalar):**

- Asistencia ao centro co material necesario para o seguimento e realización das tarefas de clase.
- Seguimento diario da axenda de clase e as tarefas propostas nela.
- Entrevista semanal, quincenal, mensual, trimestral co titor/a do alumno/a(subliñar)
- Outros:

**COMPROMISO QUE ADQUIRE O CENTRO (Sinalar):**

- Entrevistas co pai, nai ou representante legal do alumno/a coa periodicidade establecida
- Información detallada das medidas personalizadas aplicadas
- Establecemento de tarefas concretas e personais. Describir:

Outros:

En Lalín, a .....de..... de 202.....

Pai, nai/ representante legal

Titor/a

VoBo Director/a ou xefe/a de Estudos



# PROGRAMACIÓN PLAN DE APOIO DO PROCESO DE ENSINANZA APRENDIZAXE (AULA AL e DOCENTES PT)

IES Laxeiro

Curso **2020/2021**



## ÍNDICE

<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>111</b>
<b>PROFESORADO</b>	<b>112</b>
<b>ALUMNADO</b>	<b>112</b>
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>112</b>
<b>ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN</b>	<b>114</b>
<b>ADAPTACIÓNS CURRICULARES</b>	<b>115</b>
<b>METODOLOXÍA</b>	<b>115</b>
<b>RECURSOS</b>	<b>116</b>
<b>AVALIACIÓN E SEGUIMENTO</b>	<b>117</b>
<b>REFERENCIAS LEGAIS</b>	<b>118</b>
<b>HORARIO E LISTADO DE ALUMNADO ATENDIDO</b>	<b>118</b>



## Introdución

Na medida en que a educación obrigatoria é un dereito de tódolos nosos alumnos e alumnas, debemos facer todo o posible para que todos eles aprendan e progresen, buscando diferentes vías didácticas que lles permitan acadar con éxito os obxectivos educativos. Estas medidas curriculares refírense tanto a axudas concretas que podan precisar os alumnos en determinados momentos para superar algunha dificultade, ata axudas permanentes e continuas ao longo da súa escolaridade.

Dende a Aula de Apoio patexámonos a formación integral deste alumnado procurando os apoios necesarios para que ao remate da súa escolaridade o alumno desenvolva ao máximo as súas competencias e poida beneficiarse de todo aquilo que o noso sistema educativo é capaz de ofrecerlle. Prestaremos especial atención en reforzar a súa aprendizaxe nas áreas instrumentais, así como ao desenrolo de capacidades básicas (atención, percepción, memoria, comprensión, razoamento, abstracción, organización...), proporcionándolle ao noso alumnado aprendizaxes significativas e funcionais que lle permitan un mellor desenvolvemento persoal e académico.

Para que dita tarefa sexa o máis produtiva posible, requirirá a colaboración e coordinación entre as diferentes persoas implicadas na vida docente do alumno (familias, titores, profesores de área, mestra de pedagogía terapéutica, mestra de audición de linguaxe, orientadora) e a dinámica do propio centro; será a través de todos eles que se levarán a cabo estratexias específicas dirixidas a mellorar a interacción e integración social e académica destes alumnos, posibilitando a súa participación activa nas diversas actividades escolares e compartindo situacións comúns de traballo cos seus compañeiros de clase.

Aproveitando deste xeito o instituto como un espazo privilexiado no que se comparte e convive con persoas que proceden doutros grupos culturais ou sociais e se aprende a valorar e a respectar a diversidade, procurando unha maior calidade educativa para todos.

A atención de P-T é unha medida extraordinaria para atender ao alumnado con NEAE ou NEE, ou aquel outro que o precise xustificado pola Xefatura do DO.

A súa intervención debe realizarse por proposta da xefatura do DO, realizada á Xefatura de Estudos (Orde do 27 de decembro de 2002 necesidades educativas especiais (DOG 30/01/2003). As principais funcións:

- A intervención desenvolverase de xeito habitual dentro da aula, non podendo estar fóra máis de 1/3 da xornada escolar.
- Asesorar e coordinar ao resto do equipo docente.
- Orientar ao profesorado que imparte docencia ao ANEAE, ao propio alumnado, ás súas familias e a comunidade educativa en xeral.
- Colaborar co profesorado na elaboración das ACS, así coma no seu seguimento e avaliación.



- Elaborar propostas para o plan de orientación académica, plan de acción tutorial e plan de atención á diversidade.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e medidas de atención á diversidade, valorando as necesidades educativas e desenvolvendo programas de intervención.

### **Profesorado**

O alumnado con N.E.A.E. será atendido pola mestra de Pedagogía Terapéutica que manterá canles de colaboración co profesorado que traballa directamente con eles. Traballará co alumnado que ten AC nas materias de LC, LG e MAT, polo cal será precisa a coordinación con ditos especialistas. Ademais este alumnado conta co profesor/a titor/a, coa orientadora, e cos demais profesionais do centro, para que se produza o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Este curso ademais da actual PT temos outra docente de PT compartida co outro instituto da zona (ver horario máis abaixo).

### **Alumnado**

No que respecta ao alumnado do centro que presenta necesidades e que vai ser atendido pola profesora de apoio do centro, dicir, que en setembro, comezaran os apoios, dentro da aula ordinaria, dos alumnos con Adaptación Curricular. Estes apoios concentraranse nas áreas de matemáticas, lingua galega e lingua castelá.

Ademais do alumnado citado con anterioridade, e tendo en conta que se incorpora o centro novo alumnado, despois da realización das avaliacións iniciais no mes de outubro, valorarase a posibilidade da atención e apoio por parte da mestra de P.T.

### **Obxectivos**

Os obxectivos que nos plantexamos diríxense a paliar, na medida do posible, as necesidades detectadas a nivel de centro, alumnado e país.

- a) Con respecto ó centro:
  - Colaborar cos profesores na detección e prevención dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo.
  - Asesorar nas medidas de atención á diversidade para así dar resposta ás necesidades educativas que presenten os nosos alumnos/as actuais e nos cursos sucesivos.
  - Colaborar cos profesores na elaboración de Adaptacións Curriculares nos caso de que se precisara.
  - Axustar a organización dos horarios de apoio e a realización de materiais para levar a cabo algúns programas.



- Garantir a máxima coordinación entre todos os profesionais que atenden aos alumnos/as con a.c.n.e.a.e.
  - Fixar criterios para asegurar unha mellor atención educativa dos a.c.n.e.a.e.
  - Optimizar os recursos existentes no centro, tanto persoais como materiais, procurando incrementalos en función das necesidades detectadas.
  - Mellorar os canles de colaboración entre o profesorado que intervén co alumnado.
  - Establecer contactos e vías de colaboración con diferentes entidades ou especialistas que podan axudarnos no desenvolvemento de programas ou actuacións concretas encamiñadas a unha mellor formación persoal e académica do alumnado.
- b) Con respecto ós alumnos/as:
- Adaptar os procesos de ensinanza ó estilo de aprendizaxe e o ritmo de traballo de cada alumno/a e favorecer o desenvolvemento persoal, a autonomía e as relacións sociais.
  - Educación de calidade para todos.
  - Integrar aos alumnos na dinámica escolar.
  - Fomentar actitudes participativas.
  - Fomentar o desenvolvemento dos aprendizaxes básicos instrumentais.
  - Adaptar os contidos as súas capacidades.
  - Contribuír ó desenvolvemento da madurez emocional dos nosos alumnos/as.
  - Traballar todos aqueles prerequisites básicos para alcanzar unha boa aprendizaxe (memoria, atención, observación, razoamento...).
  - Desenvolver unha metodoloxía axeitada as características dos alumnos/as.
  - Procurar que estes alumnos/as acudan con regularidade para conseguir a continuidade co proceso de ensinanza - aprendizaxe require.
  - Consolidar a utilización das ferramentas dixitais no desenvolvemento das súas actividades ( aula virtual, E-Dixgal, classroom, ...)
- c) Con respecto ás familias:
- Fomentar actitudes participativas nas actividades propostas e deseñadas para os seus fillos, a través das diferentes plataformas dixitais empregadas polo centro.
  - Garantir un coñecemento real e positivo das posibilidades e limitación dos seus fillos.
  - Garantir súa relación e contacto cos distintos membros da comunidade educativa.



### **Actividades e temporalización**

No referente ás actividades planificadas e a súa temporalización, destacamos tres momentos:

- a) Actividades de setembro e outubro
  - Claustro inicio de curso.
  - Elaboración de horarios.
  - Avaliación inicial do alumnado, levada a cabo en outubro, colaborando cos distintos especialistas que teñen alumnado con AC, así como doutros que se
  - Reunións co profesorado e colaboración na realización de AC.
  - Revisión documentos do centro, regulamento, programacións anteriores, memoria do curso pasado.
  - Revisión informes anteriores do alumno de cara a coñecer as características, necesidades, competencias e todos aqueles aspectos relevantes que proporcionen información de cara a establecer un apoio adecuado con cada alumno para que alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades.
  - Creación de grupos de traballo.
  - Deseño das intervencións a levar a cabo con cada alumno.
  - Programación de actividades.
  - Elaboración e adaptación do material.
  - Demanda de recursos necesarios para a aula e para o traballo con cada alumno.
  - Fomentar o emprego das ferramentas e-learning.
- b) Actividades para todo o curso
  - Implementación das intervencións co alumnado.
  - Intervención directa con cada alumno, establecendo sesións conxuntas co profesorado de área.
  - Asesoramento mutuo do profesorado.
  - Seguimento do alumnado en colaboración co titor e profesores implicados.
  - Deseño de instrumentos, técnicas e rexistros de avaliación.
  - Intercambio de información e reunións periódicas coas familias.
  - Elaboración e adaptación do material.
  - Realización de cursos de formación.

- Avaliación continua do alumnado.
  
- c) Actividades xuño
  
- Avaliación final del alumnado.
  
- Avaliación das intervencións co alumnado.
  
- Realización dos informes e memoria final de curso.
  
- Toma de decisións para o próximo curso.

### **Adaptacións curriculares**

Para a elaboración das ACIs tomaremos como referente as competencias clave e os Obxectivos Xerais de Etapa polos que se rixen as ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Non obstante, e dado o carácter xeral de ditos obxectivos, consideramos interesante definir obxectivos e contidos específicos, cun nivel de concreción máis axustado ás características e necesidades destes alumnos.

No Documento de Adaptación Curricular Individual reflexarase toda aquela información persoal e académica que se considere significativa en relación cos seguintes puntos: datos de identificación, necesidades educativas, nivel de competencia curricular, estilo de aprendizaxe, contexto escolar, contexto sociofamiliar, seguimento, avaliación (criterios e estándares de aprendizaxe avaliados) e recursos.

Actualmente hai un alumno que repite en 1º ESO con ACI en: BiXe, LCeL, LGeL, Ingl e Mat. Está escolarizado no centro outra alumno que pasa a 2º ESO con ACI en: BiXe, LCeL, LGeL, Ingl, Mat e XeHi. Pero revisados os expediente de primaria posiblemente se tome a decisión de elaborar 1 ACI máis a alumnado que o precisa.

### **Metodoloxía**

En liñas xerais, acomodarase o proceso de E-A ás condicións particulares de cada alumno/ao que permitirá unha flexibilización metodolóxica, organizativa e de cooperación familiar. Polo tanto, trátase de que a cada alumno/a se lle ensine partindo dos seus coñecementos previos e respectando o seu ritmo persoal de aprendizaxe.

Esta filosofía de traballo, enmárcase dentro dunha concepción constructivista da aprendizaxe que promove unha atención integral partindo do nivel de desenvolvemento do alumnado e asegura a construción de aprendizaxes significativas e funcionais. Así, os contidos a traballar deben ter unha significatividade lóxica (estrutura e presentación coherente e organizativa) e psicolóxica (axustados ao nivel de desenvolvemento e aos coñecementos previos do alumnado).

Outros principios metodolóxicos que se terán en conta son:



- O principio de actividade eminentemente participativa onde os alumnos sexan verdadeiros artífices da súa aprendizaxe;
- A individualización, formulando unha resposta concreta ás necesidades do alumnado;
- A socialización, dentro dun clima de confianza e respecto;
- A funcionalidade, fomentando as expectativas de logo no alumno e tendo en conta os intereses ao mesmo tempo que se procura desenvolver hábitos de esforzo e responsabilidade;
- A dotación ás actividades dun aspecto lúdico e a xeneralización a outros contextos das aprendizaxes obtidas.

Todos estes principios teranse en conta dentro dun enfoque globalizador. As interaccións son fundamentais, polo que se favorecerá as relacións interpersoais de modo que permitan un traballo cooperativo. Tamén será importante potenciar as aprendizaxes que contribúan a que o alumnado adquira a capacidade de aprender por si mesmo dun xeito autónomo, informándoos sobre o seu proceso de aprendizaxe. Esta metodoloxía é a que mellor favorece o desenvolvemento das competencias clave.

Tendo en conta todo o anterior se potenciará unha metodoloxía integradora, na que participe toda a comunidade educativa e terá un carácter revisable e flexible. Ademais será adaptada aos modelos de formación que sexan desenvolvidos ao longo do curso atendendo a situación sanitaria, isto é, ensinanza presencial, semipresencial ou non presencial, para o que se potenciará dende o comezo do curso a utilización da distintas plataformas dixitais de formación empregadas no centro.

### **Recursos**

O centro dispón dunha pequena aula situada no primeiro andar do pavillón A, compartida con Audición e Linguaxe, na que se habilitan as clases de Apoio nos casos nos que sexa necesario actuar especificamente.

Potenciaremos a colaboración entre os diferentes recursos persoais de que dispoñemos: alumnos, pais, titores, profesores de área, profesora de pedagogía terapéutica, orientadora, e calquera outro profesional que incida directamente sobre a marcha académica do noso alumnado (logopeda externa, psicólogos)

Entre os recursos materiais que utilizamos con frecuencia destacamos:

- Libros de texto de áreas instrumentais básicas (selección de actividades )
- Cadernos de recuperación de cálculo, lectura e escritura.
- Cadernos específicos de recuperación e estimulación.
- Fichas elaboradas de traballo persoal.
- Dicionarios de Lingua Galega e Castelá.



- Dicionarios en imaxes .
- O ordenador e a tablet como ferramenta de traballo, e acceso a internet.
- Xogos didácticos reais ou virtuais.
- CD-ROM de axilidade mental “Activa tu mente”.
- Páxinas Web: Portal de Contidos Educativos para a Diversidade da Xunta de Galicia, Orientación Andujar, Blog de Superpt, Actiludi, matematicascercanas, didactalia, e-cognitiva, elrincondelaprendizaje, etc

O centro participa do programa EDixgal co cal o alumnado disporá de tabletas complementando material escolar con libros de texto de préstamo do centro (se o desexa), a docente empregará dita ferramenta para as clases.

O centro participa do programa E-Dixgal co cal o alumnado disporá de ordenadores complementando material escolar con libros de texto de préstamo do centro (se o desexa), a docente empregará dita ferramenta para as clases.

### **Avaliación e seguimento**

Realízase unha avaliación inicial ao comezo do traballo específico con cada alumno, para saber o nivel de competencias en cada área adaptada e establecer un punto de partida para o proceso de ensino-aprendizaxe. Así mesmo, avaliación e observación continua sobre dito proceso para facer os reaxustes e modificacións oportunas.

Por último, valoración final dos progresos obtidos e da idoneidade dos diferentes elementos aplicados: materiais, metodoloxía, organización e temporalización...

Periodicamente e a medida que sexa posible, realizaranse pequenos controis orais e escritos específicos (exactitude e velocidade lectora, comprensión, caligrafía , ortografía, expresión escrita, numeración, cálculo matemático, razoamento de problemas , conceptos básicos).

Nas Adaptacións Curriculares o alumno será avaliado en función dos criterios fixados nestas especificamente, realizándose un seguimento trimestral coincidindo coas avaliacións xerais do grupo-clase. Ao longo do curso, segundo as necesidades detectadas, establécense reunións cos diferentes profesores implicados nas que se realiza o seguimento e valoración do traballo cos alumnos, modificando e facendo os axustes necesarios de cara a obter un mellor rendemento.

Para cada alumno realizarase con un informe final no que se reflexe entre outros aspectos, o aproveitamento, o rendemento e a actitude , sendo punto de referencia para o traballo do curso seguinte.

### **Referencias legais**

- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.



- Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 120/1998 do 23 de Abril que regula a Orientación en Galicia.
- Orden 24 de Xullo /1998 que establece Organización e Funcionamento da Orientación en Galicia.
- Orden 6 de Outubro/1995 que regula Adaptacións do Currículo nas Ensinanzas de Réxime Xeral.

Lalín, 1 de outubro de 2020

**HORARIOS MEMBROS DPTO E DOCENTES/PERSOAL ATENCIÓN ACNEAE**

<b>PT</b>	<b>Apelidos e Nome</b>	NURIA GÓMEZ LÓPEZ
-----------	------------------------	-------------------

Sesión	Hora	LUNS	MÉRCORES	Hora	MARTES	XOVES	VENRES
1ª	8:50-9:35	1º ESO D GALEGO 7 ALUMNOS		8:55-9:45			
2ª	9:35-10:20	1º ESO D MATEMÁTICAS 7 ALUMNOS	1º ESO C CASTELÁN 9 ALUMNOS	9:45-10:35	2º ESO A MATEMÁTICAS 10 ALUMNOS	1º ESO C CASTELÁN 9 ALUMNOS	1º ESO A MATEMÁTICAS 4 ALUMNOS
3ª	10:35-11:20	2º ESO A CASTELÁN 10 ALUMNOS	1º ESO A GALEGO 4 ALUMNOS	10:55-11:45	1º ESO C CASTELÁN 9 ALUMNOS	REUNIÓN DPTO	1º ESO C GALEGO 9 ALUMNOS
4ª	11:20-12:05	1º ESO C GALEGO 9 ALUMNOS	ATENCIÓN PAIS	11:45-12:35	1º ESO D CASTELÁN 7 ALUMNOS	1º ESO D GALEGO 7 ALUMNOS	1º ESO C MATEMÁTICAS 9 ALUMNOS
5ª	12:20-13:05	1º ESO A 4 ALUMNOS	1º ESO C MATEMÁTICAS 9 ALUMNOS	12:55-13:45		2º ESO A MATEMÁTICAS 10 ALUMNOS	1º ESO D MATEMÁTICAS 7 ALUMNOS
6ª	13:05-13:50			13:45-14:35	1º ESO D MATEMÁTICAS 7 ALUMNOS	1º ESO D CASTELÁN 9 ALUMNOS	



7ª	13:50-14:35					GARDA	
----	-------------	--	--	--	--	-------	--

PT	Apelidos e Nome	EVA VÁZQUEZ VILA (COMPARTIDA CON IES ALLER ULLOA)
----	-----------------	---

